Informe

CONSELLO
DA CULTURA
GALEGA

A APRENDIZAXE DA LINGUA GALEGA NO ENSINO NON REGRADO DE ADULTOS

CENTRO DE DOCUMENTACIÓN
SOCIOLINGÜÍSTICA DE GALICIA

Pérez Magdalena, Rosario
A aprendizaxe da lingua galega no ensino non regrado de adultos / Rosario Pérez Magdalena. — Santiago de Compostela : Consello da Cultura Galega, Centro de Documentación Sociolingüística de Galicia, 2002. — 158 p. : il. ; 16,5 cm
DL X-XXX-XXXX . — ISBN 84-95415-63-1
1. Lingua galega-Informes. I. Consello da Cultura Galega. Centro de Documentación Sociolingüística de Galicia. II. Título

EDITA:
© Consello da Cultura Galega
Pazo de Raxoi, 2º andar
Praza do Obradoiro
15705 Santiago de Compostela
Tfno.: 981 569 020
Fax: 981 588 699
correo@consellodacultura.org

Deseño: [BARRO, SALGADO, SANTANA]

Realización:
Táktika Comunicación
Vigo

ISBN 84-95415-63-1
D. L.

A APRENDIZAXE DA LINGUA GALEGA NO ENSINO NON REGRADO DE ADULTOS

Director do CDSG
Henrique Monteagudo

Autora
Rosario Pérez Magdalena

CENTRO DE DOCUMENTACIÓN
SOCIOLINGÜÍSTICA DE GALICIA

ÍNDICE

I. INTRODUCCIÓN 7

II. PLANIFICACIÓN LINGÜÍSTICA E ADQUISICIÓN DA LINGUA 11

III. A ADQUISICIÓN DA LINGUA NO ENSINO NON REGRADO DE ADULTOS 17

3.1. Política educativa e marco legal da educación de adultos en Galicia 18

3.2. Os cursos presenciais de lingua galega no ensino non regrado de adultos 25

3.3. Artigos ou cursos de lingua en publicacións periódicas de carácter xeral ou especializado 73

3.4. A adquisición da lingua a través da televisión, a radio ou Internet 82

3.5. Material didáctico para a aprendizaxe da lingua no ensino non regrado de adultos 89

IV. CONCLUSIÓNS FINAIS 101

ANEXO I: TEMARIOS DOS DIFERENTES CURSOS PRESENCIAIS COMENTADOS 106

ANEXO II: EXEMPLOS DOS CURSOS DE GALEGO PUBLICADOS NA PRENSA 125

ANEXO III: COMPILACIÓN DE DATOS: TIPOLOXÍA DE CURSOS PRESENCIAIS E Nº. DE ASISTENTES FORMADOS NO PERÍODO 1983-2000 134

ANEXO IV: FONTES DOCUMENTAIS 144

BIBLIOGRAFÍA 150

O máis sincero agradecemento a todas as persoas, entidades ou institucións que solidariamente nos facilitaron os datos e a documentación necesaria para realizar este traballo, con especial mención para o *Informe de Política Lingüística e Normalización en Galicia* e máis o Centro de Documentación Sociolingüística de Galicia.

I. INTRODUCCIÓN

> ...a educación parece actuar a favor da conservación das relacións estructurais entre os grupos de clase social, ó tempo que cambia a relación estructural entre os individuos a través do éxito e do fracaso selectivos. (Bernstein, 1997:158)

Nestas últimas décadas vimos asistindo ó que poderiamos chamar unha democratización da educación. O recoñecemento universal do dereito das persoas á educación contribuirá, cando menos en teoría, a que todas as persoas, con independencia de sexo, idade, raza ou status social poidan ter acceso a unha educación digna.

Con todo, o sistema educativo actual aínda está moi lonxe hoxe en día de garantir unha educación que se poida chamar democrática. Un tratamento académico unificado para todos, sen ter en conta as desigualdades de medios e coñecementos con que se chega á escola, ó noso entender non contribúe senón a incrementar e incidir nesas desigualdades.

Pero se no ensino regrado queda moito por mellorar, no eido educativo a verdadeira materia pendente para a maioría dos países hoxe considerados "desenvolvidos" segue a ser sen dúbida a educación de adultos. Segundo C. Rosales López (1991), en 1981 a cifra de analfabetos na Comunidade Económica Europea situábase entre o catro e o seis por cento da poboación, o que viña a supor entre doce e quince millóns de persoas. Máis recentemente, en 1990, a Unesco informaba de que o analfabetismo afectaba a máis de 960 millóns de adultos. Aínda así, a maioría dos estados negábanse e néganse aínda hoxe a recoñecer e asumir estas cifras porque, entre outras moitas cousas, están a reflectir un evidente fracaso na posta en marcha das respectivas políticas educativas.

No que se refire á materia de lingua, aínda que todos os especialistas coinciden en que o ámbito académico non é suficiente por si mesmo á hora de adquirir unha competencia total nunha determinada lingua, non cabe dúbida de que mesmo no caso de linguas maternas este é decisivo para completar e perfeccionar a competencia lingüística adquirida previamente ou simultaneamente noutros ámbitos considerados naturais. No caso de linguas en proceso de normalización, coma a galega, o ensino regrado convértese nun ámbito de vital transcendencia para a supervivencia e total normalización do idioma pois en principio

debería garantir a continuidade deste naquelas camadas máis novas para as que o galego deixou de ser lingua materna. Desafortunadamente, hoxe coñecemos datos que constatan que por múltiples razóns o ensino regrado non está a dar os froitos esperados.

Aínda así, como ben pode deducirse do título do presente informe, non será o ensino regrado da lingua senón o non regrado o núcleo temático desta investigación; ámbito realmente infravalorado ó que se lle concedeu escasa importancia nos diferentes estudios sociolingüísticos que se realizaron ata o momento.

Así pois, se historicamente o ensino do galego para adultos non desempeñou un papel determinante no proceso de planificación e normalización do noso idioma, pensamos que na actualidade este é un campo que hai que ter moi en conta se o que se pretende é a plena normalización da lingua. Pensemos non só en todas aquelas persoas que nunca recibiron un ensino do/en galego, e polo tanto carecen dunha competencia plena no seu idioma, senón en todas esas outras que a pesar de teren recibido formación en lingua galega sufriron as eivas do actual sistema educativo. Parece evidente que unha actuación que abranga simplemente os diferentes niveis do sistema educativo oficial non será suficiente, xa que, ¿que pasará con todas esas persoas que xa remataron o seu período de formación, que constitúen a cerna da sociedade activa e que na súa maioría non empregan a lingua galega na súa actividade diaria, ben por teren adquirido unha serie de prexuízos ben por careceren da formación lingüística axeitada?

O que realmente urxe é a posta en marcha dun sistema educativo para adultos permanente, serio e regrado que a través dunha planificación previa cubra a total carencia de formación lingüística daquelas persoas que nunca foron escolarizadas en galego, complemente posibles deficiencias na formación daquelas outras que si o foron pero que non obtiveron os resultados desexados e, sobre todo, contribúa á ampliación de coñecementos lingüísticos no relacionado coas novas tecnoloxías ou a introducción da lingua en sectores científicos e sociais novidosos.

Neste informe, que se enmarca dentro doutra investigación máis ampla que se desenvolveu no seo do Consello da Cultura Galega, o Informe sobre Política Lingüística e Normalización en Galicia, realizamos unha primeira aproximación a este descoñecido tema do ensino non regrado da lingua galega para adultos.

Estabamos realmente interesados en poder comprobar con datos serios e fiables, a poder ser fornecidos polas mesmas entidades implicadas no tema, se realmente as nosas hipóteses iniciais tiñan fundamento: en primeiro lugar, a percepción dunha *total marxinación da política de educación de adultos dentro da política educativa en xeral*; en segundo lugar, a crenza de que *calquera proposta de educación lingüística para adultos en Galicia debería xurdir necesariamente dunha previa planificación da adquisición da lingua*; consecuentemente, a clara sospeita de que as carencias *do actual sistema de ensino non regrado de galego se debían principalmente a unha falta de planificación desta adquisición* e, en último lugar, aínda que non menos importante, o firme convencemento de que *unha educación lingüística permanente para adultos, integrada dentro dun sistema de educación de adultos serio e regrado, sería peza clave para o mantemento e recuperación de falantes e polo tanto a plena normalización do noso idioma*.

Unha vez presentados os nosos obxectivos, reiteramos o carácter de primeira toma de contacto co tema que este traballo ten, subliñamos a súa natureza de investigación non pechada e adiantamos o noso especial interese por completar en posteriores edicións as liñas de investigación aquí iniciadas.

A nosa investigación estructurarase en dous apartados principais, ademais da introducción que neste intre nos ocupa e un capítulo globalizador de conclusións finais.

Destes dous apartados nucleares o primeiro deles titúlase "Planificación lingüística e adquisición da lingua", onde reflexionamos sobre o marco teórico no que ó noso entender debe inscribirse calquera proposta de adquisición da lingua para adultos, en especial de linguas minorizadas coma a nosa.

O segundo capítulo, que titulamos "A adquisición da lingua galega no ensino non regrado de adultos", constitúe a cerna deste traballo. Neste apartado damos conta, a través dunha avaliación tanto cuantitativa coma cualitativa, da situación da lingua galega neste ámbito. Este capítulo estructúrase pola súa vez en cinco subapartados.

O primeiro deles, “Política educativa e marco legal da educación de adultos en Galicia”, traza o contexto para a posterior análise que se fará do ensino non regrado da lingua. Neste apartado ofrécese unha breve panorámica da situación actual e do proceso de evolución que a educación de adultos sufriu no contexto galego, partindo para isto dunha análise previa da educación de adultos noutros contextos máis amplos coma o español ou mesmo o europeo.

A continuación, no seguinte apartado, "Os cursos presenciais de lingua galega no ensino non regrado de adultos", ofrecemos unha análise da situación do galego nesta modalidade de ensino.

Para a realización deste estudio foi precisa unha fase exploratoria previa onde se lle solicitou información e datos a todas aquelas persoas, entidades, organismos ou institucións implicados neste tipo de actividade. Foi imprescindible nesta ampla fase (onde se contactou con arredor de 400 entidades) a colaboración e asesoramento do equipo de investigadores do Informe de Política Lingüística e Normalización en Galicia (IPLN), do Consello da Cultura Galega, que puxeron ó noso alcance todos os medios para o establecemento e mantemento destes contactos.

Outra modalidade de ensino non regrado que acaparou a nosa atención no terceiro dos subapartados deste capítulo foi a publicación de "Cursos ou artigos de difusión en xornais ou revistas de carácter tanto xeral coma especializado". Dada a imposibilidade de revisar un por un todos os xornais editados desde os anos 70 ou consultar todas as publicacións periódicas con algún contido de lingua que se publicaron en todo este tempo, decidimos ofrecer simplemente unha mostra representativa que servise para dar conta dalgunha das iniciativas levadas a cabo neste terreo. Así, se no que respecta ós cursos de lingua publicados nos xornais fixemos unha busca exhaustiva (o que non quere dicir que non se publicasen máis cursos dos que aquí se comentan), no tocante ós artigos das publicacións periódicas consideramos adecuado limitarnos a unha mostra representativa neste eido como pode ser a constituída polos artigos de difusión publicados nas revistas que garda nos seus fondos o Centro de Documentación Sociolingüística de Galicia (CDSG) do Consello da Cultura Galega.

Unha vez localizado todo este material, realízase unha pequena análise destes cursos e artigos para dar conta, a modo de exemplo, dalgunhas das iniciativas que empregando esta canle de comunicación contribuíron tamén en boa medida á difusión da lingua galega.

O cuarto destes subapartados pretende dar conta daqueloutras iniciativas desenvolvidas no ensino non regrado da lingua, esta vez a través doutros medios de comunicación coma a televisión, a radio ou Internet.

Con intención de que a análise se basease en datos rigorosos proporcionados polas propias entidades implicadas no tema, igual que xa se fixera no caso dos cursos presenciais de

lingua, establecemos unha fase previa de contactos con todas as emisoras de radio e canles de televisión, autonómicas ou locais, que na actualidade emiten na nosa comunidade. Posteriormente, a partir de todos estes datos, realizamos un pequeno percorrido a través da historia do ensino da lingua nestes medios.

Por último, interesábanos coñecer cales eran exactamente os recursos didácticos cos que contamos no ensino non regrado do galego. Aínda que a orientación e os obxectivos deste informe non permiten unha análise pormenorizada de contidos e métodos didácticos (interesante proposta que deixamos para unha vindeira ocasión), si conseguimos ofrecer unha pequena clasificación dos diferentes manuais, segundo a orientación dos seus contidos, para así poder valorar cales son as principais lagoas e carencias que neste terreo seguen a existir na actualidade.

Para a localización destes materiais recorremos tanto ós catálogos de publicacións das editoriais máis representativas de Galicia coma a diferentes bases de datos bibliográficas, principalmente á base de datos do ISBN e á base de datos BILEGA do Centro Ramón Piñeiro para a Investigación en Humanidades. Esta última resultou fundamental para obter a información necesaria sobre a orientación dos contidos dos diferentes manuais.

A investigación péchase cun breve capítulo onde, ademais de recoller todas as conclusións obtidas no transcurso deste traballo, achegamos algunhas suxestións que, na nosa opinión, contribuirían a mellorar a presente situación de precariedade.

II. PLANIFICACIÓN LINGÜÍSTICA E ADQUISICIÓN DA LINGUA

> Resulta importante recoñecer que a investigación non só consiste en falar do mundo, senón en actuar sobre el. (A. Chalmers)

Malia coincidir plenamente coa opinión de A. Chalmers, cremos tamén que para poder actuar eficazmente sobre o mundo cómpre antes reflexionar teoricamente sobre el. Así pois, antes de comezar a nosa análise sobre o ensino non regrado da lingua presentaremos a nosa propia proposta de marco disciplinar onde pensamos que debe localizarse todo proxecto de adquisición da lingua para adultos que se desenvolva nun contexto de aprendizaxe.

Tentaremos logo descubrir cáles serían as disciplinas que deberían intervir no proceso de adquisición da lingua no ensino de adultos, en qué grao deberían facelo e en qué nivel se atoparían unhas respecto das outras neste proceso. No esquema que a continuación presentamos e que liñas máis abaixo comentaremos, aparecen aquelas disciplinas que ó noso entender deberían ter un maior protagonismo en calquera proceso de adquisición da lingua galega por parte de persoas adultas. A xerarquización de disciplinas que defendemos neste esquema é só válida neste proceso de adquisición da lingua en concreto, polo que non debe entenderse que defendamos que para todos os efectos deba subordinarse a sociolingüística ó marco teórico xeral da educación de adultos ou a gramática á didáctica da lingua, por poñer un par de exemplos.

Este sería pois un marco disciplinar onde podería inscribirse a adquisición da lingua galega no ensino de adultos:



Como vemos, na nosa proposta ocuparía un primeiro plano o campo de coñecemento da educación de adultos. Parece evidente que cando nos poñemos a deseñar un posible método de adquisición da lingua o máis lóxico é que contemplemos en primeiro lugar en qué contexto se vai producir esa adquisición e a quén vai dirixida. Sería pois importante poder contar cunha teoría da educación de adultos sólida (xurdida da experiencia da propia práctica do docente) que servise de marco xeral nos procesos de adquisición das diferentes materias, no noso caso a lingua.

Segundo os teóricos Bryant e Usher (1992), a educación de adultos como campo de coñecemento carece dunha teoría e metodoloxía propias, o que levou ós diferentes estudiosos a valerse de teorías extraídas doutras ciencias sociais como a psicoloxía ou a socioloxía. Así, estes autores afirman en primeiro lugar que a educación de adultos debe liberarse da dependencia destas outras disciplinas teóricas, que en ningún caso poden converterse nas súas disciplinas fundamentais. En segundo lugar, propoñen buscar a fundamentación teórica na mesma práctica, nunha teoría non formal que proceda da práctica reflexiva do propio docente. Das características que Bryant e Usher propoñen para este campo científico escollemos dúas: *multidisciplinar* e sociopráctico. Subliñamos multidisciplinar porque consideramos que a educación (de adultos) é unha realidade demasiado complexa como para poder ser interpretada, con intención de intervir nela, desde unha única disciplina. En efecto, igual cós dous autores anteriormente citados tampouco nós cremos conveniente que se fundamente a educación de adultos sobre disciplinas alleas á propia realidade da educación pero, polo simple feito de que no proceso da educación actúan múltiples variables e factores (sociais, psicolóxicos, pedagóxicos...), unha teoría da educación que pretenda ser efectiva debe contemplar todas estas variables na súa propia fundamentación. Ademais, non podemos esquecer que no proceso da educación o que estamos é a transmitir coñecementos de moitas outras disciplinas, polo que unha teoría da educación de adultos que realmente estea baseada na práctica, á hora de establecer os seus fundamentos non debería quedar no plano abstracto do concepto *educación de adultos*, senón que para nós debería ter en conta cuestións coma qué tipo de coñecementos está a transmitir a eses adultos e de qué forma concreta debería facelo para que nun contexto determinado a adquisición sexa a máis axeitada. Xustificada pois a multidisciplinariedade deste campo de coñecemento, pasamos á outra característica que consideramos fundamental: *sociopráctico*. Fundamentar a educación de adultos neste concepto ofrécenos cando menos as seguintes vantaxes que, por outro lado, consideramos transcendentais no caso da adquisición da lingua nos adultos: proporciona un uso práctico do coñecemento (baseado na solución de problemas e polo tanto aplicable a curto prazo) e por outro lado permite contextualizar ese mesmo coñecemento.

Así, da educación de adultos en xeral pasariamos ó tema concreto que nos interesa, a adquisición da lingua galega neste contexto. Partindo da base de que este coñecemento debe ser práctico e ó mesmo tempo debe estar contextualizado, consideramos que as seguintes

disciplinas que deberían intervir neste proceso serían a sociolingüística e a planificación lingüística. Se ámbalas dúas son transcendentais no proceso de adquisición da lingua, como ben pode verse no esquema que antes presentamos, consideramos que para que a planificación lingüística sexa efectiva debe actuar baixo o marco disciplinar da sociolingüística, máxime no caso de linguas minorizadas coma a nosa.

¿Que é o que nos leva a pensar en primeiro lugar que é preciso unha intervención planificada da adquisición e en segundo lugar que esa planificación debe nutrirse dun estudio sociolingüístico previo? Para empezar non nos deteremos a xustificar se é ou non é positiva a planificación lingüística, é dicir, a intervención humana consciente sobre as linguas, porque o contexto que estamos a estudiar, o ensino, cando transcorre en circunstancias normais é o máis claro exemplo dunha adquisición planificada que proporciona grandes beneficios ás linguas en xeral e ás linguas minorizadas en particular. Ademais, consideramos que toda actividade humana que transcorre en ámbitos socializados provén case sempre dunha planificación previa, xa que a "non planificación" é tamén un xeito consciente e planificado de non intervir, é dicir, de "laisser faire". Así pois, defendemos que a adquisición da lingua, ó igual ca calquera outro proceso ou actividade onde se pretenda obter a máxima rendibilidade, debe responder tamén a unha planificación, a unha *planificación da adquisición*.

Desde que Haugen empregou por primeira vez en 1959 o termo planificación lingüística, múltiples e moi variadas interpretacións se teñen dado sobre este concepto. A distinción que posteriormente faría Kloss en 1969 entre planificación formal e planificación funcional sería sen dúbida unha das interpretacións que gozarían dun maior recoñecemento. Sen embargo, desde o punto de vista do estudio que nós estamos a desenvolver, é Cooper (1997) quen proporciona a visión máis interesante engadindo unha nova distinción ás dúas que xa ofrecera Kloss. En efecto, a grande innovación de Cooper é ofrecer unha tripla distinción entre os posibles tipos de planificación: planificación formal, planificación funcional e *planificación da adquisición*. O obxectivo último da planificación da adquisición é conseguir un maior número de falantes. Entre os obxectivos manifestos a curto prazo distingue Cooper estes tres: a adquisición como segunda lingua ou lingua estranxeira, a readquisición por falantes que xa a perderan ou o mantemento por parte de falantes que xa a posúen como lingua materna. Así mesmo, considera tres medios diferentes de acadar estes obxectivos:

-Os encamiñados principalmente a crear ou aumentar as *oportunidades* de aprender (programación de cursos de lingua, difusión da lingua en emisións de radio e televisión, producción de literatura ou prensa escrita nesa lingua...).

-Os encamiñados principalmente a crear ou aumentar os *incentivos* de aprender (un exemplo deste tipo no caso do galego podería ser a creación de probas de galego nas oposicións).

-Os encamiñados principalmente a crear ou aumentar ambos simultaneamente (por exemplo unha formación ocupacional continua que ó mesmo tempo aumentase a categoría profesional do aprendente).

Aínda que, como ben di Cooper, a planificación da adquisición dunha lingua abrangue moito máis cá planificación da instrucción lingüística, o certo é que o sistema escolar é o marco predilecto ó que acostuman recorrer os planificadores cando pretenden acadar ben a adquisición dunha determinada lingua como segunda lingua, ben o perfeccionamento da adquisición dunha lingua materna.

Parece pois evidente que o aumento do número de falantes, indispensable na plena normalización dun idioma, semella un obxectivo máis viable se o proceso responde a unha previa planificación da adquisición. Con todo, o mesmo autor subliña que "a planificación dunha lingua, xa se trate da súa forma, xa da súa función ou adquisición, nunca ocorre nun baleiro social". É máis, os factores sociais, e máis concretamente os sociolingüísticos, nos que se dá esa adquisición non só influirán senón que determinarán o seu éxito ou fracaso. Non debe resultar logo estraño que propoñamos que a planificación da adquisición deba fundamentarse ou integrarse nese marco teórico-práctico máis amplo que representa a sociolingüística.

En efecto, circunstancias coma o prestixio social do que goza a lingua en cuestión, a situación conflictiva ou non conflictiva na que se desenvolve no seu ámbito social, o número de falantes que a empregan, os ámbitos nos que é máis empregada, os usos sociais que lle dan os seus falantes, a súa posible natureza de lingua minorizada, etc. son factores que non só influirán senón que determinarán o éxito ou fracaso da planificación da adquisición dunha determinada lingua. É dicir, que tentar deseñar unha adquisición planificada da lingua galega para adultos sen ter en conta que estamos ante unha lingua minorizada en proceso de normalización, que mentres para algúns alumnos será lingua materna para outros será lingua segunda, que mesmo naqueles casos en que sexa lingua materna será unha lin-

gua fortemente interferida polo castelán, que non é empregada en todos os contextos sociais con normalidade, etc. non nos levaría máis ca a un rotundo fracaso. Lonxe de lograr unha competencia comunicativa plena nesa lingua[1], estariamos a conseguir simplemente unha competencia gramatical que moi dificilmente se convertería en uso.

Así, unha vez estudiado o contexto sociolingüístico do que partimos e os usos sociais ós que pretendemos chegar, podemos deseñar o método que consideremos máis oportuno para acadar os obxectivos desexados (adquisición, readquisición, mantemento...). Se o método escollido é un sistema de aprendizaxe, é dicir, un método de adquisición onde se require por parte do aprendente un esforzo consciente, entón a disciplina que nos pode ofrecer as ferramentas máis útiles é sen dúbida a didáctica da lingua.

A didáctica da lingua debe pois fornecernos da metodoloxía adecuada segundo o tipo concreto de adquisición que teñamos previamente planificado. Apoiándose nos fundamentos psicolingüísticos e pedagóxicos que se considere oportunos, neste caso tendo en conta que estamos a traballar con adultos, debemos atopar os procedementos máis axeitados para transmitir os contidos (conceptuais, procedementais e actitudinais) necesarios segundo o contexto concreto no que esteamos a traballar. Así, seguindo o proceso presentado no noso esquema, a didáctica da lingua debe operar seguindo os dictados da planificación da adquisición que previamente debería terse feito, e esta pola súa vez debe fundamentarse no marco disciplinar da sociolingüística, que lle ofrecerá as claves tanto da realidade lingüística de partida como da realidade lingüística que pretendemos acadar.

Como vemos no deseño do esquema, a gramática, ó contrario do que en principio podería pensarse, non posúe un papel protagonista neste proceso de adquisición da lingua, pois o seu papel é simplemente fornecer a didáctica da lingua de contidos conceptuais, os necesarios para acadar a competencia lingüística necesaria, que polo que vimos liñas máis arriba (véxase nota 1) é só un dos seis tipos de competencia necesarios para conseguir unha competencia comunicativa completa.

Esta é pois a nosa proposta de marco disciplinar onde podería encadrarse a adquisición da lingua galega no ensino de adultos. Desde o noso punto de vista, un sistema de ensino

1. Entendemos por competencia comunicativa plena a suma de competencia lingüística, competencia sociolingüística, competencia discursiva, competencia táctica, competencia socio-cultural e competencia social. (Monteagudo et alii, 1990).

de adultos serio e ben planificado sería sen dúbida unha das claves para a recuperación do número de falantes do noso idioma pois, seguindo a terminoloxía de Cooper, sería un contexto idóneo para acadar calquera dos obxectivos que este autor considera: adquisición (por parte dos adultos que teñan o castelán como lingua materna), mantemento (por parte dos adultos que teñan o galego como lingua materna) ou mesmo readquisición (por parte de adultos que aínda tendo o galego como lingua materna abandonasen boa parte dos seus usos e funcións en favor do castelán). Así mesmo, consideramos que, para que realmente fose efectivo, este sistema de educación de adultos debería estar orientado a ofrecer simultaneamente tanto os incentivos coma as oportunidades de aprender. Queremos dicir con isto, volvendo ó enfoque sociopráctico deste ensino, que a finalidade dos coñecementos non debe ser a posesión en si mesma destes, pois no caso da lingua temos que ter en conta que para os adultos a necesidade de comunicación está xa cuberta. Só conectando este tipo de educación co marco sociolaboral concreto dos aprendentes se crearán as necesidades e incentivos necesarios para que a persoa adulta se anime a realizar o esforzo que supón calquera proceso de aprendizaxe.

Sirva pois esta breve reflexión teórica para reivindicar a importancia real que a educación de adultos ten no proceso de recuperación dun idioma así como a necesidade dun sistema de educación de adultos serio e regrado que, respondendo a unha planificación lingüística previa, poida proporcionar a toda a sociedade unha competencia comunicativa plena no seu idioma.

III. A ADQUISICIÓN DA LINGUA NO ENSINO NON REGRADO DE ADULTOS

O resultado normal do proceso educativo é a Educación de Adultos. (E. Faure)

Con esta frase tan reveladora advertía xa en 1972 E. Faure, no seu célebre informe *Aprender a ser*, a grande importancia da educación de adultos dentro do sistema educativo en xeral. Con todo, a pouco que botemos unha ollada pola historia educativa da maioría dos países, observaremos que a educación de adultos é no mellor dos casos un simple apéndice educativo dentro do sistema de ensino xeral.

Como xa se dixo na introducción, o obxectivo principal deste informe é ofrecer unha visión xeral da situación da lingua galega no ensino non regrado de adultos en Galicia. Comezaremos por analizar a política educativa e o marco legal no que se desenvolve a educación de adultos na nosa comunidade para despois pasar a comentar máis polo miúdo a situación da lingua no ensino non regrado: tipoloxía de cursos de formación lingüística, adquisición da lingua a través de artigos de prensa ou de publicacións periódicas, emisións con contidos de lingua en medios de comunicación coma a radio, a televisión ou Internet e materiais didácticos con que contamos.

3.1. POLÍTICA EDUCATIVA E MARCO LEGAL DA EDUCACIÓN DE ADULTOS EN GALICIA

Tal e como apunta A. Requejo (1994) enténdese por política educativa "aquelas finalidades e orientacións que os diversos estados ou gobernos así coma os diferentes grupos sociais pretenden conseguir por medio da educación."

E. Faure, autor que citabamos ó comezo deste capítulo, aclaraba no seu informe de 1972 Aprender a ser cáles debían ser as catro características básicas da futura educación de adultos:

- *Carácter substitutivo* da educación básica para aqueles adultos que por diferentes razóns non puideran realizala.
- *Carácter complementario* da educación elemental e profesional.
- *Carácter prolongativo* para poder enfrontarse con éxito ás novas esixencias do medio.
- *Carácter perfectivo* para aqueloutros adultos que xa posuían unha educación de alto nivel.

Case trinta anos despois, a precaria situación da maioría dos sistemas educativos de adultos do noso contorno fai que as indicacións de E. Faure sigan a ter plena vixencia e deban considerarse aínda coma un desexo de futuro.

Pero antes de analizar a situación da política educativa en materia de educación de adultos en Galicia, parécenos imprescindible botar unha ollada ó contexto español e europeo.

En xeral podemos dicir que ata mediados do século vinte a política de educación de adultos ocupaba un lugar residual dentro das diferentes políticas educativas estatais e a súa

función era simplemente substitutoria. Só a partir da segunda guerra mundial (1945) "os cambios político-sociais, o desenvolvemento e a consolidación dos sistemas educativos nacionais así coma as transformacións científico-tecnolóxicas desta primeira metade de século vinte, facían necesario virar 'a vista' cara a unha educación específica para o mundo adulto." (Requejo, 1994: 21)

No nivel europeo os cambios máis importantes nesta materia déronse no marco da Unesco e do Consello de Europa.

Así, a Unesco, a través das diferentes conferencias internacionais que organizou, foi elaborando unha teoría propia con recomendacións elementais sobre o que debería ser a política de educación de adultos. Na primeira desas conferencias, en Elsinor (1949), fai un chamamento para a educación na paz e acadar "unha civilización máis completa e máis humana". Aínda que situada nun contexto moi concreto de posguerra, nesta conferencia deixábase ver xa a idea da necesidade dunha aprendizaxe continua servindo así de antesala para o concepto de educación permanente. Posteriormente, na conferencia de Montreal (1960) escóllese o lema da "educación dos adultos nun mundo en rápida transformación". Manéxase xa aquí o concepto de educación permanente, no que se sitúa a educación de adultos, como un dereito fundamental do individuo e unha calidade imprescindible de calquera sociedade en desenvolvemento. Na Conferencia Internacional de Tokio (1972) dáse un paso máis na elaboración da idea de educación permanente relacionando esta educación co desenvolvemento socioeconómico e propoñendo sistemas educativos integrados que deberían contemplar a educación formal, a formación e educación complementaria, a orientación profesional e a educación no medio rural. Na súa IV Conferencia Internacional (París, 1985), sería a educación de adultos o tema protagonista. A partir da idea de que a democratización está na base da educación de adultos, establécese un novo dereito fundamental: "o dereito para todos a aprender ó longo de toda a vida".

Así, a través de diferentes conferencias internacionais, estudios e publicación de documentos a Unesco foi facendo da educación permanente o principal alicerce da súa política educativa. Ademais, ofrecía a xeito de recomendación as principais bases, opcionais dependendo das necesidades de cada país, nas que debía sustentarse a planificación de obxectivos de toda educación de adultos: alfabetización, para reducir as aínda elevadas taxas de analfabetos; reducción de desigualdades, provocadas polas deficiencias dos sistemas educativos

actuais e polas inxustizas sociais; perfeccionamento e reorientación profesional así como capacidade de participación na vida política, social e cultural.

Polo que respecta ó Consello de Europa, entre as actividades que poden considerarse máis salientables en materia de educación de adultos A. Requejo (1994) cita as seguintes: Conferencia de Ministros Europeos de Educación (Estocolmo, 1975), Simposium sobre "Unha política de educación permanente para hoxe" (Siena, 1979), a Conferencia sobre "Educación de Adultos: perspectiva para os anos 80" (Estrasburgo, 1980), a Conferencia final do "Proxecto Nº. 9" do Consello de Europa (Estrasburgo, 1986), así como diferentes programas e actuacións relacionados co tema. Toda esta estructura organizativa creada polo Consello de Europa serve para abrir novas vías en materia de educación de adultos cumprindo ó mesmo tempo tres importantes funcións: unha función política (considerando a educación de adultos como servicio público creado a través dunha rede institucionalizada), unha función técnica (os obxectivos deben orientarse ó plano práctico das actividades tanto individuais coma sociais) e unha función educativa (orientando o proceso educativo ó desenvolvemento da comunidade e integrando a aprendizaxe nun proceso social, cultural e económico máis amplo).

Parece pois evidente que no plano teórico a educación de adultos e a educación permanente en xeral empezan a ser unha preocupación e un obxectivo prioritario nos diferentes debates desenvolvidos no nivel europeo na segunda metade do século vinte. Con todo, na práctica aínda hoxe en día se constata unha evidente marxinación da educación de adultos dentro dos diferentes sistemas educativos e se de feito o tema cobrou unha maior relevancia nestes últimos tempos dentro dos diferentes debates que se están a producir en Europa foi porque a situación empezaba a ser verdadeiramente alarmante.

Pasando agora ó contexto español, diremos que a historia da educación de adultos en España está marcada por tres etapas fundamentais:

1. Unha primeira etapa xira arredor da Lei xeral de educación de 1970. Por primeira vez esta lei, a través do seu artigo 44, deseñará unha política educativa específica para os adultos, que tomará forma concreta coa Orde ministerial do 26 de xullo de 1973, cando se pon en marcha o Programa de Educación Permanente de Adultos (EPA). Pouco a pouco vanse establecendo os diferentes niveis nos que debe actuar este programa: alfabetización (primeiro nivel), certificado de escolaridade (segundo nivel) e graduado escolar (terceiro nivel).

Aínda que esta lei ten o mérito de establecer por primeira vez un marco estable para a educación de adultos en España, debemos dicir tamén que os obxectivos estaban encamiñados tan só a un labor de compensación escolar no nivel de formación básica para aqueles adultos que non puideran recibila na súa infancia. Ademais, o feito de que non se creara unha infraestructura axeitada e específica para este tipo de educación e de que se construísen os programas curriculares seguindo os modelos dos da educación básica infantil provocou que os logros deste sistema non fosen nin moito menos os esperados.

2. Unha segunda etapa estaría marcada pola publicación do *Libro blanco de educación de adultos* (1986), que foi creado precisamente para revisar e mellorar todas as limitacións da Lei xeral de educación. Baseándose no principio de "continuidade", non compensación, da EXB reoriéntase a política educativa cara a tres obxectivos principais: desenvolvemento persoal, desenvolvemento económico e desenvolvemento cultural e participación social.

Outra das achegas importantes do *Libro blanco* foi o concepto de "distrito educativo", que poñía en relación a educación de adultos cos diferentes axentes institucionais e sociais.

Pero se en algo foi innovadora a política de educación de adultos proposta no *Libro blanco* foi na creación dun novo marco institucional onde se consideraban dous tipos diferentes de formación:

- Formación xeral, tanto formal ou regrada (educación permanente de adultos e educación a distancia) como non regrada (cursos non recoñecidos oficialmente dispensados por aulas de terceira idade, universidades populares, ateneos culturais...)

- Formación de carácter técnico orientada principalmente á capacitación no mundo laboral (cursos do INEM, cursos nas escolas de artes aplicadas e oficios...)

Unha vez máis temos que dicir que moitas destas propostas, debido á precariedade de medios e á falta dunha infraestructura axeitada, só conseguiron na práctica mornos resultados.

3. A terceira etapa está situada no contexto da Lei orgánica xeral do sistema educativo (LOXSE), de 1990, onde por primeira vez a educación de adultos contará cun apartado propio (título III: art. 51-54).

Os obxectivos que se pretende conseguir son os seguintes:

-Incrementar e actualizar a formación básica, obtendo unha titulación equivalente ó graduado en educación secundaria.

-Mellorar a cualificación profesional ou adquirir unha preparación para desenvolver outras profesións.

-Desenvolver a capacidade de participación na vida social, cultural, política e económica.

Outros aspectos importantes son a mención que se fai á "autoaprendizaxe", tanto a través do ensino presencial coma do ensino a distancia, así como a proposta de colaboración entre as diferentes administracións educativas e administracións públicas, conseguindo así unha acción transversal entre os diferentes axentes políticos, económicos e sociais á que xa se facía referencia no *Libro blanco*.

Pero tampouco esta lei completa suficientemente o baleiro legal no que se desenvolve a política de educación de adultos en España. Realmente, despois da publicación e recomendacións do *Libro blanco*, o que realmente se precisaba era unha lei específica de educación de adultos a nivel de Estado, como xa hai tempo teñen outros países coma Francia, Italia, Suecia... Polo de agora, no que se refire ó Estado español, haberá que conformarse cun apartado dentro da LOXSE que, dito sexa de paso, volve incidir excesivamente nos aspectos máis formais da educación.

Analizados pois o contexto europeo e español e as diferentes propostas xurdidas en materia de educación de adultos, pasaremos agora a analizar brevemente cál é o marco legal no que se desenvolve esta educación en Galicia.

Antes de calquera reflexión sobre o sistema educativo en Galicia é preciso dicir que trala aprobación do seu Estatuto de Autonomía, o 6 de abril de 1981, Galicia recibe competencia plena en educación, que debe situarse dentro do marco das normas constitucionais (art. 27 e 149.1.30). Así, no artigo 31 do citado Estatuto de autonomía recóllese o seguinte:

É de plena competencia da Comunidade Autónoma Galega a regulación e administración do ensino en toda a súa extensión, niveis e graos, modalidades e especialidades, no ámbito das súas competencias, sen prexuízo do disposto no artigo 27 da Constitución e das leis orgánicas que conforme ó apartado 1 do artigo 81 da mesma, o desenvolvan, das facultades que se atribúen ó Estado no número 30 do apartado 1 do artigo 149 da Constitución e da Alta Inspección necesaria para o seu cumprimento e garantía.

Aclarada pois esta circunstancia fundamental, seguindo a García Sánchez, M. C. e Requejo, A. (1994), comentaremos as catro etapas máis importantes nas que segundo estes autores se desenvolveu a educación de adultos en Galicia:

1. Unha primeira etapa, entre 1963 e 1973, caracterizada por unha importante actividade orientada a loitar contra o analfabetismo. A primeira acción importante desta etapa sería a chamada "Campaña nacional de alfabetización", lanzada polo goberno español en 1963. Posteriormente levaríase a cabo o "Programa de promoción profesional obreira", que pretendía introducir no sector industrial aqueles traballadores que sobraban no sector agrícola. Pero estas accións a penas tiveron repercusión no alto índice de analfabetismo que naquelas datas sufría Galicia (en provincias coma Lugo incluso aumentou naqueles anos) e unha grandísima parte da poboación activa preferiu probar mellor sorte na emigración cara a Europa ou América.

2. Unha segunda etapa sería a transcorrida entre os anos 1973 e 1986, coa creación e consolidación do "Programa de educación permanente de adultos". En efecto, en 1973 créase o programa EPA, que como vimos funcionou a nivel estatal. A consolidación deste programa permitirá nos últimos anos deste período a instauración en Galicia da educación de adultos a distancia, a través dos centros CEGEBAD, INGABAD ou ECCA.

Paralelamente a esta formación regrada funcionou tamén en Galicia neste período, aínda que de xeito moi marxinal e circunscrita sobre todo ó ámbito urbano, unha formación non regrada dispensada sobre todo en aulas de cultura, escolas sindicais, universidades populares...

3. A terceira etapa iníciase coa publicación do *Libro blanco de educación de adultos* (1986). Caracterízase esta etapa por unha continuidade das accións desenvolvidas polo programa EPA, centradas sobre todo no ensino regrado e na loita contra o analfabetismo e o baixo nivel de estudios que caracterizaba á sociedade galega.

Así pois tampouco en Galicia se cumpriron na práctica os principios e propostas que se apuntaban no *Libro blanco*, traducíndose esta situación nunha evidente marxinalidade da educación de adultos dentro do sistema educativo xeral. Os factores que os dous autores antes citados apuntan como principais causantes desta situación son os seguintes:

En primeiro lugar a falta dunha análise das necesidades educativas da propia poboación adulta; a falta de elaboración e estudio dun currículum específico. En segundo lugar, a falta dun plan integral de educación de adultos que teña en conta as especiais características sociais, económicas, culturais e lingüísticas da poboación galega. (García Sánchez, 1994: 322).

4. Por último, unha cuarta etapa marcada pola publicación da Lei galega de educación e promoción de adultos (1992). Como xa vimos liñas máis arriba, ante a marxinalidade que caracterizaba o tema da educación de adultos dentro da LOXSE, autonomías con competencias plenas en educación como Andalucía (1990), Cataluña (1991) ou Galicia aprobaron as súas propias leis específicas de educación de adultos.

No caso galego, entre os obxectivos desta lei están:

- A formación básica entendida como aprendizaxe complementaria dunha formación anterior que non cumpre as esixencias da sociedade actual.

- A formación para o mundo laboral, tanto como aprendizaxe inicial como actualización e ampliación de coñecementos xa adquiridos.

- A formación e actualización cultural con especial incidencia no coñecemento do idioma e cultura galegas.

Como vemos, todo este tempo estivémonos a referir ó marco legal da educación de adultos en xeral, tanto no seu sistema de ensino regrado como no non regrado, aínda que só este último é tema do presente informe. Se o fixemos así foi porque cremos que non se pode analizar nin entender a situación da lingua no ensino de adultos non regrado sen termos unha clara noción do marco legal da educación de adultos en xeral.

Aínda así, ademais das diferentes leis ás que xa fixemos referencia liñas máis arriba por teren sido determinantes na delimitación das catro etapas da educación de adultos en Galicia que antes citabamos, gustaríanos para rematar facer referencia ó último decreto publicado na nosa comunidade que regula este tipo de ensino e comentar brevemente a tipoloxía de ensinanzas non regradas que nel se consideran. Estámonos a referir ó Decreto 88/1999, do 11 de marzo, polo que se regula a ordenación xeral das ensinanzas de educación de persoas adultas e os requisitos mínimos dos centros. [DOG do 13 de abril].

Este decreto, que actúa dentro do ámbito da Lei orgánica 1/1990, do 3 de outubro, de ordenación xeral do sistema educativo, e da Lei 9/1992, do 24 de xullo, de educación e promoción de adultos na Comunidade Autónoma de Galicia presenta a seguinte tipoloxía de ensinanzas non regradas orientadas ás persoas adultas:

1. Formación para a aprendizaxe de idiomas.

1.1. Cursos de iniciación e perfeccionamento de galego.

1.2. Ensinanza de idiomas conducente ó diploma de ciclo elemental e superior das escolas oficiais de idiomas.

2. Formación para o mundo laboral.

2.1. Programas de garantía social.

2.2. Formación para a obtención dos certificados de profesionalidade e programas que posibiliten a orientación e a inserción no mundo laboral, así como a promoción profesional, sen prexuízo das competencias da administración laboral.

2.3. Preparación para a proba de acceso ós ciclos formativos de grao medio e superior.

3. Preparación para as probas libres de bacharel e para o acceso á universidade.

4. Actividades de formación sociocultural.

Aínda que como se verá nos seguintes apartados deste traballo nós teremos en conta tamén outras tipoloxías de ensino non regrado da lingua, dispensado por entidades ou institucións variadas, en principio os dous tipos de ensino non regrado da lingua que a lei considera son os *cursos de iniciación e perfeccionamento do galego* e a *aprendizaxe da lingua que se desenvolve nas escolas oficiais de idiomas*.

Corroborada pois a nosa primeira hipótese do total fracaso e marxinalidade da política de educación de adultos dentro do sistema educativo en xeral, tanto en Galicia coma no conxunto do Estado español, pasaremos a continuación a analizar a adquisición da lingua galega no ensino non regrado de adultos, tanto dentro daqueles proxectos presentes na lei como dentro doutros moitos xurdidos ó longo do tempo a partir de diferentes iniciativas privadas.

3.2. OS CURSOS PRESENCIAIS DE LINGUA GALEGA NO ENSINO NON REGRADO DE ADULTOS

Cómpre dicir para empezar que, malia non ser a modalidade de “curso presencial” o único método posible de aprendizaxe dunha lingua, alomenos na nosa comunidade este foi con moito o máis empregado, tanto no ensino regrado coma no non regrado. É por isto que reparamos conscientemente un pouco máis nesta modalidade, aínda que en apartados posteriores falemos tamén da adquisición da lingua a través de artigos de prensa, a través de emisións de radio e televisión ou mesmo a través de Internet.

Nós advertimos dúas etapas principais no desenvolvemento do ensino non regrado da lingua en Galicia. Dado que os cursos/xornadas/escolas de verán presenciais supuxeron máis do 90 por cento da actividade formativa neste eido, agruparemos pois todas estas iniciativas de ensino non regrado dentro destas dúas etapas indicadas.

PRIMEIRA ETAPA:

Consideramos que a primeira etapa abranguería a segunda metade da década dos 60, toda a década dos 70 e boa parte da década dos 80. É unha etapa caracterizada polo espallamento de iniciativas privadas que proviñan na súa grande maioría do tecido asociativo e cultural do país. Unha etapa de serios compromisos e grandes vontades que debido á precariedade de medios, á falta de coordinación e ó escaso compromiso e apoio das institucións competentes, non daría os froitos desexados.

Desta primeira etapa a penas posuímos datos cuantitativos. A documentación ou ben se perdeu ou ben anda esquecida entre papeis nos faios dos diferentes mestres e intelectuais que protagonizaron as principais iniciativas pedagóxicas da época. Os datos que aquí se ofrecen están na súa maior parte rescatados de artigos publicados en revistas pedagóxicas coma a *Revista Galega de Educación, O Ensino, As Roladas-2*…ou de entrevistas mantidas con algúns dos principais activistas da época: Antón Costa (membro de Nova Escola Galega e ex-director do Instituto de Ciencias da Educación da Universidade de Santiago de Compostela), Agustín Fernández Paz (membro do Colectivo Avantar e ex-coordinador docente de galego) ou Antón Santamarina (actual director do Instituto da Lingua Galega), por poñer algúns exemplos.

Debemos lembrar tamén que unha particularidade específica dos anos 60 e 70 con respecto á década dos 80 e 90 é que nos primeiros todas as actividades de aprendizaxe da lingua galega se desenvolvían no ensino non regrado pois, como ben é sabido, ata o Decreto de bilingüismo (1979) o galego non comezaría a ter presencia no sistema educativo oficial, e aínda así dun xeito moi marxinal e inestable dependendo na maior parte dos casos da sensibilidade e vontade do mestre en cuestión. Habería pois que esperar á Lei de normalización lingüística (1983) para que a situación da lingua galega no sistema educativo oficial comezase, e dicimos só comezase, a "normalizarse".

Se marcamos a metade da década dos 60 coma o principio desta singradura é porque é xustamente deses anos, 1964-65, de onde datan os primeiros cursos de lingua da Asociación Cultural O Facho da Coruña, asociación pioneira na loita pola normalización da lingua nos diferentes ámbitos sociais.

Das restantes actividades de difusión da lingua desenvolvidas na segunda metade dos anos sesenta pouco sabemos e tamén pouco ou nada se publicou, entre outras cousas porque case todas elas se desenvolvían dentro da máis completa clandestinidade.

> Nos anos 60, fundamentalmente a través da arañeira de asociacións culturais que se foi tecendo por Galicia adiante, empregouse publicamente o galego entre minorías concienciadas nas clases de aprendizaxe do propio idioma e en conferencias medio clandestinas (cando a autoridade gubernativa as consentía), á vez que se usaba nas seccións culturais dalgúns xornais e nalgún programa radiofónico semanal. (Fernández Rei, 1980: 6)

Sería sen dúbida na seguinte década, a dos 70, onde se desenvolverían os proxectos máis interesantes con respecto ó ensino da lingua desta primeira etapa. Ademais de toda esa "arañeira de asociacións culturais" que naceron nos anos 60 e continuaron a súa actividade nesta década e doutras novas que foron nacendo no camiño, a década dos 70 presenciou un dos acontecementos máis interesantes no eido do ensino en Galicia: o nacemento e posterior desenvolvemento do movemento de renovación pedagóxica[2].

En efecto, a Lei xeral de educación de 1970 e o Plan Galicia de 1971 provocaron no noso país un importante debate no plano educativo. A grande influencia que desde Cataluña estaba a exercer a doutrina da Asociación Pedagóxica Rosa Sensat (nos veráns do 72 e 73 profesores desta asociación dispensaron en Vigo varios seminarios para mestres) sería decisiva para a creación en 1975 do Grupo de Pedagoxía Freinet (ACIES), que defendía principalmente unha integración da escola no seu contorno, unha plena galeguización do ensino e unha mellora cualitativa na formación pedagóxica dos mestres. Á beira desta ACIES Galicia (asociación que agrupaba diversos colectivos de mestres e que funcionaba no nivel estatal), e que pronto pasaría a denominarse Movemento Cooperativo da Escola Popular, foron nacendo outros colectivos pedagóxicos en diferentes puntos do país que, aínda que na maioría dos casos uns non sabían da existencia dos outros, actuaban movidos pola mesma inquietude: a necesidade dunha escola pública para unha sociedade democrática. Así, o Colectivo de Mestres de Bergantiños, Albe-Galicia, Vacaloura, XEGA, Preescolar na Casa, Xilbarbeira, Escola Aberta, Trasancos ou Avantar (especializado este nas iniciativas a prol da galeguización do ensino e da creación de material didáctico para o ensino da lingua) son algúns dos colectivos máis importantes que por aquela época e tamén durante a

2. Para unha descrición máis detallada sobre este tema ver Costa, A. (1988)

década dos 80 desenvolveron unha importante actividade de reivindicación dun ensino da nosa lingua e na nosa lingua.

Aínda que é certo que as súas reivindicacións estaban principalmente enfocadas á introducción do galego no sistema educativo oficial e polo tanto regrado, non é menos certo que a imposibilidade de conseguir este obxectivo a curto prazo fixo que naceran arredor destes colectivos importantes iniciativas de ensino alternativo totalmente á marxe do sistema oficial. Así, asistimos ó nacemento de todo un fervedoiro de cursos, xornadas, encontros, escolas de verán... (que por outra parte tiñan un claro referente nas *escolas d´estiu* catalanas) onde se pretendía ofrecer un ensino galeguizado, fundamentado en métodos pedagóxicos innovadores e adaptados á realidade galega, e nos que a adquisición da lingua gozaba de grande protagonismo.

En 1976 celebraríanse as I Xornadas do Ensino, organizadas en Maceda (Ourense), onde se xestaría o xa citado colectivo galego de renovación pedagóxica "ACIES Galicia". No curso 77-78 levaríase adiante a celebración das II Xornadas do Ensino e no verán dese mesmo ano 78 nacería a I Escola de Verán organizada en Vigo por xente ligada a CCOO e FETE-UXT. Con todo, todas estas iniciativas estaban presididas por un profundo debate interno que situaba este contexto de renovación pedagóxica en dous polos enfrontados:

- Por un lado aqueles que defendían a escola estatal galega, onde se localizarían organismos coma a Unión dos Traballadores do Ensino de Galicia (UTEG) e a Asociación Sócio-Pedagóxica Galega (AS-PG).

- Por outro lado os que defendían unha escola pública sen entrar a reivindicar un específico carácter galego, onde se enmarcaría a Escola de Verán de Vigo.

Sería evidentemente arredor dos primeiros onde o ensino da lingua cobraría un maior protagonismo, pois a adquisición do galego era requisito imprescindible para conseguir esa escola plenamente galeguizada que eles pretendían.

Nos últimos anos desta década (1978-79) e tamén arredor deste movemento de renovación pedagóxica aparecerían outras iniciativas semellantes coma a Escola de Verán de Lugo, a I Universidade Popular de Corcubión ou as Xornadas Pedagóxicas Municipais de Mugardos, onde tamén se dispensaron múltiples cursos de lingua galega. Non pode pasar inadvertida a presentación en novembro de 1978, durante unhas xornadas sobre a situación do galego, da Asociación Sócio-Pedagóxica Galega, referente incuestionable da loita pola galeguización do ensino.

Paralelamente, ben en solitario ben en colaboración con diferentes colectivos culturais, entidades coma o Instituto da Lingua Galega ou o Instituto de Ciencias da Educación viñan tamén desenvolvendo desde os primeiros anos desta década un importante labor de difusión da lingua dispensando por todos os recunchos de Galicia cursos de galego. Así, de 1972 data o primeiro curso de galego dispensado polo ILG en colaboración coa Asociación Cultural Amigos da Cultura, de Pontevedra, e de 1975 o inicio dunha serie de cursos de lingua galega orientados ós mestres que organizaron en colaboración o ILG e o ICE (máis adiante comentaremos máis polo miúdo toda esta actividade).

Por último, que non menos importante, hai que mencionar a grande contribución á difusión da lingua que nesta época realizaron as diferentes asociacións culturais instaladas na súa maioría nas vilas máis importantes de Galicia. Aínda que como dixemos carecemos de toda esa documentación que xeraron, a través das crónicas da época sabemos que foi fundamental a actividade de asociacións coma: Agrupación Cultural O Facho da Coruña (en 1978 publicaría *O Galego hoxe, curso de lingua*), Asociación Católica de Mestres da Coruña, Patronato Rosalía de Castro de Santiago, Asociación Cultural O Galo de Santiago, Asociación Cultural Francisco Lanza de Ribadeo, Asociación Cultural Auriense de Ourense, Asociación Cultural Abrente de Ribadavia, Asociación Cultural de Vigo, Asociación Amigos da Cultura de Pontevedra, Ateneo da Coruña, Ateneo Ferrolán, entre outras moitas.

Vemos pois como os anos 70 foron realmente unha década fructífera en iniciativas e propostas a prol da difusión da lingua e da galeguización do ensino en xeral. Son propostas e iniciativas xurdidas non do poder institucional senón do entusiasmo, dedicación e entrega dunha serie de persoas ou colectivos que, sen precedentes pedagóxicos que os orientasen nin grande disposición de medios, conseguiron levar adiante unha serie de proxectos que, aínda que no seu momento grande parte deles non deron os froitos desexados por non acadar unha necesaria continuidade, a historia demostrou que foi sementeira imprescindible para o pouco ou moito que en materia de galeguización do ensino hoxe temos entre as mans.

Coa entrada da década dos 80 boa parte destas iniciativas e proxectos que naceran na década anterior sufriron un acusado retroceso, outras lograron manterse nestes anos e mesmo naceron nesta década outras importantes iniciativas con grande transcendencia na

difusión da lingua como puideron ser a Asociación Pedagóxica Nova Escola Galega (1983) ou outras coma a Asociación de Pais en Defensa da Lingua (1985), por poñer un par de exemplos.

Na opinión de Antón Costa (1988) foi "a derrota das posicións electorais da esquerda, o clima de desencanto, o agotamento de debates e de fórmulas organizativas insatisfactorias" o principal desencadeante desta situación de retroceso no proceso de renovación pedagóxica destes primeiros anos da década dos 80.

Con todo, manteranse durante boa parte desta década iniciativas coma a Escola de Verán de Lugo, as Xornadas Pedagóxicas de Mugardos ou a Universidade Popular de Corcubión. Así mesmo, desde organizacións como Nova Escola Galega, a Asociación Sócio-Pedagóxica Galega ou a Asociação Sócio-pedagógica Galaico-portuguesa (que nace a partir dunha escisión da AS-PG) seguirán celebrándose por toda Galicia xornadas e encontros anuais onde a difusión da lingua seguía desempeñando un importante papel.

Boa parte desta década, sobre todo desde 1983 coa aprobación da Lei de normalización lingüística e a creación da Dirección Xeral de Política Lingüística, será unha lenta transición entre a primeira e a segunda das etapas que establecemos. Empeza pois a introducirse lentamente o galego no sistema educativo oficial e desde a Dirección Xeral de Política Lingüística da Xunta de Galicia xorden as primeiras iniciativas de difusión da lingua no ensino non regrado: os cursos de iniciación e perfeccionamento da lingua galega. Un precedente de actuación a prol da galeguización do ensino desde as institucións oficiais constituírao a creación en 1979 dunha Subdirección Xeral do Ensino da Lingua, que baixo as rendas de Antón Santamarina e Xoán Babarro se ocupou de sentar as bases para a introducción do galego en EXB, BUB, FP e COU, así como da organización de múltiples cursos de reciclaxe, entre eles de lingua galega, para mestres. Sobre a documentación destas primeiras iniciativas oficiais, en palabras do propio Antón Santamarina (1996: 553): "Seguramente non foi intencionado, pero todos os expedientes dos cursos organizados por Babarro e por min perdéronse nun traslado da consellería desde a República de El Salvador para a Praza de Vigo."

Son pois estes anos de transición uns anos onde as diferentes iniciativas privadas a prol do ensino da lingua agardan impacientes que desde a nova Dirección Xeral de Política Lingüística se recolla o froito por eles sementado e baixo unha planificación lingüística axei-

tada, que só desde un organismo oficial coa estructura e os medios económicos necesarios se pode realizar, se desenvolva un sistema de educación regrado e non regrado que garanta unha plena adquisición da lingua tanto por parte dos nenos coma dos adultos. Como veremos, as cousas transcorreron de moi diferente xeito pero o certo é que se por algo se caracteriza a segunda das etapas que antes mencionabamos é polo amparo da maior parte das iniciativas de ensino non regrado da lingua baixo o paraugas institucional da Dirección Xeral de Política Lingüística. Así, a excepción de certas entidades que seguiron a desenvolver pola súa conta e de xeito alternativo as súas propias propostas de adquisición da lingua para adultos, pódese dicir que unha altísima porcentaxe da actividade de ensino da lingua para adultos do noso país xorde ou está subvencionada nesta segunda etapa desde a Xunta de Galicia.

Despois de comentar brevemente o contexto asociativo e cultural onde tiveron lugar estas primeiras propostas de adquisición da lingua, non nos gustaría abandonar este primeiro período sen afondar un pouco máis nas circunstancias concretas en que se desenvolveu a adquisición da nosa lingua nos diferentes proxectos pedagóxicos que acabamos de mencionar. Evidentemente non podemos deternos en todas e cada unha das entidades, que como acabamos de ver eran múltiples e estaban dispersas por toda a nosa xeografía, que desenvolveron iniciativas de difusión da lingua no eido do ensino nesta etapa. Escolleremos logo dúas entidades (Instituto da Lingua Galega e Universidade Popular de Corcubión) que cremos que poden darnos, a través da análise das súas actividades neste campo, unha visión xeral do que estaba a acontecer en relación co ensino non regrado da lingua por aqueles anos.

- *O INSTITUTO DA LINGUA GALEGA* e o ensino non regrado da lingua

O Instituto da Lingua Galega (ILG), creado en maio de 1971, ten entre os seus obxectivos principais o estudio, a promoción e o cultivo da nosa lingua. Case trinta anos despois é innegable o grande labor de promoción e dignificación do idioma que esta institución leva desenvolvendo desde o mesmo momento da súa creación.

Así, a primeira contribución que desde o ILG se fixo á difusión da lingua foi a elaboración dun método de ensino do galego: *Gallego 1* (1971), *Galego 2* (1972) e *Galego 3* (1974), que en palabras do actual director desta institución, Antón Santamarina, se converteu en pouco tempo "nun dos betsellers dos libros galegos daquela"[3]. Do grande éxito

3. En entrevista con Antón Santamarina (5-4-00).

que estes métodos obtiveron tamén nos ofrece datos o profesor Fernández Rei (1990: 16), que apunta que do primeiro volume se venderan en menos de cinco meses desde a súa presentación 4.273 exemplares. Case dous anos despois da publicación deste primeiro volume aparecían na prensa da época as seguintes cifras: "Debemos señalar que del "Gallego-1" se vendieron en año y medio más de 12.000 ejemplares, habiendo sido hecha ya una segunda edición" (*ABC*, 21-2-73). De calquera dos tres volumes vendéronse ducias de miles de exemplares.

No prólogo deste primeiro volume, redactado en castelán (os outros dous redactaríanse xa en galego), explícase cales son os obxectivos que se pretende conseguir con este método de aprendizaxe da lingua: "... había una evidente falta: un método práctico para el aprendizaje y perfeccionamiento del gallego. Los intentos se habían reducido a obras destinadas exclusivamente a la enseñanza primaria. Faltaba todavía un método de carácter práctico mediante el cual se pudiera aprender a hablar la lengua siguiendo un sistema progresivo, o bien perfeccionar la utilizada coloquialmente. Esta es la misión que nos impusimos al elaborar este libro que presentamos." Na "Advertencia Preliminar" engadíase: "Este metodo está pensado en primer lugar para aquellos que desconozcan por completo la lengua gallega y hayan de aprenderla teniendo como base el castellano. Se procura, por tanto, avanzar de una manera gradual, de tal modo que cada lección implica el dominio de las anteriores. También están en nuestras mentes aquellas personas que, poseyendo ya conocimientos teóricos o prácticos de gallego, quieren afianzar su dominio sobre esta lengua, tanto de forma oral como escrita".

Cada volume está composto por varias lecciónns (24 os dous primeiros volumes e 20 o terceiro) que constan pola súa vez de catro partes: lectura, teoría gramatical, exercicios e texto literario.

A lectura describe nos dous primeiros volumes unha escena da vida cotiá e está acompañada dun vocabulario galego-castelán. Así mesmo acompáñase unha ilustración que poida servir de desculpa para iniciar unha conversa ou debate sobre o tema da lectura. No terceiro volume, pensado para un nivel de perfeccionamento da lingua, as lecturas introductorias tratan de xeografía, historia de Galicia ou historia da literatura galega.

Na parte gramatical vaise explicando progresivamente cada unha das partes do discurso e tal e como se apunta na "Advertencia Preliminar": "por primera vez se intenta establecer

una norma lingüística, si bien dentro de los límites que impone un manual elemental".

Cos exercicios preténdese fornecer o alumnado do material preciso para fixar e practicar os coñecementos adquiridos na parte gramatical. Así mesmo, o léxico empregado era sempre léxico que xa se estudiara en lecciónns anteriores.

Por último engadíase un texto literario que tiña como principal finalidade ampliar o léxico adquirido na lectura.

Para traballar a adquisición do timbre das vocais medias, no método representábanse en grosa as abertas e non se destacaban tipograficamente as pechadas.

Se consideramos oportuno deternos un pouco a explicar a metodoloxía seguida neste método foi porque estes tres volumes constituíron o groso do material didáctico empregado nos múltiples cursos de lingua galega dispensados polas diferentes asociacións pedagóxicas, asociacións culturais, ateneos ou universidades populares neste primeiro período que estamos a comentar.

Aínda que o ILG desenvolveu tamén un grande labor a prol da introducción do galego no ensino regrado, no que respecta ó ensino non regrado esta institución, ben en solitario, ben en colaboración con diferentes asociacións culturais ou mesmo persoas particulares, organizou e dispensou desde os primeiros anos da década dos 70 multitude de cursos de lingua por toda a nosa xeografía. As palabras do profesor Antón Santamarina deixan constancia das experiencias vividas:

> ...naquela época comezaron a proliferar por toda Galicia os cursos de galego. Moitos eran dados en asociacións culturais, en ateneos, círculos de toda clase e tamén, cando había algún mestre ou profesor algo galeguista, nos centros de ensino básico ou medio como actividade extracurricular. (...) Nós mesmos fartámonos de dar cursos ou ir ás clausuras deles para botar un discursiño e repartir uns diplomas. Hoxe, que hai subvención para todo, non se concibirá que nós mesmos (e moitos amigos nosos que sen seren da facultade pertencían ó círculo do ILG, como o vello Trigo de Vilagarcía, ou o Suso López no Seminario Menor de Santiago, ou o Valentín Arias en Vigo, ou o Paco Martín en Lugo, ou o Babarro en Muxía, ou o Ferro, ou o Lema e tantos outros, ondequera que estivesen) nos ocuparamos de dar clase ou de ir á clausura a Ourense, a Vilagarcía ou a Pontevedra sen cobrar un peso e encima poñendo a gasolina. (Santamarina, 1996: 552)

Posteriormente, a partir de 1975, o ILG comezou a organizar en colaboración co ICE da Universidade de Santiago diversos cursos de lingua galega para mestres de EXB. O profesor Fernández Rei ofrécenos os seguintes datos:

> No ano 1975 o ILG impartirá, en colaboración co ICE da Universidade de Santiago, un curso de lingua galega para profesores de EXB, e o mesmo faría en solitario un ano despois na vila de Cee. En colaboración co ICE impartiu cursos de galego entre os anos 1977 e 1979: no verán de 1977 hóuboos en Vigo, Monforte, Ribadeo e Laxe, en xullo de 1978 impartíronse na Coruña, Lugo, Ourense, Pontevedra, Ferrol, Vigo e Santiago, con diferentes niveis, e o mesmo pasou en setembro dese ano nas vilas de Mondoñedo, Ortigueira, Muros, Lalín, Verín e O Barco de Valdeorras; entre febreiro e marzo de 1979 desenvolvéronse novos cursos en diferentes vilas galegas. (Fernández Rei, 1990: 19)

Con respecto ós contidos dispensados nestes cursos, e dada a dificultade de atopar documentación sobre esta época, os únicos datos que obtivemos ofrecéunolos unha vez máis o profesor Antón Santamarina, que nos informou de que nestes cursos para mestres se dispensaban “lecciónns de gramática, lecciónns de historia da lingua.... Ata un tío meu americano viñera por aquí falarlles de pedagogos americanos”. (En entrevista con Antón Santamarina)

Paralelamente, durante os anos 70 o ILG organizou tamén diversos cursos de verán na Coruña, Vigo e Santiago onde se dispensaban clases de lingua galega, ás que acudían xa daquela algúns estranxeiros. A prensa da época (*La Voz de Galicia*, 13-3-73) recollía un destes actos co seguinte titular: "Curso de Idioma Galego. Dictou a primeira lección o membro do Instituto da Lingua galega don Ramón Lorenzo Vázquez, catedrático de Filoloxía Románica. Onte, no Instituto “Eusebio da Guarda”, da Cruña, diante de numerosísimo público". No corpo da noticia recollíase tamén: “As clases darán comezo o venres ás 8 da tarde e, como se véu anunciado, formaránse dous grupos que utilizarán como textos os libros de carácter teórico-práctico editados polo Instituto da Lingua Galega *Gallego 1* e *Gallego 2*”.

Xa nos anos 80 o ILG colaborou activamente nos cursos de lingua galega para mestres dispensados pola Subdirección Xeral do Ensino da Lingua, á que aludiamos liñas máis arriba. Así, non só colaborou na organización dos cursos que naqueles primeiros anos da déca-

da dos 80 se dispensaron por toda a xeografía galega senón que se encargou de elaborar o material didáctico necesario. De entre este material cabe subliñar as *Unidades didácticas. Curso de perfeccionamento*, redactadas polos profesores Rosario Álvarez e Xosé Xove a partir de probas iniciais que elaboraran con outros membros do ILG.

Aínda que non de xeito exhaustivo, nos ficheiros do ILG queda constancia, a través de certificados e actas, da realización de cursos de galego durante toda a década dos 80. Os cursos que, igual ca na década anterior, se dispensaban en colaboración con outras entidades por toda a xeografía galega estaban divididos en tres niveis:

-Curso de galego 1: era un curso de iniciación á lingua galega no que se empregaba como material didáctico o manual *Gallego 1* e as *Normas Ortográficas do Idioma Galego*, elaboradas polo ILG e a RAG.

-Curso de galego 2: tratábase dun curso de lingua de nivel medio no que se empregaba como material de apoio o *Galego 2* e as *Normas Ortográficas do Idioma Galego*.

-Curso de galego 3: curso de perfeccionamento da lingua no que se utilizaba o *Galego 3* e as *Normas Ortográficas do Idioma Galego* como textos de referencia.

Aínda que as entidades coas que colaborou nesta década seguían a ser moitas e moi variadas podemos destacar quizais a estreita colaboración que nestes anos 80 o ILG mantivo co Concello de Redondela. Así, ademais do cursos de galego 1, 2 e 3 que acabamos de mencionar, ambas entidades organizaron dentro dunha campaña de alfabetización de adultos un curso de galego específico que contaba cun programa propio. Dado o seu carácter específico e a pouca documentación que se conserva da época reproducímolo no “anexo I.a” deste informe.

A pesar de pecar dun enfoque excesivamente gramaticalista, sobre todo para estar orientado a adultos sen alfabetizar, carecemos de datos suficientes para poder xulgar este proxecto educativo, xa que descoñecemos algo tan importante coma a metodoloxía didáctica coa que se transmitiron os coñecementos.

Así, a través destas breves referencias podemos facernos unha idea do importante papel que o ILG desenvolveu ó longo destas dúas décadas, 70 e 80, no campo do ensino non regrado da lingua. Non só foi, e segue a ser na actualidade cos cursos de verán para estranxeiros, un referente incuestionable na organización de cursos de lingua senón que se converteu en centro de consulta e asesoramento para todas aquelas entidades que tamén esta-

ban a desenvolver un labor similar, á vez que tratou de resolver coa elaboración de métodos de aprendizaxe da lingua o grande baleiro que por aqueles anos existía neste terreo.

• *A UNIVERSIDADE POPULAR DE CORCUBIÓN* e a súa contribución á difusión da lingua

A Universidade Popular de Corcubión nace en 1981 arredor do movemento de renovación pedagóxica que liñas máis arriba comentabamos. De feito, durante os seus primeiros anos de existencia máis ca dunha universidade popular en sentido amplo, a Universidade Popular de Corcubión estaba concibida coma unha asociación pedagóxica que trataba de suplir a través das súas actividades a grande eiva educacional do sistema educativo oficial.

Corcubión, vila coruñesa e centro comarcal que abranguía dez concellos da zona de Fisterra, fora declarada polo Goberno Central e pola Deputación Provincial "zona deprimida" debido ó seu atraso socioeconómico. Así, diante desta preocupante situación e dun sistema educativo oficial que non ía contribuír a mellorala, un grupo de persoas, a maior parte delas mestres de EXB, decidiron poñer en marcha unha innovadora iniciativa que adaptase a educación ó contexto sociocultural e económico no que esta se desenvolvía e á vez a achegase a todo o conxunto da poboación.

Aínda que tamén realizaba actividades culturais variadas que se desenvolvían esporadicamente ó longo de todo o ano, a actividade que sen dúbida gozaba dunha mellor acollida eran as *Escolas de Verán "Universidade Popular de Corcubión"*, que chegaron a ser punto de referencia inescusable para moitos mestres fisterráns. O carácter innovador desta asociación pedagóxica, e que quizais a diferenciaba das outras asociacións da época, era que as actividades non estaban orientadas só ós mestres da comarca senón que pretendían chegar a todo o conxunto da poboación.

Así, se nun primeiro momento os dous sectores da poboación ós que se pretendera chegar principalmente foran os mestres e os nenos, pronto se empezou a traballar nun concepto máis amplo de universidade popular, onde o obxectivo xeral fose a educación en si, e máis en concreto a educación permanente de toda a sociedade. Vemos pois como de xeito totalmente innovador trataba de levarse á práctica un concepto fundamental en calquera sistema educativo: a educación permanente, concepto que como vimos se consideraba aínda de xeito moi vago na lexislación educativa do momento.

Así, o concepto de educación permanente era entendido desde a Universidade Popular de Corcubión baixo as seguintes premisas:

- Unha educación que se integrase na comunidade local de xeito que contribuíse a integrar os diferentes sectores sociais.
- Unha educación liberadora que axudase a crear valores seguros para o individuo como persoa e para a comunidade nacional, para lograr a integración na área cultural e lingüística galaico-portuguesa.
- Unha educación que se abra ó exterior, desde o propio cara ó outro, fomentando o intercambio cultural e científico.
- Unha educación popular e aberta que estea ó servicio das camadas populares e traballadoras do pobo galego e de calquera outro pobo do mundo que comparta os mesmos valores de liberdade, paz, creatividade e reconstrucción nacional.

Con respecto á lingua, considerábase a normalización do galego coma un dos obxectivos primordiais. Movéndose dentro das correntes do reintegracionismo cultural e lingüístico, defendían unha plena normalización da nosa lingua e unha igualmente plena integración na área cultural e lingüística galaico-portuguesa. Para isto, dentro dunha das seccións da Universidade Popular, a "Universidade Popular nocturna", dispensáronse varios cursos de lingua galega (dos que nos foi imposible adquirir a documentación necesaria que permitise un comentario máis detallado), que se complementaban con debates de temática variada, tales como "A língua galega (a nossa língua)", "O galego no ensino (a nível comarcal), "Análise do ensino na comarca" ou "Legislaçom educativa de interesse geral".

Así mesmo, nas seccións das escolas de verán que se dedicaban ós mestres había sempre algún seminario onde se trataba a didáctica da lingua ou a situación lexislativa e sociolingüística da lingua no sistema educativo.

Con todo, a pesar do grande interese pedagóxico que o proxecto tiña e do próspero futuro que algúns dos seus fundadores prognosticaban para el, as actividades pedagóxicas da Universidade Popular de Corcubión non transcenderon todo o que delas se agardaba. A crise desta Universidade Popular e da súa escola de verán, actividade principal sobre a que se fundamentaba, enmárcase quizais dentro dunha crise máis xeneralizada que por aqueles anos viviron as escolas de verán.

En efecto, na segunda metade da década dos 80 empezan a aparecer nalgunhas publicacións de temática pedagóxica, como podía ser a *Revista Galega de Educación*, artigos nos que se criticaba a negativa evolución que sufriran as diferentes escolas de verán. Así, dicíase que malia que nun principio as escolas de verán naceran en Galicia como plataformas pedagóxicas alternativas onde as diferentes organizacións sociais vinculadas ó ensino pretendían pór en marcha proxectos innovadores que axudasen a resolver as evidentes lagoas do sistema educativo, pronto se converteran en entes que tiñan como principal función ser fonte de financiamento das diferentes asociacións pedagóxicas, a través de seminarios e cursos orientados simplemente á formación do profesorado.

Quizais fosen tamén motivos moi semellantes, e sobre todo unha excesiva dependencia da súa escola de verán, o que provocase finalmente a desaparición da Universidade Popular de Corcubión. Aínda así, os diferentes artigos publicados nas revistas pedagóxicas do momento deixan constancia da grande transcendencia que as súas actividades tiveron en toda a comarca fisterrá e non nos cabe a menor dúbida de que debeu de contribuír en grande medida á difusión e dignificación da nosa lingua tanto entre os mestres da comarca como entre o conxunto da poboación.

Chegados pois a este punto e analizado o contexto cultural e pedagóxico no que se desenvolveron os cursos de lingua galega orientados ós adultos nesta primeira etapa, pasaremos a describir a situación da lingua galega no ensino non regrado nos últimos anos da década dos 80 e na década dos 90.

SEGUNDA ETAPA[4]:

Consideramos logo que a finais da década dos 80 e durante toda a década dos 90 o ensino non regrado da lingua pasou a desenvolverse nunhas circunstancias que permiten considerar estes anos como una segunda etapa. A principal característica desta etapa é que o ensino non regrado da lingua pasa de ser un ensino organizado e dispensado desde os diferentes recunchos da nosa xeografía por entidades privadas de carácter variado a ampararse no paraugas institucional da Xunta de Galicia. Aínda que, como veremos, algunhas entida-

4. No anexo III deste traballo achegamos unha compilación de todos os datos obtidos referentes ós cursos presenciais de lingua dispensados nesta segunda etapa: tipoloxía, n.º de cursos e n.º de alumnos formados.

des de carácter privado seguen a organizar e financiar de xeito alternativo os seus propios cursos de formación lingüística para adultos o que predomina nesta etapa é a creación por parte da Xunta de Galicia duns cursos xerais de iniciación e perfeccionamento da lingua (posteriormente elabororaranse outros máis específicos para tratar a linguaxe administrativa e a xurídica) que se dispensarán de xeito indiscriminado e sen previa planificación entre todos aqueles colectivos ou persoas que así o soliciten.

Aínda que as primeiras iniciativas institucionais de ensino non regrado da lingua comezaran a principios dos 80 coa creación da Subdirección Xeral de Ensino da Lingua e os cursos de galego para mestres, ós que xa fixemos referencia, foi en 1983 coa aprobación da Lei de normalización lingüística e a creación da Dirección Xeral de Política Lingüística cando esta formación non regrada comezou a orientarse a toda a poboación. Así, a Dirección Xeral de Política Lingüística nacía para potenciar o emprego do galego na vida pública, cultural e informativa e tiña como principal obxectivo "articular e impulsar tódalas accións e medidas necesarias para realiza-lo proceso normalizador e planifica-las actuacións, externas e internas, para a promoción e difusión do idioma galego." (Comisión Coordinadora para a Normalización Lingüística, 1998)

Aínda así, se marcamos os últimos anos da década dos 80 como inicio desta segunda etapa e non exactamente o 1983 é porque as actividades da Dirección Xeral de Política Lingüística (a partir de agora DXPL) estiveron dedicadas os seus primeiros anos de funcionamento exclusivamente á regulación do ensino da lingua e literatura galega no sistema educativo oficial, malia que por outra parte a escasa dotación orzamentaria da que dispuña naqueles anos tampouco permitía levar adiante grandes proxectos.

A posta en marcha das diferentes iniciativas gobernamentais en materia de ensino non regrado da lingua empezaría a concretarse coa creación da Comisión Coordinadora para a Normalización Lingüística, a través do Decreto 221/1990. Así, nun intento de dotar a política lingüística dunha transversalidade que implicase todas as consellerías, creábase esta comisión presidida polo propio presidente da Xunta de Galicia e integrada polo director xeral de Política Lingüística e varios conselleiros. No primeiro informe que esta comisión publicou en 1990 deixábanse ver xa os inestables alicerces sobre os que se erguían os seus proxectos:

> É ben sabido que toda actuación precede dun estudio de necesidades, valoración de medios e unión de vontades na execución. Hoxe en día en Galicia aínda non se conta cun estudio sociolingüístico completo e científico, polo tanto é preciso actuar con estudios e valoracións parciais ou sectoriais tomados de traballos encargados por unidades administrativas do propio Goberno, aportación de entidades culturais e traballos individuais. (Comisión Coordinadora para a Normalización Lingüística, 1990a)

O primeiro proxecto para o ensino non regrado da lingua que se puxo en marcha desde a DXPL case desde os primeiros anos da súa creación foron os cursos de iniciación e perfeccionamento da lingua galega. Na Orde do 1 de marzo de 1989 regulamentábanse estes cursos e no DOG do 18 de abril dese mesmo ano aparecían publicadas unhas normas básicas que pretendían harmonizar os diferentes modelos e métodos que baixo este mesmo nome se estaban a dispensar desde a DXPL.

Recollíase nesta orde que estes cursos estaban dirixidos ós diferentes colectivos profesionais e sociais e que constaban de dous niveis: iniciación e perfeccionamento. Para acadar o nivel de perfeccionamento sería imprescindible ter aprobado ou validado o nivel de iniciación.

A duración de calquera dos dous cursos sería de 75 horas, que se distribuirían do seguinte xeito:

- Estructuras morfosintácticas comúns: 45 horas
- Contidos e actividades específicas para cada un dos diversos colectivos: 15 horas
- Actividades prácticas: 15 horas

A asistencia ás clases era obrigatoria, así coma a superación das probas e avaliacións establecidas polo profesorado.

Así mesmo, establecíanse os temarios oficiais para ámbolos cursos, especificando os contidos específicos daqueles dispensados para adultos, amas de casa, asociacións culturais e asociacións veciñais (ver anexos I.b e I.c).

Na nosa opinión tanto a programación dos temarios, a metodoloxía empregada (ó gusto do mestre) como a mesma organización destes cursos carece a todas luces dunha planificación lingüística previa, a planificación da adquisición da que fala R. Cooper (1997), que dificulta en grande medida a súa efectividade.

No que respecta ós temarios, o enfoque é totalmente gramaticalista. No mellor dos casos, é dicir, dando por suposto que o alumno adquirise adecuadamente estes contidos, estariamos a traballar simplemente a competencia lingüística, deixando totalmente desatendidas a competencia sociolingüística, a competencia discursiva, a competencia táctica, a competencia sociocultural e a competencia social.

Parece evidente que nunha situación coma a nosa, dunha lingua en proceso de normalización, o principal obxectivo do ensino debe ser formar individuos plenamente capacitados para comunicarse en galego en calquera contexto ou situación. Non descartamos a posibilidade de que nun sistema de ensino para adultos ben organizado e planificado que atenda todas as demandas da sociedade poidan existir cursos específicos de reflexión ou análise gramatical, pero cando o obxectivo prioritario é adquirir unha competencia comunicativa plena a reflexión gramatical debe ocupar sen dúbida un segundo lugar.

Monteagudo *et alii* (1990) consideran que os compoñentes básicos desta competencia comunicativa plena son:

- A competencia lingüística: coñecemento dun vocabulario básico e dominio das regras estructurais que posibilitan a comprensión e producción de enunciados dotados de sentido.
- A competencia sociolingüística: interpretación dos enunciados dándolle o senso apropiado á situación concreta na que aparecen.
- A competencia discursiva: capacidade para percibir e conseguir a coherencia dun texto dotado con sentido global propio.
- A competencia táctica: capacidade para a través de tácticas comunicativas verbais e non verbais, compensar os baleiros debidos ó descoñecemento do código ou interrupcións na comunicación.
- A competencia sociocultural: coñecemento do contexto sociocultural no que se desenvolve a lingua en cuestión.
- A competencia social: habilidade para emprender e manter a comunicación.

Se este enfoque excesivamente gramaticalista que se percibe no deseño dos cursos que agora estamos a analizar é negativo na educación infantil, no caso da educación de adultos o problema agrávase aínda máis. Exceptuando casos moi particulares, que como dixemos deberían tratarse en cursos específicos, pensamos que a maioría dos adultos que asisten a estes cursos de iniciación e perfeccionamento non teñen grande interese en aprender, ou

lembrar no mellor dos casos, o que é un sufixo, un obxecto directo ou unha locución prepositiva. Evidentemente, para desenvolverse con éxito en calquera situación comunicativa deberán ter adquirido, ademais doutras moitas cousas, todas estas formas gramaticais pero non cremos que no caso dos adultos a vía máis axeitada sexa precisamente a da reflexión gramatical e metalingüística.

Outro grave problema detectado, e que evidencia a falta de planificación, é que se elaborase un mesmo e único "producto" para satisfacer múltiples e diversas necesidades. Así, segundo parece estes cursos deberían ser válidos para castelanfalantes que queren traballar o seu rexistro escrito, para castelanfalantes que queren adquirir a variedade coloquial, para galegofalantes que queren adquirir a variedade estándar, para galegofalantes que queren perfeccionar a variedade coloquial, para adultos con estudios básicos, para adultos con estudios superiores, para adultos con prácticas lingüísticas monolingües, para outros con prácticas lingüísticas diglósicas... e así ata un bo número de casos particulares con necesidades diferentes e que evidentemente deben ser tratados tamén de xeito diferente. Se deseñar un curso para cada adulto en particular sería impensable, entre isto e deseñar ese mesmo curso para todos os adultos en xeral debe existir necesariamente un punto medio que nos permita rendibilizar ó máximo os recursos e á vez atender con éxito o maior número de necesidades.

Pero con todas as súas virtudes e todos os seus defectos, estes cursos de iniciación e perfeccionamento foron con moito o método de ensino non regrado da lingua que acadou unha maior difusión en Galicia nesta última década dos 90. Aínda así, e mesmo sen existir unha avaliación rigorosa dos efectos normalizadores destes cursos, á vista dos datos sociolingüísticos xerais, non parece que fosen un factor efectivo de galeguización.

Se Cooper (1997: 189) falaba de que en todo proceso de planificación da adquisición hai diferentes métodos para lograr os obxectivos perseguidos (os destinados a crear ou aumentar as oportunidades de aprender, os destinados a crear ou aumentar os incentivos de aprender e os destinados a crear ou aumentar ambos simultaneamente), neste caso parece que tamén se tivo en conta que sen uns mínimos incentivos, o ensino dunha lingua minorizada e dirixida a uns adultos que na súa maioría tiñan xa cubertas as súas necesidades comunicativas co castelán estaba condenado a un estrepitoso fracaso. Foi por iso que a través dunha serie de subvencións se proporcionaron estes cursos de xeito gratuíto a todos os colectivos que así o desexasen, á vez que coa consecución do correspondente título de aptitude o alumno adquiría unha serie de méritos que melloraban o seu currículo, aumentaban

os seus puntos de cara a unha proba de oposición ou simplemente o capacitaban para desenvolver en galego o seu traballo.

Deste xeito unha boa parte de adultos víronse obrigados a adquirir un título que de súpeto era considerado imprescindible para desenvolver o seu traballo (funcionarios da administración pública), outra boa parte non desperdiciaron a oportunidade de conseguir de xeito cómodo e fácil algúns puntos para o seu currículo e as diferentes asociacións e colectivos que ata agora tiveran serios problemas para poder financiar unha oferta educativa propia viron nestes cursos a oportunidade perfecta de resolver as súas necesidades educativas de xeito gratuíto. Non cabe dúbida de que existe outra gran parte de adultos que asistiron e seguen a asistir a estes cursos co único incentivo de conseguir unha competencia plena no seu idioma, e por moito que nós esteamos a cuestionar agora o seu enfoque didáctico non pretendemos negar que boa parte deles o conseguisen.

Así pois, ó longo dos anos que comprende esta segunda etapa dispensáronse miles de cursos de iniciación e perfeccionamento e asistiron a eles funcionarios, docentes, médicos, xornalistas, farmacéuticos, universitarios, membros de colectivos varios e adultos en xeral.

Os datos facilitados pola DXPL, aínda que non son exhaustivos (temos datos dos anos 95-99 das provincias de Pontevedra e A Coruña e dos anos 88-99 das provincias de Ourense e Lugo), servirán para poder facérmonos unha idea da gran difusión que tiveron estes cursos.

CURSO DE LINGUA GALEGA (INICIACIÓN)

	Nº. CURSOS	Nº. ALUMNOS APTOS	
A CORUÑA (95-99)	890	19.784	1.178 funcionarios
			477 docentes
			18.129 adultos e colectivos varios
PONTEVEDRA (95-99)	465	12.334	357 funcionarios
			398 docentes
			11.579 adultos e col.
OURENSE (88-99)	1.184	13.279	1.641 funcionarios
			674 docentes
			10.964 adultos e col.
LUGO (88-89)	1.122	14.151	832 funcionarios
			790 docentes
			12.529 adultos e col.

CURSO DE LINGUA GALEGA (PERFECCIONAMENTO)

	Nº. CURSOS	Nº. ALUMNOS	
A CORUÑA (95-99)	1.055	24.924	1.315 funcionarios
			455 docentes
			23.154 adultos e col.
PONTEVEDRA (95-99)	366	10.397	373 funcionarios
			471 docentes
			9.553 adultos e col.
OURENSE (88-99)	288	13.425	1.653 funcionarios
			1.868 docentes
			9.906 adultos e col.
LUGO (88-89)	631	17.195	1.296 funcionarios
			2.950 docentes
			12.948 adultos e col.

Como vemos, estes cursos cubriron a práctica totalidade da oferta educativa no que respecta ó ensino non regrado da lingua desta última década e foron solicitados por entidades e institucións tan diversas coma os servicios de normalización lingüística das tres universidades, o Colectivo de Xordos de Lugo, a Real Academia de Medicina e Cirurxía, o Hospital "Juan Canalejo", a Universidade Popular de Vigo, o Goberno Civil de Ourense, o Colexio Oficial de Veterinarios de Ourense, diferentes aulas de terceira idade, asociacións culturais, colectivos de adultos... e un longo etcétera.

A partir de 1990, a través dun convenio de colaboración entre a Consellería de Presidencia e Administración Pública (na actualidade a Consellería de Xustiza, Interior e Relacións Laborais) e a Consellería de Educación e Ordenación Universitaria, establécese unha nova tipoloxía de cursos de lingua galega. Crearanse pois agora os cursos de linguaxe xurídica galega e os cursos de linguaxe administrativa galega, que tiñan como finalidade última a creación das figuras de traductor en linguaxe administrativa galega e traductor en linguaxe xurídica galega.

Os cursos de linguaxe xurídica galega pretenden capacitar a xuíces, fiscais, avogados, notarios, rexistradores... para desenvolver de xeito autónomo o seu traballo en lingua galega.

Os cursos divídense en tres niveis (básico, medio e superior) e aqueles alumnos que resulten aptos nos tres niveis conseguen un diploma de "Funcionario especialista en Terminoloxía Xurídica".

Así, as competencias de formación están repartidas entre varias instancias da Xunta de Galicia, como a Dirección Xeral de Política Lingüística e a Dirección Xeral de Administración Local.

A duración destes cursos é de 90 horas (70 teóricas e 20 prácticas), tendo os alumnos que realizar na fase práctica unha serie de traballos relacionados coa función que desempeñan na Administración de xustiza.

No "anexo I.d" axuntamos a modo de exemplo o temario do curso superior de linguaxe xurídica, que como pode observarse trátase dun temario moito máis específico e centrado nas necesidades do contexto no que se desenvolven os alumnos.

Con todo e aínda que neste caso o alumnado é moito máis homoxéneo no que respecta ós coñecementos previos, consideramos que tamén no caso destes cursos especializados deben terse en conta criterios como por exemplo a lingua materna do alumno, a súa práctica lingüística (monolingüe, diglósica…), os rexistros que cultiva (oral, escrito)...

Con respecto á especificidade do temario, consideramos que esta especialización é positiva sempre que deamos por suposto que o alumnado adquiriu previamente unha competencia lingüística xeral que o capacita para desenvolverse nos diferentes contextos da vida cotiá. De pouco valen os coñecementos que o alumno teña de certo tecnolecto se non pode manexarse con soltura no sistema lingüístico xeral do que este forma parte.

Do *Informe 4* da Comisión Coordinadora para a Normalización Lingüística (1994) obtivemos os seguintes datos en canto a número de cursos realizados e alumnos considerados aptos entre os anos 1991 e 1994:

No ano 1991 organizáronse sete cursos de nivel básico e acadaron a cualificación de aptos 139 funcionarios.

En 1992 realizáronse cinco cursos de nivel básico, dirixidos a xuíces, secretarios xudiciais e maxistrados e foron considerados aptos 95 alumnos.

No ano 1993 organizáronse cinco cursos de nivel básico, dirixidos a xuíces, secretarios xudiciais, fiscais e maxistrados e outros cinco de nivel medio, onde se formaron 159 persoas.

En 1994 organizáronse cinco cursos de nivel básico e dous de nivel medio, dirixidos a xuíces, secretarios xudiciais, fiscais, notarios e maxistrados e os alumnos que conseguiron a cualificación de apto foron 80.

Da documentación que nos facilitou recentemente a DXPL entresacamos os seguintes datos dos anos 1995 a 1999:

CURSO DE LINGUAXE XURÍDICA GALEGA

	Nivel Básico		Nivel Medio		Nivel Superior	
	Cursos	Aptos	Cursos	Aptos	Cursos	Aptos
1995	13	168	30	672	3	19
1996	4	70	21	486	11	365
1997	2	12	15	263	14	387
1998			13	313	10	277
1999			12	273	9	213

Polo que respecta ó curso de linguaxe administrativa galega, ata este último ano a Xunta de Galicia e a Escola Galega de Administración Pública (EGAP) repartíanse tamén as competencias de formación en lingua galega para os funcionarios das diferentes administracións: local, autonómica e do Estado. Así, a EGAP dispensaba o curso de nivel superior e naqueles casos nos que se conseguise a cualificación de apto expedía o correspondente título de "Funcionario especialista en Terminoloxía Administrativa".

No tocante á Administración local, todos aqueles funcionarios dos diferentes concellos ós que se lles viña ofertando desde 1983 os cursos de iniciación e perfeccionamento do galego dispoñen desde 1990 dun curso específico de linguaxe administrativa galega. Deste curso, dividido en tres niveis, a Xunta de Galicia organizou os dous primeiros desde ese

mesmo ano de 1990 e a EGAP asumiu en 1993 competencia na organización do nivel superior.

En 1991 a Xunta de Galicia publicou dous manuais cos correspondentes temarios dos cursos de lingua galega para as corporacións locais nos niveis básico e medio.

O temario do nivel básico dividíase en 5 apartados principais:

I. Historia e formación da lingua galega: exposición diacrónica do galego desde as orixes ata a Idade Media.

II. A lingua administrativa: mestura de coñecementos teóricos (históricos, marco legal actual) e prácticos (fórmulas administrativas básicas).

III. Fonética e ortografía: explicación de conceptos básicos como fonema, son, grafema, etc., así como as regras fundamentais de puntuación.

IV. Morfosintaxe: bases da gramática galega (xénero, número, artigos, verbos regulares...).

V. Léxico-semántica: coñecementos básicos do léxico e a semántica galegas.

O nivel medio estaba pensado como continuación dos coñecementos que xa se adquiriran no nivel anterior e estructurábase do seguinte xeito:

I. O marco legal.

II. Sete leccións que se dividían do seguinte xeito: lectura, aspectos lingüísticos, axuda gramatical e aspectos ortográficos.

III. Bilingüismo e diglosia.

IV. Interferencias lingüísticas.

V. Política e planificación lingüística.

VI. Formularios.

No nivel superior a EGAP, completando a formación dos alumnos que superaran os niveis básico e medio, traballaba con programas onde se lle prestaba especial atención ó coñecemento das linguaxes administrativa e xurídico-administrativa local, dividindo o temario en tres núcleos fundamentais:

I. A linguaxe xurídico-administrativa.

II. Análise lingüística e xurídica da linguaxe administrativa: especial referencia ós documentos sinalados no artigo 1 da Lei 5/88 do 21 de xuño, de uso do galego como lingua oficial de Galicia polas entidades locais.

III. A traducción xurídico-administrativa.

Así, segundo datos proporcionados pola Dirección Xeral de Administración Local da Xunta de Galicia, seguindo estes métodos realizáronse entre os anos 1991 e 1999 os seguintes cursos:

CURSOS DE LINGUAXE ADMINISTRATIVA PARA A ADMINISTRACIÓN LOCAL

	1991	1992	1993	1994	1995	1996	1997	1998	1999
Básico	12	8	10	9	8	6	8	1	
Medio	11	7	10	9	9	8	9	9	6
Superior			1	5	5	5	6	1	273

Polo que respecta á Administración autonómica, a DXPL levaba tamén dispensado desde 1983 diferentes cursos de iniciación e perfeccionamento do galego entre os seus funcionarios. Desde 1994 a EGAP vén tamén ofertando uns cursos específicos de linguaxe administrativa deseñados especialmente para estes funcionarios que pretenden vincular os contidos ós textos e ó traballo diario e buscar no eido do funcionariado un rexistro culto para o galego.

Para adaptarse o máximo posible ás necesidades deste funcionariado creáronse dúas modalidades diferentes:

• *Curso de linguaxe administrativa para o persoal dos grupos "A" e "B".*

Este curso, de 30 horas de duración, ten como obxectivo principal a aprendizaxe e perfeccionamento da lingua galega e especialmente da linguaxe administrativa e vai dirixido ó persoal de administración dos grupos A e B da Xunta de Galicia, Consello Consultivo, Parlamento de Galicia, Valedor do Pobo, Consello de Contas e universidades de Galicia, que estea en posesión do certificado de perfeccionamento da lingua galega.

• *Curso de linguaxe administrativa para o persoal dos grupos "C", "D" e "E".*

Este curso, de 24 horas de duración, ten tamén como obxectivos a aprendizaxe e perfeccionamento da lingua galega, especialmente da linguaxe administrativa, e vai dirixido ó persoal de administración dos grupos C, D e E da Xunta de Galicia, Consello Consultivo, Parlamento de Galicia, Valedor do Pobo, Consello de Contas e universidades de Galicia, que estea en posesión do certificado de perfeccionamento da lingua galega.

Os temarios de ámbalas modalidades achegámolos nos "anexos I.e e I.f".

A través das memorias anuais da EGAP obtivemos os seguintes datos sobre o número de cursos ofertados nestas modalidades desde 1995:

CURSOS DE LINGUAXE ADMINISTRATIVA PARA A ADMINISTRACIÓN AUTONÑOMICA

	1995	1996	1997	1998	1999
Grupos A e B	1	12	12	6	5
Grupos C, D e E	7	12	12	12	14

Polo que respecta á Administración do Estado na Comunidade Autónoma de Galicia, ten especial importancia a publicación dunha orde no BOE do 20 de xullo de 1990 onde se recolle que "na provisión de postos por funcionarios na Administración periférica do Estado (...) terase en conta o coñecemento da lingua oficial propia de cada Comunidade Autónoma". En 1995 a DXPL e a Delegación do Goberno en Galicia asinan un protocolo de colaboración, polo que a partir dese ano ademais dos cursos de iniciación e perfeccionamento comezan a dispensarse cursos de linguaxe administrativa dirixidos a este sector.

Segundo os datos facilitados pola DXPL, entre os anos 1995 e 1999 organizáronse os seguintes cursos de linguaxe administrativa nesta administración:

CURSOS DE LINGUAXE ADMINISTRATIVA PARA A ADMINISTRACIÓN DO ESTADO

	Nivel Medio		Nivel Superior	
	Nº. Cursos	Asistentes	Nº. Cursos	Asistentes
1995	1	26		
1996			1	23
1997	2	34	3	77
1998	1	25		
1999	1	29	1	22

As diferencias que estes últimos anos viñan tendo en materia de formación de adultos a DXPL e a EGAP provocaron que finalmente todas as competencias no ensino da linguaxe administrativa galega que estas dúas entidades compartiron desde a creación da EGAP volvesen novamente ás mans da DXPL. Así, neste mesmo ano 2000 publicouse desde a DXPL un temario oficial para os tres niveis (básico, medio e superior) do curso de linguaxe administrativa galega que se empregará a partir de agora en todos os cursos que se dispensen entre os funcionarios tanto da administración local, como da autonómica e estatal (ver anexo I.g).

Outra institución pública que dentro do seu plan de formación continua oferta cursos de linguaxe administrativa galega é a FEGAS (Fundación Pública Escola Galega de Administración Sanitaria).

A FEGAS, creada por Acordo do Consello da Xunta de Galicia do 19 de decembro de 1997, leva organizados nestes dous anos de existencia (98 e 99) 16 cursos de linguaxe administrativa galega, de 30 horas lectivas cada un, dirixidos ó persoal das institucións sanitarias do SERGAS (persoal estatutario dos grupos A, B, C e D da función administrativa, tanto de atención primaria como de atención especializada). Nestes cursos, organizados por toda a xeografía galega, obtiveron a cualificación de apto un total de 560 alumnos.

O obxectivo principal destes cursos, tal e como se explica nas memorias de actividades desta institución, é o de "mellora-la redacción administrativa, con especial atención ás peculiaridades do idioma galego", e o temario empregado dividíase en tres puntos principais:

-A lingua común e a linguaxe administrativa.

-Pautas para unha correcta redacción administrativa.

-Análise da documentación administrativa básica.

Aínda que non contamos con datos do presente ano 2000, ante a boa acollida que estes cursos tiveran entre os membros da Administración sanitaria nestes dous últimos anos, tíñase previsto continuar con eles e ademais ofertar tamén un curso de linguaxe administrativa galega superior para aqueles alumnos que superaran con éxito o primeiro nivel.

Ademais da administración pública, outro dos ámbitos de grande transcendencia que a DXPL considerou que precisaba unha formación específica foi o dos medios de comunicación.

Así, entre a Dirección Xeral de Política Lingüística, a Dirección Xeral da Compañía de Radio e Televisión de Galicia e a Dirección Xeral de Medios de Comunicación Social e Relacións Institucionais establecéronse ó longo destes anos diversos acordos destinados a difundir a nosa lingua neste ámbito. Entre os proxectos que se levaron á practica está a creación dunha tipoloxía específica de cursos de lingua adaptados ás diferentes funcións do persoal que traballa nos medios de comunicación.

Organizáronse pois a partir de 1990 tres tipos de cursos de lingua galega para o persoal da CRTVG (tanto da Radio Galega coma da Televisión de Galicia). As modalidades eran as seguintes:

- Curso de galego oral: estaba dirixido ós encargados de información, relacións públicas, reporteiros gráficos...
- Curso de galego escrito: dirixido ós guionistas e ó persoal da administración.
- Curso de fonética-estilística: dirixido ós periodistas e a locutores e presentadores de continuidade.

Antes de cada curso realizábase unha proba escrita (para medir os niveis de ortografía e morfosintaxe), unha proba oral (para medir os niveis de fonética e morfosintaxe así como as actitudes) e unha ficha sociolingüística individual (para coñecer o ambiente, os hábitos lingüísticos do alumno e o seu grao de bilingüismo)

Paralelamente a estes tres cursos realizábase tamén un curso de ortofonía e dicción, que tiña como principal obxectivo a adquisición por parte dos presentadores e locutores dos elementos propios dunha correcta dicción galega. Estes cursos estaban supervisados por membros do Instituto da Lingua Galega.

Ultimamente, desde hai un ou dous anos, ante a reticencia dalgúns presentadores e locutores a seren examinados en público nestes cursos específicos que acabamos de comentar, optouse por traballar con eles de xeito individualizado. O profesor Manuel González, membro do ILG que colaborou nesta iniciativa, cóntanos a metodoloxía empregada:

> ...nós o que faciamos era coller as cintas de gravacións dun período de tempo dunha persoa, examinar a lingua e despois, nunha tarde dun venres, ir repasando os fallos ofrecéndolles unha serie de recursos para corrixilos e en determinados casos tamén outro tipo de recursos encamiñados non só á corrección senón tamén ó enriquecimento da lingua. (En entrevista con Manuel González: 11-4-00)

Un terceiro colectivo que contou cunha oferta de formación lingüística especializada desde os primeiros anos de creación da DXPL foi o dos docentes. De acordo co disposto no artigo 6º da Lei de normalización lingüística, referido á formación e especialización do profesorado en lingua, literatura e cultura galegas, deseñáronse uns cursos de formación especializada orientados a capacitar ós docentes de Preescolar e Educación Xeral Básica para impartiren a materia de galego.

Esta formación consistía nunha serie de cursos asistenciais repartidos en dous ciclos. O primeiro ciclo estaba constituído por un curso de iniciación e outro de perfeccionamento, de 95 horas de duración cada un. Nestes cursos dispensábanse contidos de lingua, didáctica da lingua e actividades prácticas e unha vez superados ambos os dous, o mestre obtiña o certificado de capacitación para impartir galego en preescolar e nos dous primeiros ciclos do ensino básico.

Nun segundo ciclo dispensábase o curso de especialidade en lingua e literatura galegas, de 260 horas de duración, onde o mestre adquiría contidos de lingua, literatura, xeografía de Galicia, historia de Galicia, didáctica e actividades prácticas. Unha vez superado este curso, podía impartir lingua e literatura galegas en preescolar e todo o ensino básico.

Pola súa parte, os docentes dos niveis de Bacharelato e Formación Profesional que impartían outras materias, contaron tamén con cursos de iniciación e perfeccionamento, a través dos que se pretendía capacitalos para que dispensasen as súas respectivas materias empregando o galego como lingua vehicular.

A partir do artigo de Lamela Vilariño, P. e Otero Fernández, D. (1986), podemos achegar os seguintes datos, referidos ó número de cursos e alumnos formados a través destas modalidades ata 1986, data de publicación do citado artigo.

	Educ. Infantil / EXB		Ensino Secundario	
	Nº. Cursos	Aptos	Nº. Cursos	Aptos
Iniciación	85	3.884	32	1.080
Perfeccionamento	85	3.762		
Especialidade	49	2.422		

Dos datos ofrecidos pola DXPL, obtemos estas outras cantidades, referidas esta vez unicamente ó curso de especialidade en lingua galega:

	Nº. CURSOS		Nº. ASISTENTES	
A CORUÑA (95-99)	3		107	
PONTEVEDRA (95-99)	3		110	
OURENSE	(95-99) 2	(88-99) 20	(95-99) 39	(88-89) 551
LUGO	(95-99) 1	(88-89) 7	(95-99) 39	(88-89) 270

Outro proxecto de formación lingüística que a DXPL leva desenvolvendo desde hai uns anos no nivel comarcal son os cursos de comarca e lingua. Estes cursos están organizados anualmente polos diferentes servicios lingüísticos comarcais, creados en Galicia a partir dun convenio de colaboración entre a Dirección Xeral de Política Lingüística e a Sociedade Anónima para o Desenvolvemento Comarcal. Son cursos que non contan cun temario oficial único senón que se programan dependendo da comarca en cuestión onde se vaian dispensar e das necesidades desta. Nestes cursos, e en vista dos que a día de hoxe se levan realizado, os coñecementos lingüísticos e a adquisición da lingua non parece ser o principal obxectivo nin para os organizadores nin para os asistentes. Así, aínda que os contidos lingüísticos teñen unha importante presencia nos seus temarios, o principal obxectivo é vincular a lingua ó contexto sociocultural da comarca. Preténdese pois que se adquira unha competencia lingüística satisfactoria non a través dos métodos tradicionais de ensino senón a través do estudio e coñecemento da propia comarca.

O proxecto, cando menos en teoría, non deixa de ser interesante na medida que pretende achegar a aprendizaxe da lingua ó contexto sociocultural e económico no que se

desenvolve o aprendente. Con todo, na avaliación que Escola Cidadanía fixo do curso organizado polo Servicio Lingüístico Comarcal de Bergantiños (durante os III Encontros para a Normalización Lingüística organizados pola CDSG do Consello da Cultura Galega) chegábase á conclusión de que, a pesar do éxito que este tiña entre os habitantes da comarca, os seus contidos eran excesivamente culturalistas e o concepto de lingua estaba demasiado vinculado ó de cultura autóctona e tradicional.

Outro proxecto no que colabora a DXPL, xunto co Instituto da Lingua Galega e a Real Academia Galega, son os Cursos de Verán de Lingua e Cultura Galegas para Estranxeiros. Estes cursos, que se realizaran deste 1988, están deseñados especialmente para estudiantes universitarios e posgraduados que desexen perfeccionar a aprendizaxe da nosa lingua. Ó principio, tal e como conta o seu director[5], a admisión de participantes era máis restrinxida pois os cursos estaban pensados para formar profesores universitarios estranxeiros que despois puidesen dispensar estes coñecementos fóra das nosas fronteiras. Como moito, admitíase tamén naqueles primeiros anos alumnos de doutoramento recomendados polos seus titores. Co tempo estes criterios fóronse ampliando (o galego xa empezaba a estar presente nas diferentes universidades do exterior a través dos lectorados) e empezouse a admitir sen problemas a alumnos dos últimos anos da carreira, a alumnos que estudiaban outras disciplinas, etc.

O número de alumnos que participan nestes cursos foi tamén aumentado co tempo. Así pasouse dos 9 alumnos do primeiro ano ós 119 que participaron nesta última convocatoria do ano 2000. Ó longo das trece edicións pasaron por estes cursos un total de 1.120 alumnos de diferentes partes do mundo. Nesta última convocatoria en concreto participaron alumnos de Xapón, Tunisia, Marrocos, Exipto, Estados Unidos, Arxentina, Cuba, Brasil, Rusia, Polonia, Romanía, República Checa, Hungría, Alemaña, Italia, Francia, Inglaterra, Finlandia e Portugal, ademais de distintas Comunidades Autónomas do Estado español, como Euskadi, Cataluña, Andalucía, Valencia e Madrid (datos obtidos do Faro de Vigo, 30-7-00).

Desde 1998, para atender mellor ás diferentes necesidades do alumnado decidiuse ofrecer dúas modalidades:

5. En entrevista con Manuel González (11-4-00).

-Curso de verán de lingua e cultura galegas para españois de fóra de Galicia.

-Curso de verán de lingua e cultura galega para estranxeiros.

En ambas as modalidades preténdese que o alumno teña a oportunidade de familiarizarse coa lingua galega e coa realidade sociocultural de Galicia. Así, ademais das clases teóricas e prácticas de lingua galega, prográmanse lecciónns de literatura, historia, arte… ó mesmo tempo que se organizan excursións a diferentes lugares de Galicia que contan cun especial interese cultural ou paisaxístico.

Dentro de cada curso, que se organiza durante 22 días do mes de xullo, establécense os seguintes niveis:

-Nivel elemental, de iniciación á lingua galega. Está pensado para aqueles alumnos que se achegan por primeira vez ó estudio da nosa lingua. Así mesmo faise dentro deste nivel unha división en dous grupos, trala realización dun test, segundo o grao de comprensión da lingua que os alumnos posúan.

-Nivel medio. Destinado a aqueles alumnos que xa cursaron o nivel elemental ou que posúan un coñecemento básico do galego.

-Nivel superior. Trátase dun curso organizado en diferentes módulos onde se tratan, entre outros temas, problemas gramaticais, literatura, sociolingüística ou historia da lingua.

Esta é pois a oferta de cursos presenciais de lingua (no ensino non regrado) que organiza, ou onde participa activamente, a Xunta de Galicia[6]. Como vimos, temos os cursos de iniciación e perfeccionamento da lingua, os cursos de linguaxe administrativa galega (nas diferentes modalidades), os cursos de linguaxe xurídica galega, os cursos de comarca e lingua, os cursos específicos para traballadores da CRTVG e os cursos de lingua e cultura galegas para estranxeiros. Aínda que a primeira vista poida parecer que contamos cun amplo abano de posibilidades, en realidade os únicos colectivos de adultos que contan cun ensino da lingua galega minimamente adaptado ás súas necesidades son os funcionarios da Administración pública, os traballadores da CRTVG e os docentes. O resto da poboación

6. Un lugar á parte ocuparíano os cursos de lingua galega dispensados nas diferentes Escolas Oficiais de Idiomas, que presentan moitas máis similitudes co ensino da lingua para adultos regrado ca co non regrado. Con todo, tal e como vimos, na lexislación oficial considérase este ensino como ensino non regrado da lingua. Por carecer dos datos necesarios non analizaremos esta modalidade específica de cursos de lingua.

adulta debe contentarse cos cursos de iniciación e perfeccionamento da lingua e nalgúns casos, para aqueles que conten cun servicio lingüístico comarcal na súa comarca, cos cursos de comarca e lingua.

Aínda que evidentemente a Administración pública, os docentes e os traballadores dos medios de comunicación públicos eran sectores que urxía formar e galeguizar cun ensino especializado, dado o importante papel que desempeñan na normalización do idioma, cremos que se descoidaron outros sectores igualmente transcendentais no futuro da nosa lingua como poden ser o mundo da empresa privada ou o das diferentes profesións liberais.

Bótase en falta a creación por parte das institucións competentes dun ensino da lingua para adultos ben planificado que responda ás necesidades individuais de todos os sectores sociais. ¿Ou pretendemos acaso que eses mesmos sectores sociais que queremos normalizar lingüisticamente (por estaren cheos de prexuízos e de prácticas lingüísticas diglósicas) vaian eles mesmos, por iniciativa propia, adaptar uns contidos excesivamente gramaticais e xerais á súa práctica cotiá?

Con todo, e pese ós seus defectos, estes cursos de iniciación e perfeccionamento da lingua, como xa se dixo liñas máis arriba, foron e seguen a ser solicitados desde todo tipo de entidades e colectivos. Así, unhas veces por careceren de recursos para organizar cursos propios, outras veces por consideraren simplemente que a organización destes non é da súa competencia, recórrese a estes cursos da DXPL desde entidades tan variadas como unha universidade galega, unha asociación de amas de casa, un colexio de farmacéuticos ou unha agrupación de Protección Civil, por poñer algúns exemplos.

Pero se é certo que case todas as iniciativas de ensino non regrado da lingua nesta segunda etapa xiran arredor dos diferentes organismos institucionais, destacando a DXPL, non é menos certo que certas entidades consideraron que a oferta educativa organizada desde os poderes públicos non era a axeitada e emprenderon pola súa conta iniciativas propias de educación de adultos, aínda que a maioría delas dependeran sempre dun financiamento externo, que proviña case sempre da propia DXPL.

De seguido comentaremos outras iniciativas de ensino non regrado da lingua que se organizaron nesta segunda etapa (anos 90) desde outras entidades non dependentes da

Xunta de Galicia e que pretendían ofrecer un ensino do galego alternativo que atendese as necesidades particulares do alumnado ó que ían dirixidos. Para isto escollemos catro exemplos que nos parecen especialmente interesantes, aínda que existen en Galicia moitas máis entidades (academias de ensino, asociacións culturais, colexios profesionais…) que organizan os seus propios cursos de galego para adultos. Con todo, debido a que sería imposible deternos en todos os casos (tampouco é ese o obxecto deste informe) escolmamos algúns exemplos que puidesen resultar representativos para dar conta deste outro sistema de ensino alternativo.

• *A formación en lingua galega do SERVICIO DE NORMALIZACIÓN LINGÜÍSTICA DA UNIVERSIDADE DE SANTIAGO DE COMPOSTELA (USC)*

O primeiro exemplo que comentaremos son os cursos de lingua galega organizados polo Servicio de Normalización Lingüística da USC. A área de formación deste servicio ten como obxectivo principal que a comunidade universitaria poida resolver as eivas lingüísticas que impiden a normalización lingüística nesta universidade. Así, desde 1989 e ata 1996 esta entidade trataba de compensar esta carencia de formación lingüística solicitando os cursos de iniciación e perfeccionamento da DXPL, que eran dispensados tanto no campus de Santiago coma no de Lugo entre os diferentes colectivos da comunidade educativa (alumnado, grupos de profesores/as, membros do persoal da administración e servicios…). Deste xeito, durante estes anos dispensáronse ducias e ducias de cursos de iniciación e perfeccionamento ós que asistiron centos de alumnos, mestres e membros do PAS (persoal de administración e servicios) da USC.

En 1996 os responsables deste servicio de normalización lingüística deciden poñer en marcha unha oferta de formación en lingua galega propia creando cursos específicos para cada colectivo. Aínda así, no marco dun convenio de colaboración que o Servicio de Normalización Lingüística da USC mantén coa DXPL, estes cursos, aínda que xestionados e organizados desde o servicio de normalización, están financiados pola DXPL.

Temos aquí pois outra alternativa de actuación para a DXPL: ante a imposibilidade de ofrecer unha oferta educativa variada e adaptada ás necesidades dos diferentes sectores sociais, desde a DXPL pódense ofrecer os recursos, sobre todo económicos, para que as

diferentes entidades e organismos sociais creen o seu propio "producto" educativo adaptado ó contexto no que se desenvolven. Con todo, este método ten tamén os seus inconvenientes. Por un lado non podemos esperar a que as diferentes entidades e organismos sociais, boa parte deles pouco sensibilizados coa normalización da lingua, tomen a iniciativa de organizar cursos de lingua propios. Por outro lado, fomentar sistemas de educación de adultos dependentes dunha subvención anual impediría que se crease unha estructura sólida e estable que puidese desenvolver con éxito todas as premisas da educación permanente.

Con todo, tal e como viñamos comentando, o Servicio de Normalización da USC posúe desde 1996 unha oferta de formación en lingua galega propia que se compón dos diferentes cursos:

1. *Curso para non galegofalantes*

Este curso está especialmente pensado para aquelas persoas que, por seren de fóra da nosa comunidade, non tiveron ningunha formación en lingua galega. O curso está organizado en dous niveis, un nivel elemental (para alumnos sen ningún coñecemento da nosa lingua) e un nivel de competencia (para alumnos que posúen xa uns coñecementos mínimos). Ambos os niveis teñen unha duración de 80 horas lectivas e neles séguese un deseño curricular e uns materiais didácticos propios.

No "anexo I.h" deste informe axuntamos os temarios que se empregaban nestes cursos. Recentemente a editorial Everest editou un *Curso de lingua galega para non galego falantes*, coordinado polo técnico responsable do Servicio de Normalización Lingüística da USC, M. Núñez Singala, e que foi elaborado a partir da experiencia adquirida dispensando durante os últimos anos estes cursos. Neste método, onde se traballan os contidos dispensados no nivel elemental, variouse levemente a progresión dos contidos con respecto ó temario que se viña empregando ata o de agora. (anexo I.h.).

A continuación, segundo os datos facilitados polo propio Servicio de Normalización Lingüística da USC, presentamos o número de cursos realizados, así coma o número de alumnos que obtivo neles a cualificación de apto.

CURSOS PARA NON GALEGOFALANTES (CAMPUS DE SANTIAGO)

	Nivel Básico		Nivel Medio	
	Nº. Cursos	Nº. Aptos	Nº. Cursos	Nº. Aptos
Cursos 95-96	2	25		
Cursos 96-97	2	22	1	11
Cursos 97-98	2	22	1	14
Cursos 98-99	2	14	2	20

2. *Curso para persoal docente e investigador*

Estes cursos, de 20 horas de duración, están dirixidos ó persoal docente e investigador da USC que teña xa algúns coñecementos de lingua galega. Neles trátanse aquelas cuestións que presentan máis problemas e dúbidas no uso tanto oral como escrito da nosa lingua (guión do curso no "anexo I.i" deste informe).

Como manual de apoio recomendábaselles ós mestres que dispensaban estes cursos que empregasen as *Normas ortográficas e morfolóxicas do idioma galego*, elaboradas polo ILG e a RAG, e que dispensasen os diferentes contidos do programa partindo de textos relacionados co contexto habitual do alumnado. Así mesmo, advertíase que o curso non estaba pensado para ofrecerlles ós alumnos un compendio de formas gramaticais ou ortográficas senón para traballar sobre aquelas cuestións máis problemáticas, sobre todo da lingua escrita, e tamén para orientalos na utilización dos diferentes recursos (diccionarios, manuais, gramáticas, correctores…) que lles servirían para solucionar por si mesmos posibles problemas futuros.

O número de cursos realizados e de alumnos formados nestes cursos, tanto no campus de Santiago coma no de Lugo, é o seguinte:

CURSOS DE GALEGO PARA PERSOAL DOCENTE E INVESTIGADOR

	Nº. Cursos	Nº. Aptos
Cursos 97-98	2	22
Cursos 98-99	2	14

3. *Curso de lingua galega (reciclaxe) para PAS*

Estes cursos, enmarcados no plan de formación continua para PAS da USC, están destinados ó persoal da universidade que asistise no pasado a cursos de lingua galega e queira actualizar os coñecementos adquiridos daquela.

O curso conta con 30 horas de duración e nel trátanse aquelas cuestións que presentan maior dificultade no traballo cotiá dos alumnos. Así, coas modificacións que requiran as circunstancias, séguese o seguinte guión:

- Repaso gramatical básico.
- Repaso de ortografía.
- Aspectos de especial dificultade (uso de te/che, colocación do pronome átono, uso do infinitivo conxugado).
- Conxugación verbal.
- Perífrases verbais.

Os datos de cursos realizados nos dous campus e de alumnos formados son os seguintes:

CURSOS DE LINGUA GALEGA (RECICLAXE) PARA PAS

	Nº. Cursos	Nº. Aptos
Cursos 97-98	2	19
Cursos 98-99	3	37
Cursos 99-00	2	47

4. *Curso de linguaxe administrativa para PAS*

Ó igual có anterior, este curso enmárcase tamén dentro do programa de formación continua para PAS. Nas 30 horas que dura o curso preténdese que o alumno se familiarice coa linguaxe administrativa e en especial cos problemas específicos da linguaxe administrativa galega. Para este curso, igual que para os outros, elaborouse no propio servicio un deseño curricular (anexo I.k) e uns materiais específicos. Dentro destes materiais é de especial relevancia o manual en dous volumes *Mellorando os servicios. Como ti queres*, elaborado en 1997 por membros do servicio.

Así pois, desde 1996 lévanse realizado nos dous campus da universidade compostelá os seguintes cursos de linguaxe administrativa para PAS:

CURSOS DE GALEGO PARA PERSOAL DOCENTE E INVESTIGADOR

	Nº. Cursos	Nº. Aptos
Cursos 96-97	5	100
Cursos 97-98	3	32
Cursos 98-99	2	28

5. *Curso de técnicas de redacción para PAS*

É este o terceiro dos cursos destinado ó persoal da administración e servicios organizado polo Servicio de Normalización Lingüística da USC. Neste curso, de 10 horas de duración, dispensábanse contidos específicos da lingua escrita (ver anexo I.l) poñendo particular interese na análise dos documentos cos que traballa a cotío o PAS. Na actualidade este curso deixou de organizarse xa que moitos dos seus contidos cruzábanse cos contidos dispensados no curso de linguaxe administrativa e polo tanto non gozaba de excesiva aceptación entre o alumnado ó que ía dirixido. Así, organizáronse só tres edicións, unha no curso 96-97 (á que asistiu un total de 11 alumnos) e dúas no curso 97-98 (onde se formaron 28 alumnos).

6. *Curso para a optimización lingüística e do deseño de traballos de investigación*

Este curso, que en pasadas edicións se chamou Seminario para proxectistas ou Seminario para a optimización de textos científicos, está deseñado especialmente para aquelas persoas que teñen pensado facer en galego o seu proxecto de fin de carreira, a súa memoria de licenciatura ou a súa tese.

O curso, de 16 horas lectivas, divídese en dúas seccións: unha sección de 8 horas onde se dispensan coñecementos de informática (Word basicamente) e outra sección, tamén de 8 horas, onde se dispensan coñecementos de lingua (un repaso xeral para actualizar aquelas cuestións básicas que resultan fundamentais na redacción dun traballo destas características). No "anexo I.m" achegamos o temario deseñado especificamente para esta modalidade de formación lingüística.

Para adaptarse ás necesidades do alumnado ó que vai dirixido, cada ano realízase este curso en dúas quendas: unha no mes de nadal para aquelas persoas que queiran presentar o seu traballo nas convocatorias de febreiro ou xuño e outra no mes de abril para aqueles que queiran facelo na convocatoria de xuño ou setembro.

Os datos de números de alumnos formados nestes cursos son os seguintes:

CURSO PARA A OPTIMIZACIÓN LINGÜÍSTICA E DO DESEÑO DE TRABALLOS DE INVESTIGACIÓN

	Nº. de Alumnos Aptos	
	Quenda Outono	Quenda Primavera
Cursos 96-97	26	34
Cursos 97-98	32	47
Cursos 98-99	55	61
Cursos 99-00	50	80 [7]

7. *Curso de lingua oral*

Este curso, que era só un proxecto no momento en que o responsable do Servicio de Normalización Lingüística nos proporcionou toda a información que agora estamos a comentar (marzo de 2000), estaba previsto que se realizase a finais dese mesmo ano.

7. Nesta quenda realizouse este curso nos dous campus da USC. Con anterioridade este curso realizábase só no campus de Lugo.

O principal obxectivo deste curso é perfeccionar a capacidade de expresión oral en lingua galega, corrixindo defectos de pronuncia e potenciando as capacidades de expresión. O curso está especialmente deseñado para o persoal de administración e servicios que se dedican á atención ó público (telefonistas, rexistros, unidades de Xestión Académica, etc.) e tíñase previsto que contase cunhas 20 horas de duración.

O programa (provisional) detense nas principais características da lingua oral e achegámolo tamén no "anexo I.n" deste informe.

Esta é pois a oferta de formación non regrada en lingua galega coa que conta na actualidade o Servicio de Normalización Lingüística da Universidade de Santiago de Compostela. Aínda que calquera cousa é sempre susceptible de ser mellorada, parécenos un bo exemplo de planificación previa das necesidades dos diferentes sectores da comunidade educativa e de posta en marcha dun proxecto de formación lingüística variado con cursos máis xerais e outros máis especializados que atenden ó rexistro oral, ó rexistro escrito, a linguaxes especializadas (coma a administrativa)... Parécenos tamén salientable o esforzo de elaborar un material didáctico específico para estes cursos que axude a situar os contidos que se pretende transmitir no contexto cotián de traballo do alumnado..

En xeral, un bo exemplo e modelo que pode seguir calquera dos outros dous servicios de normalización lingüística das Universidades de Vigo ou a Coruña, que seguen botando man dos cursos xerais de iniciación e perfeccionamento da DXPL para atender as necesidades dunha comunidade educativa que, como acabamos de comprobar, precisa dunha oferta moito máis ampla e especializada.

• *Os cursos de galego comercial da CONFEDERACIÓN DE EMPRESARIOS DE GALICIA*

O segundo exemplo de formación non regrada da lingua que comentaremos, desenvolvido á marxe dos cursos da DXPL, son os Cursos de galego comercial[8] que organizou a Confederación de Empresarios de Galicia (CEG) durante o ano 1997.

A CEG é unha organización privada, sen ánimo de lucro, á que pertencen 290 asociacións empresariais sectoriais e as catro confederacións provinciais de empresarios e entre as

8. O financiamento destes cursos conseguiuse a través dunha subvención que a CEG solicitou á DX XXII do Consello de Europa.

súas funcións está proporcionar información e formación ós membros das máis de 50.000 empresas que agrupa.

Polo que respecta á formación en lingua galega, antes do ano 1996 a CEG solicitaba anualmente os cursos de iniciación e perfeccionamento da DXPL para cubrir ese servicio de formación que, como dixemos, prestaba entre as súas empresas.

A necesidade de ofrecer unha formación lingüística máis especializada detectouse despois de consultar os datos dunha enquisa sociolingüística que se fixera entre os empresarios das diferentes empresas pertencentes á CEG. Os datos obtidos nesta enquisa daban conta do gran descoñecemento da lingua galega que había neste sector, polo que desde a confederación púxose en marcha un proxecto de formación que se compoñía de dúas accións principais: a publicación dun manual de galego comercial, que se publicaría en 1997, e a organización dunha serie de cursos onde se difundirían estes coñecementos.

Deste xeito, os cursos de galego comercial organizáronse atendendo ás necesidades de tres destinatarios potenciais: os licenciados en filoloxía galega que ían dispensalos, os empresarios e os estudiantes de certas ramas de Formación Profesional que serían nun futuro próximo tamén traballadores do mundo empresarial.

Do primeiro tipo, curso de galego comercial para formadores, organizáronse dous cursos onde se formaron un total de 32 licenciados en filoloxía galega. O curso contaba con 50 horas de duración das que 10 se dedicaban a contidos pedagóxicos e didácticos relacionados coa educación de adultos e as outras 40 a familiarizarse coas características específicas do galego comercial, para o que se empregaba como libro guía o *Manual de galego comercial* que a propia CEG elaborara. O manual estructúrase en 8 apartados onde se van tratando os diferentes documentos que se empregan nas relacións empresariais (carta comercial, factura, letra, efecto, convocatoria de reunión, acta...) e analizando as súas principais características lingüísticas.

Trátase en xeral de fornecer ó alumno das ferramentas básicas para desenvolver con éxito calquera actividade empresarial. Neste caso, ó estar o curso dirixido a futuros formadores, trataríase simplemente de que eles se familiarizasen cos diferentes recursos da linguaxe comercial para poder transmitírllelos despois ós seus alumnos.

Unha vez formados os futuros mestres, organizouse un seminario de galego comercial dirixido ós empresarios. A este seminario, de 15 horas de duración, acudiron un total de 16

empresarios. A maior parte das horas dedicáronse a traballar sobre a correspondencia comercial en xeral, incidindo especialmente no seu léxico máis común. Con todo, as grandes diferencias no nivel de coñecementos previos entre os alumnos fixo necesario dedicar algún tempo a repasar aqueles aspectos gramaticais máis elementais.

Pero a modalidade que tivo máis éxito foi sen dúbida o curso de galego comercial dispensado en 23 institutos ou colexios de diferentes zonas de Galicia onde se realizaban estudios de Formación Profesional.

Desde a CEG considerouse que non só era preciso formar os traballadores en activo senón que tamén sería moi interesante difundir estes coñecementos entre futuros traballadores do eido empresarial. Así, recibiron a convocatoria a totalidade de colexios e institutos de Galicia que tiñan aquelas ramas de FP máis vinculadas ó mundo empresarial, ofrecéndolles a posibilidade de seren dispensados entre aqueles alumnos que así o solicitasen.

Como diciamos, foron 23 os colexios ou institutos que solicitaron estes cursos polo que se organizaron un total de 29 (nalgúns institutos foi preciso organizar varios grupos) nos que se formaron 558 alumnos de diferentes ramas de FP (metal, administrativo e secretariado, comercio, administración e finanzas...)

Nestes cursos, de 40 horas de duración, traballábase fundamentalmente co *Manual de galego comercial* xa mencionado. Ademais, dispensáronse tamén algunhas lecciónns de sociolingüística, que tiñan como principal obxectivo reflexionar sobre algúns dos prexuízos máis comúns que estaban a provocar que o eido empresarial seguise a ser un dos sectores sociais menos galeguizado.

Esta interesante iniciativa, pioneira en Galicia na formación non regrada da lingua no mundo empresarial, non contou con novas edicións nos anos posteriores, a pesar do grande interese de moitos centros de ensino porque se volvesen dispensar estes cursos entre o seu alumnado.

O ensino non regrado da lingua na formación ocupacional, exceptuando iniciativas illadas coma a que acabamos de comentar, é practicamente nulo na nosa comunidade, xa que tanto a DXPL (con competencia na formación non regrada da lingua) coma o INEM (órgano competente en aprobar a listaxe de especialidades que se poden impartir nos cursos de formación ocupacional) teñen totalmente desatendida a formación lingüística permanente destinada tanto a traballadores en activo como a traballadores desempregados.

Segundo o informe que a propia Consellería de Familia e Promoción do Emprego, Muller e Xuventude lle enviou á Sección de Lingua do Consello da Cultura Galega,

> Os cursos de formación ocupacional están destinados a mellora-la empregabilidade dos traballadores desempregados e por iso tratan de cualificalos para ocupacións concretas demandadas polo mercado de traballo. Así, os Servicios Centrais do INEM –que é o órgano competente para aproba-lo listado de especialidades que se poden impartir nos cursos de formación ocupacional– non inclúe no Ficheiro de Especialidades Formativas ningunha destinada á formación nas distintas linguas oficiais no Estado, do mesmo xeito que non se inclúe ningunha formación que xa teña ensinanza regulamentada no sistema educativo, senón cursos especificamente demandados polo mercado de traballo coma inglés comercial, francés de atención ó público, etc.
>
> Polo tanto, e no que se refire á Comunidade Autónoma de Galicia, non se impartiu ningún curso de formación ocupacional deseñado para a adquisición ou perfeccionamento na lingua galega.

Como pode observarse, considérase que ningunha das dúas linguas oficiais (coma se as dúas gozasen do mesmo prestixio e porcentaxe de uso no mundo laboral) precisan de seren atendidas dentro do sistema de formación ocupacional pois estas son xa materias obrigatorias no sistema de educación regrado (coma se non tivese sentido a formación permanente e especializada de adultos en todas aquelas materias que xa teñen presencia no ensino oficial).

Ó noso entender, este é outro dos datos que evidencia a feble organización do sistema de educación permanente de adultos por un lado e a inexistencia de planificación do ensino non regrado da lingua por outro.

• *Os obradoiros Máis alá! de lingua e sociedade do COLECTIVO BAMBÁN*

O terceiro exemplo de formación non regrada do galego que escollemos é tamén na nosa opinión unha das iniciativas máis innovadoras que se levou a cabo na nosa comunidade, cando menos nesta segunda etapa que agora estamos a comentar (década dos 90). Estámonos a referir ós obradoiros Máis alá! de lingua e sociedade que organizou o Colectivo Bambán de Sociolingüística en colaboración co Concello de Santiago este pasado curso 1999-2000.

Aínda que nesta súa primeira edición os cursos foron dispensados entre alumnos de 14 a 18 anos (non se consideraría ensino non regrado para adultos) consideramos que sería

igualmente interesante analizarmos esta iniciativa pois estes obradoiros non están deseñados estrictamente para seren dispensados entre alumnos de ensino medio, senón que nun futuro próximo o Colectivo Bambán pretende chegar coas súas actividades de formación a todo o conxunto da sociedade. É pois un ensino non regrado da lingua desde o punto de vista da sociolingüística, que constitúe unha interesante alternativa ós métodos de ensino máis comúns e tradicionais, excesivamente gramaticalistas.

O Colectivo Bambán de Sociolingüística, formado por licenciados en Filoloxía Galego-Portuguesa, mestres e animadores socioculturais, nace en 1999 con dous obxectivos principais: observar, coñecer, describir e reflexionar sobre a situación actual da lingua galega e implicarse en diferentes ámbitos da sociedade con técnicas de animación e intervención sociocultural. En palabras do propio colectivo:

> O Colectivo Bambán asume, polo tanto, pretensións experimentais, renovadoras e críticas no tratamento da cuestión da lingua, nun momento que consideramos de relaxación e mesmo pasividade fronte ao proceso de substitución lingüística dos diversos responsabeis (educativos, asociativos, políticos, cidadáns...) queremos poñer o noso gran de area na construción dun futuro normalizado para a nosa lingua.
>
> Pensamos que coas nosas informacións e actividades colaboramos na formación integral dos individuos –achega de substrato- que cremos indispensábel na constitución cívica, cultural e intelectual dos/as cidadáns/ás galegos/as do futuro.

A primeira actividade coa que este colectivo se deu a coñecer foron os Obradoiros de Lingua e Sociedade, organizados xunto co Concello de Santiago e coa colaboración da DXPL, que durante o curso escolar 1999-2000 se dispensaron en diferentes centros de ensino medio composteláns. En total organizáronse 8 obradoiros ós que asistiron un total de 106 participantes.

Esta innovadora proposta educativa ten como principais obxectivos os seguintes:

- Contribuír á educación da sensibilidade lingüística a través do coñecemento sobre a realidade máis próxima, do entendemento da complexidade das relacións sociedade-lingua, do cuestionamento dos prexuízos e do exercicio dun espírito crítico.
- Favorecer a adquisición de actitudes positivas cara á lingua amosando a reversibilidade da situación sociolingüística, combatendo a visión reduccionista e empobrecedora

que tende a uniformar a realidade, dando a coñecer a historia do galego e establecendo vínculos entre a escola e a sociedade.

- Provocar cambios nos hábitos lingüísticos priorizando o desenvolvemento da expresión oral, conectando a lingua coa solidariedade, a ecoloxía, a igualdade dos sexos, a educación para a paz..., e transmitindo o valor da capacidade transformadora do individuo na sociedade e das iniciativas grupais e asociativas.

Para levar adiante estes obxectivos elaborouse unha programación de contidos que está estructurada en oito grupos temáticos e que achegamos no "anexo I.ñ" deste informe.

Cunha metodoloxía didáctica que abrangue o ludismo, a reflexión individual, o traballo en grupo e o contacto activo co contexto sociolingüístico máis próximo, estes obradoiros Máis alá! pretenden efectivamente chegar máis alá do que vén sendo habitual no ensino da lingua e amosarlle ó alumnado a cara máis humana das linguas: a súa relación, ás veces conflictiva, co ser humano.

Visto pois este terceiro e innovador exemplo de ensino non regrado da lingua, non queremos pechar este capítulo sen falar doutra entidade que naceu na primeira etapa que delimitamos e, a diferencia de moitas das súas coetáneas, conseguiu manterse no tempo desenvolvendo un incuestionable labor a prol da galeguización do ensino e da normalización lingüística en xeral. Referímonos á Asociación Sócio-Pedagóxica Galega (AS-PG).

• *A formación en lingua galega da ASOCIACIÓN SÓCIO-PEDAGÓXICA GALEGA*

A AS-PG nace en 1978 no contexto do movemento de renovación pedagóxica que comentamos liñas máis arriba coa intención de agrupar todas aquelas persoas, especialmente mestres de todos os niveis, que quixesen traballar a prol da galeguización do ensino.

Así, desde o mesmo momento da súa creación, a AS-PG promoveu a organización de xornadas, encontros pedagóxicos e durante a década dos 80 mesmo cursos específicos de lingua e cultura galegas. A finais de 1983, diferencias político-lingüísticas no seo desta asociación acabarían provocando unha grave crise interna que remataría na escisión e aparición de dúas ramas: AS-PG (Asociación Sócio-Pedagóxica Galega) e ASPGP (Asociação Sócio-pedagógica Galaico-portuguesa).

Aínda que de calquera das dúas asociacións podiamos ter falado máis polo miúdo cando comentamos a situación sociocultural na que se desenvolveu o ensino non regrado da lin-

gua na primeira etapa, pois ambas desenvolveron a través de xornadas, encontros ou conferencias un importante labor pedagóxico durante todos eses anos, preferimos agardar a presentalas nesta segunda etapa para amosalas como exemplo de continuidade e traballo constante no eido da formación non regrada.

No que se refire ó ensino da lingua que estas entidades desenvolveron nesta segunda etapa (década dos 90) temos que dicir que ningunha delas dispensa actualmente o que poderiamos chamar "curso de lingua galega", senón que a formación lingüística que ofrecen sitúase no marco das diferentes xornadas e encontros pedagóxicos que organizan ó longo do ano.

Por ser das dúas a que desenvolve un maior e máis variado número de actividades, escollemos a AS-PG para exemplificar o ensino non regrado da lingua desenvolvido no eido das asociacións pedagóxicas e as súas xornadas ou escolas de verán.

A Asociación Sócio-Pedagóxica Galega realiza ó longo do ano diferentes actividades pedagóxicas, totalmente desvinculadas de calquera tipo de ensino regrado ou non regrado que poida provir das institucións oficiais, que teñen como obxectivo prioritario ofrecerlles ós diferentes mestres ou alumnos en xeral as ferramentas axeitadas para acometer a desexada renovación pedagóxica e galeguización do ensino. Os contidos lingüísticos ofrécense pois a través de seminarios, aulas ou obradoiros onde se pretende combinar unha formación máis orientada á didáctica da lingua con outra máis estrictamente lingüística que sirva de actualización ou reciclaxe para aqueles mestres que non recibiron durante a súa formación académica os suficientes coñecementos de galego.

Para exemplificalo, escolmamos todas as edicións dun mesmo ano (1998 por exemplo) das diferentes actividades pedagóxicas que esta asociación realiza, para poder ver cáles son exactamente os coñecementos lingüísticos que nelas se transmitiron.

Así, por exemplo nas XXII XORNADAS DO ENSINO, celebradas na Coruña en 1998 dispensáronse as seguintes clases de lingua[9]:

Aulas de lingua:

- Semántica léxica: estudo das estructuras léxicas (campos semánticos e a sua tipoloxia, clases lexicais e solidariedade léxica). As relacións semánticas: antonímia, polisémia e homonímia.

9. Reproducimos os programas na variedade ortográfica orixinal.

- A formación das palabras: estudo detallado dos diversos procedimentos de formación de palabras e dos procesos de ampliación do vocabulário.
- Leitura e expresión: de como facer na aula o camiño que vai da leitura á expresión oral.

Tamén nas diferentes Semanas da Educación que esta asociación organiza se dispensan seminarios con contidos de lingua. Escollemos como exemplo a X SEMANA DA EDUCACIÓN, organizada en 1998 en Pontevedra. Nela dispensáronse os seguintes seminarios relacionados coa lingua:

A- O sabor das palabras

-A prosodia do galego na práctica oral.

-A fonética, do punto de vista da praxe: vocais, consoantes e grupos fónicos.

-A práctica oral, leitoral, dramática e musical da lingua escrita: a leitura en galego. Da grafia ao son vocalizado. Leitura dramatizada, verso e música.

-Tratamento de dificultades de percepción e articulación.

-A expresión espontánea e a corrección prosódica.

B- Textos e contextos

-O xogo coas palabras, como sentimentos das nosas competencias. Falar é máis que dicir palabras.

-A lectura e maila escritura como demandas de intimidades, como camiño de identidade.

-A lectura como entusiasmo novidoso que nos quita medos do fantástico. No terreo da imaxinación estamos a salvo.

-As palabras están connosco para poñelas en vida. Abraza os soños con tenrura como o boneco de dormires cando neno.

-Investiguemos na capacidade de sentir. As palabras da lingua son os grans que pousamos no camiño para non perdernos.

Do mesmo xeito aténdese tamén ó ensino da lingua nos diferentes encontros pedagóxicos que se organizan anualmente en diferentes puntos de Galicia. Así, nos VII ENCONTROS PEDAGÓXICOS, celebrados en Santiago en 1998, tratáronse os seguintes temas nun obradoiro dedicado á animación á lectura:

Taller de animación á leitura: contar contos nas aulas, como?, porque?

-Os textos: tipoloxía segundo a estrutura, o receptor e a procedéncia.

-O/a narrador/a.
-Diferencias cos recursos teatrais.
-Recursos expresivos do/a narrador/a.

Nese mesmo ano, durante as VIII Xornadas de Lingua e Literatura en Santiago de Compostela, dispensáronse os seguintes seminarios:

-Mantemento e recuperación lingüística na escola: unha visión desde o mapa sociolingüístico de Galiza.
-Consecuencias estructurais do contacto entre linguas.
-Comentario filolóxico de textos.
-Aproximación a un modelo fonético culto para o galego.
-Análise da linguaxe infantil.

Vemos pois como os contidos de lingua están presentes en calquera das modalidades da ampla oferta educativa que a AS-PG desenvolve na actualidade e, aínda que nós exemplificámolo escollendo só un ano, o 1998, esta situación vénse repetindo de xeito semellante nas diferentes edicións destes encontros e xornadas ó longo de toda a década.

• Algunhas conclusións:

A través destes catro exemplos, a oferta educativa do Servicio de Normalización Lingüística da USC, os cursos de galego comercial da CEG, os obradoiros Máis Alá! do Colectivo Bambán e o ensino non regrado da lingua nas escolas de verán e xornadas da AS-PG, quixemos presentar unha panorámica xeral do ensino non regrado da lingua organizado por entidades alleas á DXPL que na actualidade se está a desenvolver en Galicia, aínda que, como vimos, a maior parte delas sigan a depender dun financiamento externo que provén de organismos ou institucións oficiais.

Como pode observarse, é este un ensino que trata de contrarrestar a escasa e pouco variada oferta educativa da DXPL, ó comprobaren estas entidades que os cursos xerais de iniciación e perfeccionamento non cobren as necesidades de formación lingüística dos diferentes sectores da sociedade, que precisan dunha oferta educativa especializada e adaptada ó seu contexto particular.

En principio a iniciativa de entidades coma a USC ou a CEG de elaborar elas mesmas o seu propio "producto educativo", deseñado especialmente para o tipo de alumnado ó que vai dirixido, parécenos moi interesante pero, como xa dixemos, o grande inconveniente é

que a excesiva dependencia de subvencións oficiais para poder manter estas estructuras educativas pode provocar nalgúns casos a inestabilidade e pouca continuidade destes proxectos.

Como conclusión e despois de facer este pequeno percorrido pola historia do ensino non regrado da nosa lingua, na modalidade de curso presencial, pecharemos este apartado coas seguintes reflexións:

- Detectamos neste eido unha carencia fundamental e básica: a falta dun sistema de educación de adultos ben organizado onde poida inscribirse a formación permanente de adultos que, entre outras moitas cousas, lles proporcione a todos os sectores da nosa sociedade unha competencia comunicativa plena o máis adaptada posible ás necesidades particulares de cadaquén.

- Esta carencia provocou nunha primeira etapa (anos 60, 70 e boa parte dos 80) que as iniciativas a prol do ensino da lingua para adultos tivesen que ser organizadas por entidades privadas que, aínda que dispoñían da mellor das vontades, carecían da estructura e os medios axeitados para levar a cabo unha difusión da lingua que chegase a todos os sectores sociais de xeito homoxéneo e planificado.

- Nunha segunda etapa (finais da década dos 80 e década dos 90), cando certos organismos públicos, coma a DXPL, adquiren competencias en formación non regrada de adultos, non se consegue tampouco proporcionar unha oferta educativa en lingua galega axeitada e acorde coas necesidades específicas dos diferentes sectores sociais, debido fundamentalmente a deficiencias no que Cooper denominou “planificación da adquisición”.

- Para contrarrestar estas carencias educativas, nesta segunda etapa certas entidades deciden organizar elas mesmas a súa propia oferta de formación en lingua galega para adultos adaptada ó seu contexto social e laboral. Con todo, a falta dun organismo superior que coordine e planifique todas estas iniciativas segue a provocar, o mesmo que acontecía na primeira etapa, que nos atopemos cunha serie de proxectos moi interesantes pero que funcionan de xeito autárquico, sen a debida transversalidade, e que na maioría dos casos teñen serias dificultades para conseguir un financiamento estable que proporcione a necesaria continuidade do proxecto.

- Atopámonos pois, 35 anos despois das primeiras iniciativas clandestinas de ensino non regrado do galego, cunha situación de desorganización e falta de coordinación que non deixa senón entrever os febles alicerces nos que se sustentan tanto o sistema de educación

de adultos en xeral coma os proxectos de adquisición lingüística que se desenvolven neste contexto particular.

3.3. ARTIGOS OU CURSOS DE LINGUA EN PUBLICACIÓNS PERIÓDICAS DE CARÁCTER XERAL OU ESPECIALIZADO

Como xa dixemos no apartado anterior, o curso presencial é con moito a modalidade máis empregada en calquera sistema de ensino, e así acontece tamén en Galicia. Aínda así, hai moitos outros medios que poden ser tamén vehículo válido para a transmisión de coñecementos. No caso do ensino non regrado da lingua galega, a publicación de cursos de lingua en diferentes xornais ou de artigos de difusión en publicacións periódicas foi un método bastante empregado sobre todo pensando naquelas persoas que nunca recibiran unha formación académica en galego e agora estaban a demandar estes coñecementos.

Revisar un por un todos os xornais editados desde os anos 70 ou consultar todas as publicacións periódicas con algún contido de lingua que se publicaron en Galicia sería obxecto dun traballo moito máis amplo e especializado, polo que neste informe pretendemos simplemente ofrecer unha panorámica xeral a través da escolma de materiais representativos. No caso dos cursos completos de galego procuramos, como indicamos na introducción, ser o máis exhaustivos posible. No caso dos artigos ou seccións dedicadas á difusión da lingua, revisamos todas as publicacións periódicas que garda o CDSG do Consello da Cultura Galega, polo que aínda que a selección de artigos non é exhaustiva consideramos que é unha mostra ben representativa do que en Galicia se puido publicar en relación con este tema.

Aclarada pois esta cuestión, comezaremos a comentar os diferentes cursos de lingua galega que se publicaron en xornais e publicacións periódicas, tanto de carácter xeral coma especializado. (Exemplos no anexo II)

O primeiro curso de lingua galega publicado nun xornal data do ano 1969, autoría de Antón Santamarina e Ramón Fraga, membros das agrupacións culturais O Galo de Santiago e O Facho da Coruña, respectivamente. Este curso, titulado *Do Idioma Galego*, publicouse en *El Ideal Gallego* entre abril de 1969 e febreiro de 1970. Na introducción, os seus autores presentaban esta innovadora iniciativa do seguinte xeito:

> Es un hecho esperanzador el interés que comienzan a tener muchos gallegos acerca de su lengua. Sintomático de esto es el elevado número de alumnos que se inscriben en los cursos prácticos de idioma dondequiera que se den. (...)
>
> Este interés popular, el verdadero promotor de esta revalorización idiomática, es el que llevó a El Ideal Gallego a fundar esta especie de "cátedra" periodística de lengua gallega que a partir de hoy comienza a funcionar. (...)
>
> El objetivo principal o meta no es otro que el poder darle al alumno unos conocimientos teóricos de lengua gallega, suficientes para poder usarla correctamente como vehículo de comunicación oral o escrita.

O curso, redactado en castelán, constaba de 94 lecciónsonde se trataban diferentes cuestións gramaticais ou problemas lingüísticos en xeral. Así mesmo, nalgunha das lecciónstratábanse tamén temas relativos á dialectoloxía, á historia da lingua, á súa problemática actual, etc. Estas nocións teóricas complementábanse en cada unha das lecciónscon exercicios prácticos ou lecturas que axudaban a fixar o léxico.

Este curso tivo moi boa acollida entre os numerosos lectores deste xornal e catro anos despois, en 1973, os mesmos autores, Antón Santamarina e Ramón Fraga, publicarían tamén en *El Ideal Gallego* un novo curso de lingua. O curso chamaríase agora *Galego para todos* e estaría esta vez acompañado de divertidas ilustracións do debuxante Siro López.

Este novo curso constaba de 130 lecciónse agora as explicacións facíanse tamén en galego.

Así, a partir dun breve texto introductorio onde se contaban diferentes anécdotas acontecidas na familia de Xurxo, boneco que facía o papel de guía, íanse explicando diferentes cuestións gramaticais, léxicas, ortográficas... Cómpre dicir que tanto neste curso coma no anterior todos os contidos eran explicados partindo das súas formas homólogas en castelán e mesmo neste último o texto introductorio apareceu ata a lección 60 nas dúas linguas. Aínda que hoxe en día esta metodoloxía didáctica non se consideraría apropiada, temos que pensar que por un lado estes cursos ían dirixidos a persoas para as que a única lingua escrita coa que tiveran contacto fora o castelán, polo que partir dese punto de referencia facíase inevitable, e por outro que nos atopamos diante dos primeiros intentos ou ensaios de ensino do galego. Nunha época na que, exceptuando o *Gallego 1*, *2* e *3* do ILG, non existían

manuais para a aprendizaxe da lingua e o ensino regrado do galego era aínda unha utopía, o valor simbólico e didáctico de calquera destes dous cursos é na nosa opinión incuestionable.

A finais de 1977, esta vez en *La Voz de Galicia*, aparecería un novo curso de galego realizado polo equipo de lingua da Agrupación Cultural O Facho. O curso estructurábase en 120 lecciónns e cada unha destas lecciónns desenvolvíase a partir dun motivo ou situación concreta (a consulta dun médico, as partes da casa, un encontro na rúa, algúns animais...). Así mesmo cada unha destas situacións ou motivos eran presentados a través dunha ilustración, a partir da cal se realizaban as correspondentes explicacións gramaticais e de vocabulario. O curso estaba especialmente deseñado para a normalización da lingua no eido urbano e pretendía satisfacer as necesidades de formación dun alumnado que se desenvolvía na súa maioría neste tipo de contexto.

A partir deste curso editaríase ó ano seguinte o manual de aprendizaxe da lingua titulado *O galego hoxe*, que ademais das 120 lecciónns que foran publicadas no xornal, engadía unha serie titulada "Galegos na historia" (desde Martín Sarmiento ata Alexandre Bóveda) e un amplo vocabulario.

O seguinte curso que comentaremos aparecía en outubro de 1979 no semanario *A Nosa Terra*. Titulábase *Curso de lingua*[10] e constaba de 33 lecciónns das que son autores M. Pilar García Negro e Xosé Mª Dobarro Paz. Xa na presentación os propios autores aclaraban que non se trataba dun curso similar, nin polo contido nin pola forma, a outros que se fixeran con anterioridade nalgúns medios de comunicación. Aquí non se trataba de "aprender" o galego senón de mellorar o uso da nosa lingua a través do contacto cos textos da nosa literatura e posterior reflexión lingüística e sociolingüística.

Así, durante 33 lecciónns fóronse presentando diferentes textos de Castelao, Villar Ponte, Risco, Rosalía, Cabanillas... ó mesmo tempo que se explicaban tanto os problemas lingüísticos que estes presentaban coma a situación sociocultural que reflectían.

En 1985 aparecería, esta vez en *La Voz de Galicia*, un novo curso de galego chamado *Galego coloquial*. Este curso, que constaba de 150 lecciónns, estaba realizado pola Sección Didáctica do Instituto da Lingua Galega e contaba coa colaboración da DXPL.

10. Como resultado de reunir nun volume as lecciónns deste curso de lingua aparecería en 1989 a seguinte obra: García Negro, M. P., Dobarro Paz, X. M. (1989): 33 aproximacións á literatura e á lingua galegas. A Coruña: Edicións do Castro.

Cada lección comezaba cunha viñeta onde se presentaba unha situación da vida cotiá, que tiña como principal obxectivo que o alumno relacionase as formas lingüísticas co contexto concreto onde estas se empregaban habitualmente. Así mesmo, despois de cada viñeta engadíase unha "ampliación", que consistía nunha explicación un pouco máis ampla do contexto onde se desenvolvía a acción da viñeta. Tanto a viñeta coma a súa ampliación formaban o texto de aprendizaxe de cada lección, que se completaba cun apartado de explicacións gramaticais, outro de exercicios (onde se traballaban estas nocións gramaticais) e outro de vocabulario (onde se explicaba o léxico que aparecera na lección).

O método pretendía sobre todo que o lector se familiarizase coa lingua coloquial que se empregaba nas diferentes situacións habituais do día a día, á vez que servía de identificación da súa propia fala familiar coa fala común de todos os galegos.

O éxito e boa acollida do curso entre os lectores fixo que en 1992 *La Voz de Galicia* editase un manual titulado tamén *Galego Coloquial*, onde se recollían todas estas lecciónns que se publicaran durante seis meses no xornal.

Dous anos despois, en 1987, *La Voz de Galicia* publicaría un novo *Curso de galego*, realizado por Idiomas Campo e supervisado polo Instituto da Lingua Galega. Este novo método contaba con 80 lecciónns, 20 probas ou exames e as 20 respostas a estas probas.

As lecciónns 1-64 estructurábanse en catro bloques ben diferenciados: un vocabulario ilustrado; unhas normas gramaticais; explicación de palabras e expresións novas; exercicios de lectura e traducción. Da lección 65 en diante engadíase tamén unha redacción sobre un debuxo coa intención de que o alumno practicase a lingua falada. Cada catro lecciónns facíase unha proba que o alumno debería realizar por escrito e na entrega seguinte aparecían as respostas ós exercicios da proba.

Cómpre subliñar, como defecto, que as explicacións das diferentes cuestións gramaticais facíanse sempre en castelán. Malia que desculpabamos esta circunstancia no caso daquel primeiro curso publicado en 1969, case 20 anos despois non atopamos motivo ningún que siga a xustificar esta metodoloxía.

Uns anos máis tarde, 1994 e 1995, este mesmo xornal publicaría en dúas partes o curso de galego *¿Imos aló?*, que xa se emitira con grande éxito na TVG durante os anos 1989 e 1990 e que fora realizado a través dun convenio entre a CRTVG e a DXPL. Neste curso, unha serie de personaxes, debuxados por Siro López, encargábanse de explicar de xeito

ameno e divertido as diferentes cuestións gramaticais e léxicas dispensadas no curso. Así, as mesmas marionetas (Leonardo, don Severo, Antía e Xurxo) que xa engaiolaran cos seus comentarios a pequenos e maiores na TVG encargaríanse agora de ir fornecendo o lector daqueles recursos lingüísticos imprescindibles para a adquisición dun rexistro coidado e culto, á vez que se preocupaban tamén de desterrar da lingua coloquial todas aquelas formas que se consideraban incorrectas (castelanismos, vulgarismos, hiperenxebrismos...)

A finais de 1997, esta vez na revista *Xóvenes Agricultores*, aparecía o curso de galego *O galego agropecuario*, patrocinado tamén pola DXPL. Este curso estaba especialmente deseñado para todos aqueles traballadores do sector agrícola e máis ca un método de aprendizaxe da lingua podería considerarse un manual sobre diferentes aspectos do mundo agropecuario onde se aproveitaban as diferentes lecciónns para presentar todo o léxico específico galego relacionado co tema que se estivese a tratar nese momento. Aínda que nos textos o léxico aparecía contextualizado, na sección específica de explicación do vocabulario as formas non se definían en galego senón que se explicaban ofrecendo simplemente a correspondente forma castelá.

Con anterioridade (desde 1994) publicárase tamén nesta revista un *Vocabulario básico dos cultivos agrícolas* onde se seguía este mesmo método: ofrecíase unha listaxe de formas léxicas galegas ordenadas alfabeticamente ó lado da forma que correspondería en castelán.

O último curso de galego publicado na prensa foi *O ABC do galego*, que se presentaba o 12 de outubro de 1998 no xornal *ABC*. Tratábase dun curso de iniciación á lingua galega realizado desde a DXPL e pensado, entre outras cousas, para que puidese servir de material de autoaprendizaxe para aquelas persoas que quixesen presentarse ás probas libres de iniciación á lingua galega que convoca anualmente a Consellería de Educación e Ordenación Universitaria da Xunta de Galicia.

Na elaboración do curso, segundo se indicaba na súa presentación, seguíranse as directrices deseñadas no *Nivel Soleira*[11] realizado polo Instituto da Lingua Galega e publicado pola Xunta de Galicia en 1993. Así, seguindo o enfoque comunicativo que se recomendaba neste manual, elaboráronse os 60 temas de que consta o curso deseñados tanto para

11. O Nivel Soleira é unha caracterización da competencia xeral mínima de comunicación en galego e pretende ser un documento útil na elaboración das diferentes programacións didácticas de lingua galega que os ensinantes deben realizar.

aqueles castelanfalantes que queren aprender galego coma para aqueloutros galegofalantes que desexan adquirir a norma estándar da lingua.

Os diferentes temas están presentados por un moucho, o Sr. Moucho, e estructúranse basicamente nas seguintes seccións:

- A fala: cada tema empeza cunhas viñetas onde se presenta unha determinada situación de fala (saúdo, despedida, sorpresa, pregunta...). Ademais ofrécense outras expresión que poderían ser tamén empregadas nesa mesma situación.
- A gramática: ó longo dos temas vanse traballando aqueles aspectos gramaticais que resultan imprescindibles para acadar unha competencia básica na lingua escrita.
- O léxico: faise igualmente un repaso ó léxico fundamental do galego partindo sempre de campos léxicos (relacións persoais, características físicas, alimentación, relixión...).
- Exercicios: para reforzar os coñecementos teóricos que se vaian adquirindo, o curso ofrece unha serie de exercicios prácticos, dos que se ofrece a solución ó final de cada tema seguinte.
- Sección de entretemento: procurando achegar amenidade ó curso, engádese a sección titulada "entretémonos un chisquichiño", que inclúe refráns, xogos, adiviñas, curiosidades...
- Autocontrol: cada 14 temas faise unha proba de autocontrol, que aparece corrixida na seguinte entrega.

Aínda que non posuímos datos da eficacia deste curso entre os lectores que o seguiron, hai que recoñecer que o enfoque comunicativo que se escolle, a programación dos contidos orientada por importantes estudios previos coma o *Nivel Soleira* ou a amena presentación das leccións supoñen un importante paso para a didáctica do galego neste eido.

En xeral, pensamos que esta pode ser unha selección ben representativa do que foi o ensino non regrado da lingua a través dos xornais nestes últimos tempos. Así mesmo, a evolución que se observa desde aquel primeiro curso de galego publicado en 1969 ata este último publicado en 1998 deixa ver tamén a evolución que seguiu o ensino non regrado da lingua en xeral. Se aqueles primeiros cursos dos anos 60 e 70 eran iniciativas que proviñan de particulares ou entidades privadas, a partir dos anos 80 e 90 observamos xa a presencia da DXPL neste tipo de iniciativas, ben financiándoas soamente ben elaborando o seu propio "producto".

Paralelamente a todas estas publicacións que foron aparecendo nos diferentes xornais, algunhas revistas, sobre todo aquelas que proviñan de entidades comprometidas dalgún xeito coa normalización da lingua, dedicaron nalgún momento da súa andaina editorial algunha sección á difusión da lingua. Neste caso non se trata de "cursos" propiamente ditos, senón de seccións fixas ou artigos que cunha maior ou menor continuidade se foron publicando co obxectivo de difundir a lingua galega entre os seus lectores.

Como adiantamos ó comezo deste apartado, a mostra que aquí se presenta non é exhaustiva pero cremos que a selección de artigos que a continuación mencionamos pode ser un exemplo ben representativo.

Así, algunhas das publicacións periódicas onde apareceron artigos de formación lingüística foron as seguintes:

A Nosa Terra: publicou desde decembro de 1977 a agosto de 1979 unha sección titulada "O Idioma". Nesta sección a partir dunha frase ou construcción incorrecta facíase un comentario lingüístico a través do cal se pretendían corrixir certos vicios da linguaxe (castelanismos, hiperenxebrismos, construccións agramaticais...).

Constantinopla: esta revista dedica tamén en todos os seus números unha sección fixa á difusión da lingua. A sección alterna o seu nome entre "Apontamentos ortográficos", "Apontamentos léxicos" ou "Apontamentos lingüísticos" segundo a cuestión que se trate. Así, seguindo a normativa reintegracionista explícanse aquelas cuestións ortográficas, léxicas ou lingüísticas que en xeral supoñen maior dificultade.

Galicia Sindical: O Gabinete de Normalización Lingüística de Comisións Obreiras elaborou durante algún tempo a sección "Falando da lingua", onde se reflexiona sobre algunhas das cuestións gramaticais ou léxicas da nosa lingua que presentan maior problema.

Gralha: nesta revista aparece en todos os seus números un artigo titulado "Léxicografando", onde se reflexiona sobre diferentes formas léxicas do galego reintegrado.

La Voz de Galicia: foi sen dúbida un dos xornais máis prolíficos na publicación deste tipo de artigos. Neste xornal apareceron ó longo de máis de 10 anos toda unha serie de artigos, autoría do profesor Constantino García, nos que se realizaban cun estilo ameno e accesible a todos os lectores diversos comentarios ben da lingua de determinados escritores, ben da lingua galega en xeral. Os artigos foron os seguintes:

- *Recantos da lingua*: comentarios léxicos e gramaticais sobre a lingua galega común publicados ó longo de 1982.
- *Follas da lingua*: publicados durante o ano 1985, consistía nunha serie de comentarios léxicos e gramaticais de formas lingüísticas que Rosalía empregara no seu coñecido poemario Follas Novas.
- *Retrincos da lingua*: apareceron nas páxinas deste xornal ó longo do ano 1986 e tratábase nesta ocasión do comentario lingüístico de formas léxicas ou gramaticais empregadas polo escritor A. Daniel Rodríguez Castelao.
- *Cousas da lingua*: baixo este nome apareceron toda unha serie de artigos ó longo dos anos 1987 e 1988. As *Cousas da lingua* tiñan como principal obxectivo explicarlle ó lector o uso correcto de determinadas formas galegas cultas, patrimoniais, dialectais, vulgarismos e castelanismos, así coma os usos concretos de certas expresións e locucións que acostumaban a xerar certas dúbidas entre os falantes.
- *Cartafol da lingua*: artigos publicados ó longo de 1989 onde se realizaban diversos comentarios lingüísticos sobre a lingua do poeta de Celanova, Celso Emilio Ferreiro.
- *Peneirando palabras*: artigos publicados ó longo de 1990 onde se realizaban comentarios lingüísticos de diferentes formas léxicas galegas.
- *Tesouros da lingua*: ó longo de 1991 publicáronse baixo este nome toda unha serie de comentarios lingüísticos que desta vez tiñan como referencia a lingua de Álvaro Cunqueiro.
- *Fiestra da lingua*: seguindo o modelo dos artigos anteriores, en 1995 aparecen neste xornal unha serie de comentarios léxicos e gramaticais que tomaban nesta ocasión como referencia a lingua do escritor Rafael Dieste.
- *Glosas da lingua*: por último, tamén durante os anos 94 e 95 publicáronse as *Glosas da lingua*, comentarios lingüísticos onde se trataba de explicar a orixe de certas palabras, o seu uso nos diferentes lugares de Galicia e o emprego que delas fixeran diversos escritores.

Lingua e administración: contén varias seccións fixas ("A linguaxe administrativa", "Modelos de documentos administrativos", "Terminoloxía" e "Cuestións de gramática") dedicadas a reflexionar, tal e como deixan ver os seus títulos, sobre diferentes aspectos da linguaxe administrativa.

Lingua viva: contén en todos os seus números unha sección dedicada á linguaxe administrativa onde se realizan exhaustivos comentarios lingüísticos de diferentes documentos administrativos, ó tempo que se explican algunhas das características específicas deste tecnolecto (puntuación, abreviaturas, siglas...). Así mesmo, contén tamén esta revista unha sección de dúbidas, onde se tratan aquelas cuestións que presentan maior problema no uso da nosa lingua e outra sección de terminoloxía, na que se ofrecen breves comentarios lingüísticos de diferentes formas léxicas.

O Cartafol: esta publicación, voceiro do Servicio de Normalización Lingüística da USC ata abril de 1997, dedicaba tamén en todos os seus números dúas seccións ó tratamento de cuestións lingüísticas.

Unha delas é "Con lupa (descubre os erros)", que consiste na presentación dun texto onde o lector ten que descubrir os diferentes erros sintácticos, morfolóxicos ou léxicos que este contén. A outra, titulada ´"¿Sabías que...?", é tamén unha sección fixa onde se explican aquelas formas lingüísticas que resultan máis problemáticas ou ben se corrixen aqueles erros léxicos ou morfosintácticos máis comúns.

O Correo Galego: actualmente este xornal publica diariamente unha pequena sección, "O Segredo das Palabras", onde cada día se realiza un comentario lingüístico dunha forma léxica (artello, anécdota, alcaiata, billarda...).

Teima, revista galega de información xeral: a partir do nº. 11 e ata o nº. 34 publicouse nesta revista unha sección que, baixo o nome de "Lingua", tiña como obxectivo fixar e difundir unhas regras gramaticais básicas que contribuísen á normativización do noso idioma. Esta sección data do ano 1975 e os seus autores son Rosario Álvarez e Francisco Fernández Rei.

Territorios: a partir do n.º 8 (1997) comézase a publicar unha sección titulada "O galego nos concellos" dedicada ó estudio dos termos máis comúns da linguaxe xurídica e administrativa utilizada na administración local.

Ti que tes (publicación de servicios): contén dúas pequenas seccións dedicadas á lingua que publica a Dirección Xeral de Política Lingüística. Unha delas, "Sabías que...", é un pequeno glosario léxico onde se explica o significado de formas léxicas pouco habituais. A outra, baixo o nome "Expresións. Frases feitas", presenta unha serie de frases feitas e de seguido o seu significado.

3.4. A ADQUISICIÓN DA LINGUA A TRAVÉS DA TELEVISIÓN, A RADIO OU INTERNET

Despois de ver a contribución que desde diferentes publicacións periódicas se fixo ó ensino non regrado da lingua, pasaremos agora a comentar o papel que este tipo de ensino desempeñou noutros medios de comunicación coma a televisión, a radio ou mesmo Internet.

TELEVISIÓN:

A primeira iniciativa que atopamos deste tipo na Televisión de Galicia data dos anos 1986 e 87 e foi a emisión do programa *Faíscas da lingua*.

O programa, de dous ou tres minutos de duración diaria, constou dun total de 124 entregas onde a partir dunha cantiga popular, un refrán ou mesmo unha adiviña se reflexionaba sobre algún aspecto da nosa lingua.

A autora dos textos, a profesora Carme Hermida Gulías, definíao do seguinte xeito na primeira "faísca", que serviu de presentación:

> ¿De que van trata-las faíscas? O seu principal obxectivo é que todos aprendamos a chamarlle ás cousas polo seu nome galego máis común, especialmente polo seu nome culto, amais de incidir noutros aspectos da nosa lingua.

Como diciamos, cada “faísca” comezaba cunha cantiga popular, un refrán, unha adiviña... que servía de pretexto para reflexionar sobre algunha das palabras ou estructuras gramaticais que aparecían nestes textos introductorios. A estas reflexións lingüísticas acompañábase sempre unha imaxe que axudaba a contextualizar e fixar o léxico que se estaba tratando. Ó final, a faísca pechábase coa mesma cantiga, poema ou refrán co que comezara. Este orixinal xeito de contextualizar os contidos servía, ademais de para amenizar a aprendizaxe, para demostrar que todas as formas lingüísticas que se recomendaban eran as propias da nosa lingua, pois así o demostraba o feito de que estivesen plenamente asentadas na tradición popular e literaria.

Aínda que na maior parte das faíscas se reflexionou sobre formas léxicas (pois o formato dunha emisión en televisión é máis propicio para traballar este tipo de contidos), tamén

se trataron nestas faíscas outras cuestións coma a ortografía, a dialectoloxía, a fonética ou mesmo a cultura galega en xeral.

En 1989, a través dun convenio coa Dirección Xeral de Política Lingüística, a TVG poría en marcha un novo proxecto de aprendizaxe da nosa lingua: *o curso de galego "¿Imos Aló?"*.

A primeira parte deste curso apareceu en antena en abril de 1989 e emitíase de luns a venres en programación de mañá e tarde. Un conxunto de simpáticas marionetas, elaboradas a partir duns debuxos de Siro López, eran as encargadas de ir explicándolles ós telespectadores todos aqueles recursos lingüísticos e regras gramaticais imprescindibles para adquirir unha competencia plena no noso idioma.

As explicacións lingüísticas producíanse pois dentro dun contexto de anécdotas que estas marionetas (Leonardo, don Severo, Antía e Xurxo) vivían no faio da casa de campo onde estaban gardadas.

A atraente personalidade destes personaxes xunto cunha innovadora metodoloxía, que consistía en ensinar divertindo, fixeron que o curso gozase de grande audiencia e interesase tanto a pequenos coma a maiores[12]. Tanto foi así que ó seguinte ano, 1990, empezaría a emitirse unha segunda parte deste curso onde se incidía agora na lingua de uso, insistindo naquelas palabras dubidosas, na acentuación ou en construccións gramaticais que non son normativas, tentando sempre mellorar a utilización do idioma falado e escrito.

A seguinte iniciativa neste eido levada a cabo pola TVG, tamén coa colaboración da DXPL, foi a emisión do espacio *Cousas da lingua*, dirixido polo profesor Constantino García. Este espacio, que se emitiu en 1990, constaba de 40 programas duns 7 minutos de duración e estaba dedicado ó coñecemento da lingua galega, á promoción do seu uso e á análise da realidade sociolingüística nos diferentes niveis sociais. Así, ademais de transmitir aqueles coñecementos lingüísticos que se consideraba que podían ser do interese do espec-

12. Do éxito deste curso dá noticia La Voz de Galicia, 17-5-89.

tador tamén se recollían impresións e opinións das figuras máis destacadas da sociedade galega sobre a problemática da nosa lingua.

Polo que respecta ás televisións locais, pode dicirse que este tipo de emisións ten unha presencia practicamente nula dentro da súa programación. Con todo, contamos con algúns exemplos que poden servir de representación do realizado en materia de lingua neste terreo.

Un primeiro exemplo son os 14 programas que a Asociación Cultural O Camiñante emitiu na Televisión Local de Ferrol, onde ademais doutras seccións culturais había en todos eles un pequeno espacio dedicado á reflexión lingüística.

Pola súa parte a Televisión Local de Lugo emitiu durante un ano (entre 1998 e 1999) un curso de galego. As emisións tiñan unha duración de 10 minutos diarios e nelas tratábanse diferentes cuestións léxicas e morfosintácticas cunha metodoloxía similar á empregada en calquera curso de galego presencial.

Tamén na Televisión Municipal de Teo se levou a cabo unha iniciativa similar durante os anos 1997 e 1998. Esta televisión nun dos seus espacios informativos cubría diariamente a noticia do desenvolvemento dos cursos de iniciación e perfeccionamento da lingua, subvencionados pola DXPL, que estaban a ter lugar por aquelas datas no Concello de Teo. A continuación desta emisión informativa ofrecíase unha pequena sección, duns 8 ou 10 minutos, onde os mesmos mestres que dispensaban os cursos presenciais explicaban os diferentes contidos lingüísticos que ese día se trataran na aula.

Aínda que os datos que posuímos non son exhaustivos, modestas iniciativas coma a da Televisión Local de Ferrol, a da Televisión Local de Lugo ou a da Televisión Local de Teo constitúen practicamente a totalidade do pouco que se leva feito desde as televisións locais neste campo.

RADIO:

Neste apartado merece mención especial sen dúbida ningunha o labor de Radio Ecca-Galicia.

A primeira actuación de Ecca-Galicia data do 21 de xaneiro de 1974 en Vigo. Na actualidade contamos con catro Centros Ecca (un por provincia) que imparten ensinanzas radiofónicas cunha metodoloxía propia, así coma varias emisoras de FM.

Por mor dun convenio asinado entre a Consellería de Educación e a Fundación Ecca, Ecca-Galicia funciona como Centro Público de Educación Permanente de Adultos en réxi-

me de Administración especial. Así pois, o groso da súa actividade enmárcase no que se denomina "ensino regrado de adultos". Con todo, paralelamente a este ensino regrado, Ecca-Galicia desenvolve tamén unha serie de actividades denominadas "Aula Aberta" onde se dispensan cursos non académicos, ou non regrados, que teñen como obxectivo o perfeccionamento persoal ou profesional do alumnado.

Dentro destas actividades de "Aula Aberta" dispénsanse, en colaboración coa Dirección Xeral de Política Lingüística, os cursos de iniciación e perfeccionamento da lingua galega. Aínda que os obxectivos e os contidos son os sinalados pola normativa oficial para este tipo de cursos, a metodoloxía empregada é totalmente diferente. Esta metodoloxía baséase en tres piares fundamentais:

- A audición da clase, gravada por especialistas en lingua galega.
- Material escrito que se emprega para a audición das clases e que se estructura nos seguintes apartados: esquemas conceptuais, textos, exercicios e avaliacións.
- Clase presencial, onde unha vez por semana o alumno resolverá todas aquelas dificultades que atopou ó longo das audicións e da realización dos exercicios.

Con esta metodoloxía preténdese combinar as vantaxes que supón o ensino individualizado a través da audición radiofónica coa posterior posta en común da clase presencial.

Outros exemplos de ensino non regrado da lingua atopámolos tamén nalgunha das emisoras autonómicas ou locais que funcionan na nosa comunidade. Aínda así, a diferencia que pode existir entre o ensino dispensado por Radio Ecca e o dispensado por algunha das emisoras que a continuación comentaremos é pouco menos que abismal. Mentres a programación da primeira está plenamente dedicada á educación de adultos e o ensino non regrado da lingua dispénsase a través de cursos organizados que manteñen unha certa continuidade no tempo, o ensino da lingua en calquera das outras emisoras constitúe dentro da súa programación unha simple anécdota de 5 ou 10 minutos de duración. Con todo, e dado que o obxectivo prioritario dos medios de comunicación é a información e non a formación, pensamos que calquera iniciativa de difusión da lingua neste terreo debe gozar de toda a nosa consideración.

Polo que respecta á Radio Autonómica Galega, nesta emisora emitíronse durante 1991, en colaboración coa Dirección Xeral de Política Lingüística, unha serie de programas dedicados a difundir as características lingüísticas das diversas variedades da fala galega.

Actualmente a Radio Galega emite, todos os martes, o espacio "De boca en boca", realizado polo asesor lingüístico Paulino Novo. Neste espacio, integrado no programa "As tardes da galega", analízanse e explícanse termos, xiros e ditos da nosa fala.

Nas diferentes radios locais, o mesmo que acontecía coas televisións, este tipo de programas ten unha presencia se cabe aínda máis anecdótica. Todo o máis que pode atoparse neste eido son breves seccións de 5 ou 10 minutos que normalmente se inclúen dentro doutros programas máis amplos de carácter cultural. Algúns exemplos representativos ofrécenolos Radio Obradoiro, a Radio Municipal de Ordes ou a Radio Municipal de Tui.

A Radio Municipal de Tui emitiu en 1995 e durante un ano a sección "Cousas da lingua". Tratábase dunha sección de 10 minutos integrada dentro doutro programa máis amplo de carácter cultural. Esta emisión, onde se traballaban cuestións léxicas, tiña un dobre obxectivo: por un lado difundir o léxico común da nosa lingua (agrupado por áreas temáticas) e por outro corrixir aqueles castelanismos, hiperenxebrismos ou vulgarismos máis comúns na fala da zona.

Unha sección moi similar é a que se emite todas as tardes en Radio Obradoiro. A sección, de 5 minutos de duración, intégrase dentro do programa "A Balsa de Medusa" e trata diferentes cuestións tanto léxicas como morfosintácticas.

Na Radio Municipal de Ordes emítese tamén actualmente de luns a venres unha breve sección, dun minuto de duración, chamada "O segredo das palabras". A emisión consiste na lectura literal do artigo que co mesmo nome aparece diariamente no xornal *O Correo Galego*, ó que xa fixemos referencia liñas máis arriba.

Durante os anos 70 e 80, aínda que non foi posible poder contar con datos rigorosos, si temos referencia[13] da existencia de diferentes emisións radiofónicas destinadas a difundir contidos de lingua, promovidas na súa grande maioría polos mesmos colectivos e asociacións que organizaban os cursos presencias de lingua galega da época. Así, por poñer un par de exemplos, tiveron grande repercusión naqueles anos programas coma "A Fervenza", emitido en Radio Fene, ou "O Sorisco Falador", emitido en Radio Nacional.

13. En entrevista con Agustín Fernández Paz e Daniel Romero.

INTERNET:

Pero a canle de transmisión de coñecementos máis innovadora, sen explotar aínda en materia educativa, é sen lugar a dúbidas internet. Calquera producto educativo que se ofreza a través da rede conta xa en principio cunha característica pedagóxica fundamental, como é a posibilidade dunha continua e rápida actualización dos contidos, por non falar de todas as vantaxes que supón a tecnoloxía multimedia: son, imaxe, vídeo, animación, interactividade…

Polo que respecta ó ensino da lingua galega neste medio, contamos polo de agora cun escaso número de proxectos.

A primeira iniciativa deste tipo que se colgou na rede foi o *Proxecto Rábade*, curso de iniciación á lingua galega, ó que se pode acceder desde a páxina www.galego21.org. O proxecto parte dunha iniciativa privada, non conta con ningún tipo de subvención oficial e o seu acceso é gratuíto.

Segundo aparece no limiar, este curso está deseñado tanto para os castelanfalantes que queren iniciarse na lingua coma para os galegofalantes que non tiveron educación formal en galego.

O curso estructúrase en cinco partes principais:

- Gramática (compendio de estructuras e normas gramaticais).
- Vocabulario (presentación dalgún vocabulario extraído de fragmentos de textos ou receitas).
- Os nosos xiros (listado de xiros e frases feitas xunto co seu significado).
- Lingua e literatura (breve historia da nosa lingua e da nosa literatura).
- Xogos de lingua.

Aínda que non cabe dúbida de que o curso está feito con ilusión e moi boa vontade, non por iso podemos deixar de dicir que entendemos que a programación de contidos e a súa calidade didáctica é aínda deficiente. No que respecta á lingua trátase dun breve manual de gramática, uns cantos textos (un fragmento de *A Galicia Posible*, de Carlos Mella e sete receitas) e unha serie de frases feitas e xiros que aparecen colgados na rede cun formato totalmente ríxido e estático que non permite ningunha posibilidade de interactividade.

O segundo destes proxectos é *Galego para viaxeiros*, unha guía de palabras e expresións que se consideran elementais para un estranxeiro que visite Galicia. A esta guía pode accederse desde a páxina www.travlang.com.

As formas ou expresións están agrupadas en sete campos temáticos (palabras básicas, números, de compras/comidas, viaxes, enderezos, lugares, datas e horas) e ó lado da forma castelán ofrécense as formas galegas (contempla tanto a norma oficial coma a reintegrada). Ó final de cada sección ofréceselle ó alumno a posibilidade de realizar unha proba ou autocontrol que consiste na traducción para o galego dunha serie de frases en castelán.

O método ofrece tamén a posibilidade, premendo un botón, de escoitar as diferentes expresións lingüísticas que se inclúen en cada sección.

A finais de novembro de 2000 aparecía un novo curso de lingua na rede. Este curso, ó que pode accederse tanto desde www.galiciadigital.com/Educacion/idioma/curso_galego como desde www.xunta.es/conselle/ceoug/dxpl/index.htm, titúlase *A Palabra Herdada* e fora xa editado en 1995 en soporte sonoro e escrito por Citania Publicacións.

A Palabra Herdada estructúrase en 24 lecciónns nas que se traballan aspectos léxicos e gramaticais da nosa lingua. Cada unha destas lecciónns consta así mesmo de 5 partes:

-Principio do tema (texto creativo que introduce o tema)

-Vocabulario (temas léxicos agrupados arredor dun Nós, coñecemento do noso contorno, ou dun Eu, coñecemento do individuo e do seu modo de vivir)

-Gramática (achegamento ás estructuras gramaticais da nosa lingua)

-Actividades (exercicios relacionados coas cuestións tratadas no tema)

-Audio (posibilidade de oír as explicacións referentes ó tema en cuestión)

Aínda que en calidade didáctica este proxecto supera sen dúbida a calquera das outras dúas propostas que acabamos de comentar, consideramos que segue a pecar dunha excesiva dedicación á competencia lingüística, descoidando por tanto as outras competencias comunicativas. Con todo, cómpre tamén subliñar que se advirte, no que respecta ó deseño, un maior aproveitamento dos recursos que ofrece a rede (son, imaxe…).

O último curso de lingua que mencionaremos é o *Galingua*, curso interactivo de lingua galega que se colgou na rede tamén a finais deste ano 2000 e ó que pode accederse no enderezo http://edu/xunta.es/galingua/. *O Galingua*, proxecto da DXPL da Xunta de Galicia, é un bo exemplo do aproveitamento da tecnoloxía multimedia para a aprendizaxe de linguas e conta cunha importante característica que lle fai superar en calidade a calquera dos seus antecesores: a interactividade. O curso, baseado no enfoque comunicativo da lingua, componse de 15 unidades nas que partindo dunha situación de comunicación se van traballan-

do diferentes contidos tanto da lingua oral como da escrita, baseándose o método didáctico nos preceptos da aprendizaxe significativa. O curso non está deseñado para un destinatario concreto, senón que se dirixe a todo tipo de público: nenos, adultos, galegofalantes, non galegofalantes, estranxeiros.... e esta é quizais a única eiva que nós detectamos.

Estes son os proxectos de aprendizaxe da lingua galega ós que podemos acceder na actualidade desde Internet. Aínda que son poucos e algún deles moi modestos, a recente creación dalgunhas páxinas que pretenden servir de foro de debate e intercambio de proxectos didácticos entre os docentes galegos (como "lapis de cores": www.galego21.org/ldc, www.galiciadigital.com/Educación ou o "proxecto REGA" do CEFOCOP de Ferrol: www.cefocop.org/ferrol/index.html) abren novas vías para a realización deste tipo de iniciativas na rede.

3.5. MATERIAL DIDÁCTICO PARA A APRENDIZAXE DA LINGUA NO ENSINO NON REGRADO DE ADULTOS

Un aspecto decisivo para a calidade de calquera sistema educativo son os recursos materiais cos que se conta para levar a cabo a aprendizaxe. Mesmo hoxe en día, que se critica a excesiva dependencia que os alumnos teñen dos libros de texto e se defenden métodos didácticos máis orientados á adquisición do coñecemento a través da propia experiencia práctica do aprendente, poder contar cun material didáctico adaptado ás necesidades concretas de cada proceso de aprendizaxe segue a ser sen dúbida un factor determinante no resultado final.

No caso que nos ocupa, o ensino non regrado do galego, a inexistencia dun sistema de ensino para adultos amplo e diversificado ten como consecuencia directa a inexistencia duns materiais didácticos especializados na adquisición das diferentes competencias comunicativas ou deseñados segundo diferentes niveis ou graos de dificultade. É evidente que o mundo editorial funciona en resposta a unha determinada demanda, polo que non podemos esperar que existan no mercado manuais de lingua oral para adultos castelanfalantes que traballen no sector da hostalería, por poñer algún exemplo de especialización, se non hai un sistema de ensino previamente creado que contemple este tipo de aprendizaxe especializada e demande este tipo de materiais.

Así pois, aínda que non cabe dúbida de que existen iniciativas innovadoras que pretenden ir máis alá e cubrir as lagoas existentes, o groso dos manuais de lingua para adultos están deseñados para seren empregados nos diferentes cursos de lingua, demasiado xerais e que atenden só á adquisición da competencia lingüística, que hoxe se están a dispensar en Galicia. No que respecta ás diferentes linguaxes especializadas, é á administrativa e á xurídica (como cabería esperar pois son as que teñen presencia actualmente non ensino non regrado da lingua) ás que se lles presta unha maior atención.

Aínda que o tema requiriría unha análise moito máis ampla e detida, onde se avaliasen contidos, obxectivos e métodos didácticos, a orientación do presente informe non permite unha análise tan pormenorizada. Con todo, parécenos que podería ser interesante facer unha pequena clasificación, segundo a orientación dos contidos, dos diferentes recursos didácticos cos que contamos na actualidade para así poder vermos cales son os campos máis traballados e cales os que seguen a estar máis desatendidos. Cómpre aclarar que ó non estar o sistema de ensino non regrado da lingua organizado en cursos, niveis e materias fixas, tampouco hai unha listaxe concreta de materiais didácticos que se poida dicir que foron deseñados especificamente para este tipo de ensino. Xa que logo, o criterio de clasificación foi o de exclusión, considerando "materiais para o ensino non regrado da lingua", ou cando menos susceptibles de seren empregados neste ensino, todos aqueles materiais didácticos que non foron deseñados especificamente para algún dos niveis do sistema educativo oficial.

Estes son pois, clasificados en oito grupos segundo a orientación dos seus contidos, os diferentes materiais didácticos cos que contamos para o ensino non regrado do galego:

Manuais de lingua globais:

Non traballan un aspecto lingüístico concreto senón que están deseñados para aquelas persoas que desexen adquirir unha competencia plena da lingua común. Neste campo contamos cos seguintes recursos:

Agrupación Cultural "O Facho". Equipo de Lingua (1978): *O galego hoxe: Curso de lingua*. A Coruña: La Voz de Galicia (Con especial atención ó galego "urbano")

Alonso Montero, X. (1990): *Decálogo da lingua galega / Decálogo de la lengua gallega*. Vigo: Edicións do Cumio.

Barbosa, J. M., Rodrigues Gomes, J. (1999): *Curso prático de galego*. A Coruña: AGAL. (Norma reintegracionista)
Calviño, X. A., Sánchez Puga, X. (coords.) (2000): *Galingua*. Santiago: Dirección Xeral de Política Lingüística, Consellería de Educación e Ordenación Universitaria, Xunta de Galicia.(Primeiro método interactivo de aprendizaxe da lingua galega. Soporte informático)
Castro Lôpez, M. (1998): *Manual de iniciaçom á lingua galega: sociolingüística, morfosintaxe, ortografía e léxico.* Ferrol: Fundaçom Artábria. (Norma reintegracionista)
Castro Soliño, D., Gullón González, R. (1995): *A palabra herdada*: Curso de galego. Lugo: Citania Publicacións. (Soporte sonoro e escrito)
Castro, D. *et alii* (1993): *Curso de iniciación ó galego: Radio Lugo- Ser*. Lugo: Radio Lugo- Ser.
Costa Casas, X. X. *et alii*. (1988): *Nova gramática para a aprendizaxe da lingua*. A Coruña: Vía Láctea. (Única gramática do galego moderno con enfoque didáctico e pedagóxico)
Curso de idioma galego en Buenos Aires. Santiago: Dirección Xeral de Política Lingüística, Consellería de Educación, 1986.
Distelmeier, K., Casado Neira, D. (1996): *Galicisch Wort für Wort. Bielefed: Know-How-Verlag*. (Breve manual para aprendizaxe do galego destinado a falantes alemáns)
Feixó Cid, X. G. (1993): *Iniciación ó galego*. Vigo: Ir Indo.
Fernández Rodríguez, L. (1988): *Curso de Perfeccionamento*. Ourense: Luís Fernández Rodríguez.
Colectivo Albariza (1985): *Edigal galego. Primeiro método audiovisual para a aprendizaxe da lingua galega*. Santiago: Edigal. (Formato audiovisual e escrito. Tamén traballa a lingua oral)
Goyanes, H. *et alii* (2000): *Curso de Lingua Galega para non galegofalantes*. A Coruña: Everest.
¿Imos aló? Curso de galego 1. Santiago: Televisión de Galicia, 1990. (Soporte audiovisual)
Instituto da Lingua Galega (1971): *Gallego 1*. Santiago: Universidade.

Instituto da Lingua Galega (1972): *Galego 2*. Santiago: Universidade.
Instituto da Lingua Galega (1974): *Galego 3*. Santiago: Universidade.
Instituto da Lingua Galega. Sección Didáctica (1986): *Galego Coloquial: Curso de galego/Voz de Galicia: Novo método para a aprendizaxe da lingua galega*. A Coruña: La Voz de Galicia. (Traballa a variedade coloquial da lingua)
López Taboada, C. (1998): *Galego para adultos*. A Coruña: Fontel.
Montero Santalha, J. M. (1983): *Método prático de lingua galego-portuguesa*. A Coruña: Asociación Sócio-Pedagóxica Galega. Galiza Editora. (Norma reintegracionista)
Mouriño Cagide, X. (1989): *Avante: Curso de galego*. Santiago: Dirección Xeral de Política Lingüística, Consellería de Educación e Ordenación Universitaria, Xunta de Galicia. (Engade propostas de carácter lúdico)
Mouriño Cagide, X. (1990): *Avante 1. Curso de galego. Iniciación*. Santiago: Dirección Xeral de Política Lingüística, Consellería de Educación e Ordenación Universitaria, Xunta de Galicia.
Mouriño Cagide, X. (1990): *Avante 2. Curso de galego. Perfeccionamento*. Santiago: Dirección Xeral de Política Lingüística, Consellería de Educación e Ordenación Universitaria, Xunta de Galicia.
Navaza Blanco, G. *et alii* (1985): *Lingua Galega*. Vigo: Xerais.
Nieto, A., Troitiño, X. (1994): *Método activo de Lingua Galega*. Vigo. Edicións do Cumio.
Rábade, X. C. *et alii*. (1980): *Lingua: Gramática metódica da lingua galega*. A Coruña: Edicións do Rueiro.
Rivas Cid, X. (1994): *Galego para vós*. A Coruña: Fontel.
Rivas Cid, X. (1997): *Galego para vós II: relaxámonos aprendendo*. A Coruña: Fontel.
Rosales, M. (1998): *Curso de lingua galega*. Vigo: Xerais.
Torres Paris, M. D. (1998): *Galego. Curso de iniciación 1*. Vigo: Xerais.

Manuais de linguaxe especializada:

Traballan non sobre a variedade de lingua común senón sobre unha determinada variedade de lingua especializada. Son os seguintes:

Alman Supervía, J. L. (coord.) (1990): *Cursos de galego para o persoal das corporacións Locais: Nivel elemental: Programación Teórica*. Santiago: Consellería da Presidencia/Consellería Educación.

Chacón Calvar, R., Rodríguez Alonso, M. (1993): *Cuaderno de O galego de uso*. Madrid: Editorial SM. (Linguaxe administrativa, xornalística, publicitaria, informática, científica...)

Cid González, C., Tesouro Borrajo, X. (coords.) (1995): *Curso de galego para as Administracións*. Vigo: Grupo Academia Postal / Xerais.

Curso de galego para o persoal das corporacións locais: nivel elemental. Caderno práctico de exercicios. Santiago: Consellería da Presidencia/Consellería Educación, 1990.

García Cancela, X., Díaz Abraira, C. L. (1991): *Manual de Linguaxe Administrativa*. Santiago: Escola Galega de Administración Pública.

Garrido, C. Riera, C. (2000): *Manual de galego científico. Orientaçons lingüísticas*. A Coruña: AGAL. (Norma reintegracionista).

Gullón González, R. (1989): *Manual práctico de actividades para cursos de galego na banca*. Santiago: Dirección Xeral de Política Lingüística, Consellería de Educación e Ordenación Universitaria, Xunta de Galicia.

López Taboada, C. *et alii* (1996): *Curso Superior de Linguaxe Xurídica*. Santiago: Consello do Poder Xudicial.

López Taboada, C. *et alii* (1999): *Curso de linguaxe administrativa*. Santiago: Dirección Xeral de Política Lingüística, Consellería de Educación e Ordenación Universitaria, Xunta de Galicia.

Manual de galego comercial. Santiago: Confederación de Empresarios de Galicia, 1997.

Rodríguez Río, X. *et alii* (1997): *Mellorando os servicios.* Como ti queres. Santiago: Universidade.

Rivas Cid, X. (1994): *Curso práctico de linguaxe administrativa para funcionarios da Xunta de Galicia*. Santiago: Dirección Xeral de Política Lingüística, Consellería de Educación e Ordenación Universitaria, Xunta de Galicia.
Sánchez Puga, J. (coord.) (1991): *Curso de Lingua para a Administración de Xustiza: Nivel básico*. Santiago: Consellería da Presidencia/Consellería Educación.
Sánchez Puga, X. (coord.) (1991): *Curso de Lingua Galega para as Corporacións Locais: Nivel medio*. Santiago: Consellería da Presidencia/Consellería Educación.
Servicio de Asesoramento Lingüístico do Grupo Academia Postal (2000): *Novo manual de galego para as administracións*. Vigo: Xerais.

Materiais complementarios para traballar diferentes aspectos gramaticais:

Son na súa maioría materiais cunha orientación práctica que pretenden servir de complemento didáctico nos cursos presenciais de lingua.

Álvarez, R., Xove, X. (1982): *Unidades didácticas. Curso de perfeccionamento*. Santiago: Gráficas de Asturias. (Edición non venal).
Barros Taboada, X. M. *et alii* (1989): *Complementos ó curso de galego para adultos*. Santiago: Grafinova.
Barros Taboada, X. M. *et alii* (1990): *Galego práctico: debulla*. A Coruña: Cruceiro.
Barros Taboada, X. M. *et alii* (1991): *Retallos 2: galego práctico*. A Coruña: Fontel.
Barros Taboada, X. M. *et alii* (1991): *Retallos 3: galego práctico*. A Coruña: Fontel.
Barros Taboada, M. *et alii* (1993): *Manual práctico de galego*. A Coruña: Fontel.
Beltrán Carballeira, R. X. (1996): *100 preguntas de galego tipo test*. A Coruña: Bahía.
Beltrán Carballeira, R. X. (1996): *Manual de galego práctico para oposicións*. A Coruña: Bahía.
Beltrán Carballeira, R. X. (1997): *Galego práctico na aula*. A Coruña: Bahía.
Bermúdez, A., Colmenero, A. (1991): *Prácticas de lingua*. Vigo: Edicións do Cumio.
Chacón Calvar, R., Rodríguez Alonso, M. (1991): *Cuaderno de O Galego Correcto*. Madrid: SM.
Colectivo Acivro (1989): *Esfolla: o galego práctico*. A Coruña: Cruceiro.

Colmenero, A. (1997): *Novas prácticas de lingua*. Vigo: Edicións do Cumio.
Colmenero, A., Soto, M. R. (1994): *Exercicios avanzados de lingua*. Vigo: Edicións do Cumio.
Costa Casas, X. (dir. e coord.) (1991): *Actividades de construcción gramatical*. A Coruña: Bahía.
Díaz Regueiro, M., Pombo Mosquera, X. A. (1994): *EXERGAL: Exercicios de lingua galega en ordenador*. Santiago: Dirección Xeral de Política Lingüística, Consellería de Educación e Ordenación Universitaria, Xunta de Galicia. (Soporte informático).
Dobarro Paz, X. Mª., García Negro, P. (1984): *33 aproximacións á literatura e á língua galega*. Sada: Ed. do Castro.
Dopazo Martínez, M. D., Martínez Rodríguez, M. C. (1995): *Manual práctico da lingua galega*. Santiago: Academia Pomba.
Fernández Rodríguez, L. (1987): *Apuntes de galego para o curso de iniciación*. Ourense: Luis Fernández Rodríguez.
González Guerra, A. (1987): *Problemas de lingua*. A Coruña: Vía Láctea.
González Refoxo, M. A., Rábade Castiñeiras, X. C. (1995): *E non chegou a ser palabra… Afixos léxicos: Sufixación e prefixación lexical*. A Coruña: Asociación Sócio-Pedagóxica Galega. (Formato audiovisual).
Harguindey Banet, H. (1999): *A saquetiña da lingua: exercicios de perfeccionamento no galego enxebre*. Vigo: Xerais. (Variedade de lingua popular).
López Taboada, C. (1995): *Do falar e do escribir*. A Coruña: Fontel.
Ogando Valcárcel, V., González Guerra, A. (1987): *Exercicios de lingua*. A Coruña: Vía Láctea.
Pena, X. R., Rosales, M. (1994): *Exercicios de galego urxente*. Vigo: Xerais.

Materiais para a aprendizaxe do léxico:

Costa Casas, X. *et alii* (dir. e coord.) (1990): *Actividades de léxico I*. A Coruña: Bahía.
Costa Casas, X. *et alii* (dir. e coord.) (1990): *Actividades de léxico II*. A Coruña: Bahía.

García, C. (1983): *Recantos da lingua*. A Coruña: La Voz de Galicia.
García, C. (1987): *Follas da lingua*. A Coruña: La Voz de Galicia.
García, C. (1988): *Retrincos da lingua*. A Coruña: La Voz de Galicia.
García, C. (1990): *Cousas da lingua*. A Coruña: La Voz de Galicia.
García, C. (1990): *Cartafol da lingua*. A Coruña: La Voz de Galicia.
García, C. (1991): *Peneirando palabras*. A Coruña: La Voz de Galicia.
García, C. (1993): *Tesouros da lingua*. A Coruña: La Voz de Galicia.
García, C. (1996): *Glosas da lingua*. A Coruña: La Voz de Galicia.
Doural Rocha, A. *et alii* (1996): *Traballando co Léxico 1*. Vigo: Xerais.
Doural Rocha, A. *et alii* (1998): *Traballando co Léxico 2*. Vigo: Xerais.
Doural Rocha, A. *et alii* (1999): *Traballando co Léxico 3*. Vigo: Xerais.
Espiño Amil, M., Sánchez Rodrígez, H. (1990): *Aprender palabras e significados: A léxico-semántica: Aproximación ao seu ensino-aprendizaxe*. A Coruña: Vía Láctea.
Hermida Gulías, C. (coord.) (1995): *Erros do galego: I*. Léxico. Santiago: O Correo Galego.
Iglesias, C. (1992): *Léxico ecopacifista*. Santiago: Sindicato Galego do Ensino e a Investigación.
Otero, D. (1991): *¿Que facer coas palabras?* Vigo: Galaxia.
Rozas Caeiro, A. (coord.) (1980): *Galicia en mapas*. A Coruña: El Ideal Gallego.

Prontuarios ortográficos:

Arias López, V. (1991): *En galego, sen erros*. Santiago: Dirección Xeral de Cultura, Consellería de Cultura, Xunta de Galicia.
Arias López, V. (1991): *Escribir ben*. Santiago: Dirección Xeral de Cultura, Consellería de Cultura, Xunta de Galicia.
Arias López, V. (1993): *Prontuario ortográfico do galego*. Vigo: Edicións do Cumio.
Associaçom Galega da Língua. Comissom Lingüística (1985): *Prontuário ortográfico galego*. A Coruña: AGAL. (Norma reintegracionista)
Dosil López, B. (1996): *Maiúsculas e abreviacións*. Santiago: Dirección Xeral de Promoción Cultural, Consellería de Cultura, Xunta de Galicia.

Dosil López, B. (1997): *Palabras novas e nomes propios*. Santiago: Dirección Xeral de Promoción Cultural, Consellería de Cultura, Xunta de Galicia.
Dosil López, B., Riveiro Costa, X. (1996): *Diccionario de ortografía da lingua galega*. A Coruña: Fontel.
Dosil López, B., Riveiro Costa, X. (1997): *Ortografía galega: Método práctico*. A Coruña: Everest Galicia.
Explicaçons sobre alguns pontos das "Orientaçons para a escrita do nosso idioma". A Coruña: Associaçom Sócio-Pedagóxica Galega (ASPG), 1982.
González Avión, E. *et alii* (1996): *Ortografía da lingua galega*. Vigo: Aba Edicións.
Graña Núñez, X. (1993): *Vacilacións, interferencias e outros "pecados" da lingua galega*. Vigo: Ir Indo. (Variedade de lingua: linguaxe literaria)
Instituto da Lingua Galega / Real Academia Galega (1989): *Vocabulario ortográfico da lingua galega:(versión provisional)* (Edición non venal).
Orientacións para a escrita do noso idioma. A Coruña: Asociación Sócio-Pedagóxica Galega, 1980.
Pena, X. R., Rosales, M. (1987): *Manual de galego urxente*. Vigo: Xerais.
Pérez Recarey, C., Romero Lado, C. M. (1996): *O galego actual: Normas ortográficas-gramaticais da lingua galega*. Santiago: Editorial Noroeste.
Pombo Mosquera, X. A. (1997): *Guía rápida da lingua*. Vigo: Xerais.
Prontuário ortográfico da lingua galego-portuguesa das Irmandades da Fala. Ourense: Associaçom Sócio-Pedagógica Galaico-Portuguesa/ Associaçom Pedagógica Jornadas do Ensino de Galiza/Irmandades da Fala/Associaçom de Amizade Galiza-Portugal, 1984.
Rábade Castiñeira, X. C. (1980): *Normas ortográficas do idioma galego: Texto integro, guía e comentarios*. A Coruña: La Voz de Galicia.
Riveiro Costa, X. (1996): *Signos ortográficos*. Santiago: Dirección Xeral de Promoción Cultural, Consellería de Cultura, Xunta de Galicia.
Riveiro Costa, X. (1997): *Letras e palabras*. Santiago: Dirección Xeral de Promoción Cultural, Consellería de Cultura, Xunta de Galicia.

Riveiro Costa, X. (1997): *Ortografía do texto*. Dirección Xeral de Promoción Cultural, Consellería de Cultura, Xunta de Galicia.

Materiais que traballan a variedade oral da lingua:

Asaka, Takekazu (1994): *[Guía de conversación en galego]*. Tokio: Daigaku Shorin. (Lingua do documento: xaponés)
Costa Casas, X. et alii (1990): *Actividades de expresión oral e escrita*. A Coruña: Bahía.
López Taboada, C., Soto Arias, M. R. (1995): *Así falan os galegos: Fraseoloxía da lingua galega: Aplicación didáctica*. A Coruña: Galinova. (Variedade de lingua: linguaxe coloquial)
Regueira Fernández, X. L. (Coord.) (1998): *Os sons da lingua*. Vigo: Xerais.
Rivas, P. (1992): *Expresións e ditos populares da área mindoniense: Unha proposta didáctica*. Lugo: Deputación Provincial de Lugo. (Variedade de lingua: galego central)

Materiais para traballar o estilo e a redacción:

Harguindey Banet, H., Pazos, X. M. (1995): *Estilo de exercicios para exercicios de estilo*. Vigo: Xerais.
Mouriño Cajide, X. (1995): *Curso de técnicas de expresión escrita*. Oleiros: Editorial Tambre.
Ríos, B. de los, Alba, J. (dirs.) (1985): *Escribir galego: Plan de redacción*. Madrid: S.M.
Rosales Cereijo, M. (1995): *Prácticas gramaticais e construcción de textos*. Vigo: Xerais.

Outros materiais lúdicos que traballan aspectos da lingua:

Gómez Xurxo, S. (1995): *Parchís ortográfico: nivel básico: instruccións, normas básicas, vocabulario*. Vigo: Xerais.

Medrano Martínez, C. (1994): *50 xogos de lingua: técnicas de comunicación oral e escrita*. Vigo: Xerais.
Medrano Martínez, C. (1998): *Outros 50 xogos de lingua: técnicas de comunicación oral e escrita*. Vigo: Xerais.
Vilá, M., Badia, D., Bragado, M. (1992): *Labia, lingua, xogos*. Vigo: Xerais.

No seguinte gráfico ofrecemos esta mesma clasificación, amosando agora a porcentaxe de materiais contabilizados en cada caso.



Á vista do exposto, podemos facernos unha idea de cales foron as prioridades na creación de material didáctico para o ensino non regrado da lingua ata o de agora e cales seguen a ser as grandes lagoas.

Polo que respecta ós manuais de lingua globais, despois de ter revisado os seus índices temáticos, advírtese unha excesiva dedicación a traballar a competencia lingüística simplemente, é dicir, a fornecer o alumno das formas lingüísticas (as da variedade estándar) sen preocuparse polo acto de comunicación en si no que o alumno terá que empregar esas formas. Pero, como xa dixemos reiteradas veces, de pouco serve que o alumno teña adquirida a estructura gramatical e léxica dunha lingua se non está capacitado para iniciar ou manter

con éxito un acto comunicativo, para interpretar os enunciados do seu interlocutor segundo a situación comunicativa na que aparezan, para adaptar os seus propios enunciados ó rexistro e nivel de lingua adecuados, para dotar de coherencia un texto global... Pensamos que nestas lagoas e carencias no ensino da lingua poden estar moitas das claves para entender por qué a competencia lingüística non implica na maior parte dos casos uso real.

Advírtense tamén grandes lagoas na creación de material didáctico para as diferentes linguaxes especializadas. Como pode verse, é á linguaxe administrativa e á xurídica ás linguaxes que se lles presta unha maior atención neste terreo, debido, como xa dixemos, á existencia de cursos presenciais de linguaxe administrativa e xurídica que demandan a existencia deste tipo de materiais.

En canto ós diferentes soportes, a pesar de interesantes e recentes iniciativas, coma o método interactivo *Galingua* (en soporte informático) ou *E non chegou a ser palabra* (en soporte audiovisual), por poñer un par de exemplos, o soporte informático, o sonoro e o audiovisual están nunha evidente desvantaxe respecto do soporte papel. No campo da educación de adultos, onde a autoaprendizaxe é unha modalidade que cómpre ter moi en conta, a creación de material didáctico neste tipo de soportes contribuiría en grande medida a incrementar a calidade deste tipo de ensino, pois estes materiais ofrecerían recursos (son, vídeo, interactividade...) que un manual escrito non pode ofrecer.

No que respecta á planificación de contidos, séguese a botar en falta programacións didácticas onde se teñan en conta variables tan importantes coma:

- Tipo de alumno (castelanfalante, galegofalante, medio urbano, medio rural, monolingüe, práctica lingüística diglósica...).
- Coñecementos lingüísticos previos (nivel de estudios académicos do adulto, grao de coñecemento previo da lingua galega...).
- Tipo de competencia comunicativa que se quere traballar (lingüística, sociolingüística, discursiva, táctica, sociocultural ou social[14]).
- Competencia productiva ou receptiva (interese en que o alumno estea capacitado para producir enunciados comunicativos ou simplemente para comprendelos).
- Variedades (sociais, dialectais, de nivel, de rexistro..) da lingua que queremos traballar.

14. Seguimos novamente a clasificación de Monteagudo, H. et alii (1990).

Como conclusión, diremos en primeiro lugar, que se observa unha evidente prioridade cara ó estudio do corpus da lingua, desatendendo outros aspectos fundamentais do acto comunicativo. Dentro do estudio do corpus, cómpre tamén salientar que o enfoque prescritivo que caracterizou a didáctica da lingua nestes últimos tempos provocou, como consecuencia directa, que a penas se lle prestase atención á oralidade.

Por outra parte, a grande descompensación de materiais didácticos con que contamos para traballar unhas ou outras áreas lingüísticas, deixa ver claramente que nos atopamos diante dunha lingua minorizada, en proceso de normalización, que non rematou aínda o seu proceso de fixación do corpus. En efecto, se seguimos a clasificación en etapas que Haugen[15] establece para o proceso de fixación do corpus dunha lingua, e nos guiamos por este indicador en concreto (a elaboración de material didáctico para o ensino non regrado do galego) observamos que no noso caso teriamos cuberta a primeira das etapas (na que Haugen establece que se traballan os aspectos gramaticais, léxicos e gráficos) pero quedaríanos aínda pendente a segunda (na que segundo este mesmo autor se atenden os diferentes aspectos do desenvolvemento estilístico e terminolóxico).

Na nosa opinión urxe por un lado a creación de material didáctico orientado á autoaprendizaxe, que lle proporcione ó alumno unha competencia comunicativa plena, e por outro a organización dun sistema de ensino para adultos serio e planificado que atenda ás diferentes necesidades xerais ou específicas dos diversos tipos de falantes, reais ou potenciais, e que cree a necesidade de elaboración dun material didáctico de apoio igualmente diversificado.

IV. CONCLUSIÓNS FINAIS

> A maneira de concilia-las diferentes necesidades individuais dos alumnos cun uso económico dos recursos dispoñibles é un dos problemas principais na planificación educativa. (*Nivel Soleira*, 1994)

15. Véxase Lamuela, X., Monteagudo, H. (1996): "Planificación lingüística", en Fernández Pérez, M. (coord.): Avances en... lingüística aplicada. Santiago: Universidade de Santiago de Compostela, 229-302.

Podería dicirse que todo sistema educativo é un método eficaz de socialización do ser humano. Os diferentes gobernos deseñan e planifican estratexias educativas que convertan esa materia prima maleable que son os alumnos nos cidadáns, formados e socializados, do futuro. Pero non nos enganemos, a educación non só serve para formar individuos plenamente capacitados para desenvolverse no medio que os rodea, tamén se emprega para formar individuos que axuden a crear aquela determinada sociedade que os diferentes gobernos desexan. Deste xeito, podería pensarse que se un analizase detidamente un determinado sistema educativo e a súa previa planificación de obxectivos, materias e contidos podería atopar en esencia todos aqueles valores e características da "sociedade tipo" que se pretende acadar.

Pero á vista do analizado, o futuro non semella moi prometedor. Entón, ¿que valores, que intereses, que "sociedade tipo" podemos pensar que se pretende acadar?

Se de algo non queda dúbida ó remate desta investigación é de que nin a educación de adultos en xeral nin o ensino da lingua neste sector social en particular foi nunca prioridade para os diferentes organismos competentes en materia educativa.

Polo demais, ó longo de todas estas páxinas, da análise de todos os datos e das reflexións realizadas a partir desta análise chegamos á conclusión de que ningunha das hipóteses de partida estaba desencamiñada, senón que pola contra capítulo a capítulo fóronse confirmando todos os nosos prognósticos iniciais.

En efecto, a través da análise e comentario da política educativa e o marco legal no que se desenvolve a educación de adultos en Galicia, e no contexto español en xeral, puidemos comprobar a feble estructura, a precariedade de medios e a carencia de planificación deste tipo de formación. Malia que sobre o papel se promove unha educación permanente que lle garanta a todos os cidadáns o seu dereito de aprender durante toda a vida (certo é o dito de que o papel terma de todo o que poñen nel), na práctica ségueselle a dar prioridade ó sistema escolar tradicional relegando a un segundo plano a formación permanente da sociedade adulta.

Polo que respecta ó ensino da lingua galega, a falta de iniciativa institucional durante as décadas dos 60, 70 e parte dos 80 fixo que este ensino tivese que valerse do voluntarismo, o compromiso e a militancia dunha serie de persoas e entidades que durante estes anos organizaron toda unha serie de actividades didácticas (cursos, xornadas, escolas de verán, publi-

cación de artigos en xornais...) encamiñadas a suplir as grandes eivas en ensino do/en galego que caracterizaban ó sistema educativo oficial. Con todo, a inexistencia dun organismo superior que coordinase e planificase todo este fervedoiro de iniciativas que xurdían de xeito espontáneo e illado nos diferentes recunchos da nosa xeografía provocou que finalmente estas non puidesen desembocar nun sistema de educación permanente de adultos firme e estable.

Na década dos 80, a partir da Lei de normalización lingüística (1983), a daquela recentemente creada Dirección Xeral de Política Lingüística sería a encargada de coller o relevo neste tipo de iniciativas orientadas ó ensino non regrado do galego para persoas adultas. Cabía esperar que, aproveitando o froito sementado na época anterior, agora desde os poderes públicos se puxese en marcha un sistema de ensino non regrado da lingua para adultos organizado e estable que partindo dunha planificación lingüística previa chegase de xeito homoxéneo a todos os sectores da poboación. Tal e como se puido comprobar a través da análise realizada ó longo deste informe, as cousas aconteceron de moi diferente xeito.

Só desde unha falta de planificación lingüística previa se entende que cun único producto educativo, os cursos de iniciación e perfeccionamento da lingua, se pretendese cubrir as necesidades de todos os sectores sociais da poboación adulta. Aínda que posteriormente xurdiron iniciativas que diversificaban e especializaban esta educación (os cursos de linguaxe administrativa e xurídica, os cursos para docentes ou os cursos deseñados especificamente para traballadores da CRTVG) os únicos sectores que se viron beneficiados foron os funcionarios da administración pública, os docentes, ou os traballadores de certos medios de comunicación. Os restantes colectivos (traballadores da empresa privada, profesionais liberais, científicos, amas de casa, membros da terceira idade....) tiveron que conformarse cunha formación lingüística xeral e excesivamente gramaticalista que non acababa de contentar a ninguén.

Paralelamente, certos colectivos ou organizacións elaboraron e seguen a elaborar a súa propia proposta de formación non regrada en lingua galega adaptada ás necesidades específicas do alumnado ó que esta vai dirixida. Aínda así, ó non existir mercado arredor destes proxectos, é dicir, un retorno do capital investido, estes teñen que seguir cinguíndose na súa maioría a fontes de financiamento institucional.

¿Cal pode ser a solución a esta latente situación de precariedade?

En primeiro lugar nós tamén consideramos, tal e como afirmaba E. Faure, que o resultado normal do proceso educativo debe ser a educación de adultos, é dicir, que todo sistema de ensino debe garantir unha educación permanente que lle permita ó adulto adquirir sempre novos coñecementos que o capaciten para desenvolverse con éxito nas novas situacións coas que ten que enfrontarse cada día. Este proceso de educación non debe consistir nun simple alongamento do proceso de escolarización infantil, como se estivesemos ante alumnos fracasados que deben volver intentalo, senón que debe entenderse coma unha aprendizaxe continua que poida cubrir as necesidades dunha poboación activa que demanda unha formación especializada adaptada ó seu contexto sociocultural e laboral.

Así, sería dentro deste sistema xeral de educación de adultos onde podería asentarse, coma unha máis das habilidades que o adulto debe dominar, a adquisición dunha competencia comunicativa plena en lingua galega. Para que este proceso se leve a cabo con éxito, consideramos que é imprescindible que estea fundamentado nunha previa planificación da adquisición, a través da cal trate de resolverse, tal e como se apunta no *Nivel Soleira*, un dos principais problemas de toda planificación educativa: a conciliación das necesidades individuais do alumno cun uso económico dos recursos dispoñibles. Ademais, como tamén apuntamos xa no capítulo anterior deste informe, cremos que á súa vez toda planificación da adquisición debe enmarcarse dentro dese ámbito teórico-práctico máis amplo que representa a sociolingüística. A través da sociolingüística obteremos todas aquelas variables (ámbitos de uso da lingua, prácticas lingüísticas dos futuros alumnos, sectores sociais onde cómpre unha actuación máis urxente, métodos posibles para incentivar o esforzo que supón a aprendizaxe...) que determinarán en grande medida o resultado do proxecto que se pretende levar a cabo.

Pensamos tamén que esta planificación debe facerse de tal forma que as accións educativas levadas a cabo cheguen de xeito homoxéneo e global a todos os sectores da poboación. É dicir, establecer prioridades dedicando todos os esforzos a uns determinados sectores (administración, ensino e medios de comunicación de carácter público) deixando totalmente desatendidos outros igualmente transcendentais no proceso de normalización dunha lingua consideramos que comporta uns riscos demasiado elevados. Labov nos seus estudios de variación lingüística consideraba elemento fundamental os diferentes roles sociais que desempeñaba unha mesma persoa. Nestes diferentes roles sociais que desempeña calquera

adulto na súa práctica cotiá cremos tamén que pode estar boa parte da explicación das alternancias de código de carácter diglósico que seguen hoxe a ser as protagonistas de moitas das prácticas lingüísticas dos falantes da nosa lingua. É dicir: normalizar a práctica lingüística dun determinado funcionario cando está a actuar no seu rol de funcionario non implica necesariamente estar a normalizar a súa práctica lingüística xeral. O funcionario pode actuar tamén na súa vida diaria como pai, como cliente do sector hostaleiro, como home de mediana idade, coma habitante dunha grande cidade... Só aumentaremos o número de falantes con prácticas lingüísticas normalizadas cando aumentemos o número de persoas competentes para realizar un acto comunicativo sexa cal sexa o contexto no que se atope e sexa cal sexa o rol social que estea a representar.

Por outra parte, consideramos tamén transcendental a elaboración de material didáctico axeitado para este tipo concreto de aprendizaxe. É importante que os materiais estean deseñados para un tipo de alumno concreto do que coñecemos ben as súas características sociolingüísticas e aquelas necesidades que pretendemos cubrir. Tal e como xa dixemos, a maioría dos manuais cos que contamos pecan dun excesivo enfoque gramaticalista e infravaloran outros elementos decisivos no acto comunicativo, como poden ser a adecuación da variedade de lingua (diatópica, diafásica, diastrática…) ó contexto, a habilidade para iniciar e manter un acto comunicativo, etc.

No caso de alumnos adultos, o grao de coñecementos previos que estes teñan da materia en cuestión será tamén un factor determinante no proceso de adquisición. Así pois, cómpre unha diversificación e especialización tanto de obxectivos didácticos como de destinatarios para os que se deseñan estes obxectivos. O mesmo manual non pode ser útil para un galegofalante e para un castelanfalante, para alguén que quere traballar as destrezas orais e para alguén que precisa só traballar a lingua escrita, para alguén que pretende adquirir unha competencia productiva e para outra persoa que só necesita unha competencia comprensiva… Parece evidente que se as necesidades lingüísticas son diferentes os recursos lingüísticos e didácticos empregados para cubrir esas necesidades deben de ser tamén diferentes.

Para aqueles alumnos que non posúen tan sequera uns coñecementos mínimos de galego cómpre un material didáctico que partindo dun enfoque comunicativo lle axude a adquirir as diferentes competencias dun xeito planificado e progresivo (das formas máis comúns ás menos usuais, das estructuras máis sinxelas ás máis complexas…) Neste labor de

planificación de contidos pode ser de grande utilidade o *Nivel Soleira* (1994), documento dirixido ós ensinantes que, partindo dun enfoque didáctico comunicativo, pretende delimitar cal debe de ser esa competencia xeral mínima para que poida considerarse que o alumno posúe uns coñecementos mínimos ou básicos da lingua galega. Entenden os autores deste documento que o alumno adquiriu un nivel mínimo de lingua "cando adquiriu unha competencia pola cal é capaz de 'autoalimentarse', é dicir, que é susceptible de se superar sen intervención didáctica organizada, ou de comunicar en situacións para as que non foi especialmente adestrado." (páx. 10)

Así, no momento en que contemos cun sistema de educación de adultos serio e estable que forme de xeito continuo e permanente persoas competentes para comunicarse en galego en calquera contexto ou situación, estaremos a contribuír en grande medida no proceso de normalización da nosa lingua. Cáles poden ser os factores determinantes para que esa competencia comunicativa se transforme finalmente en uso ou cáles son as posibilidades reais de planificación dese uso son interesantes cuestións que nesta ocasión quedan sen resolver.

Polo que a nós respecta, esperamos cando menos ter contribuído con este modesto traballo á recuperación dunha parte da historia non escrita da nosa lingua, aínda que sen dúbida a maior recompensa sería que tanto estas reflexións coma outras que puidesen xurdir a partir delas fosen dalgunha utilidade para quen realmente ten o poder e os medios para cambiar as cousas, xa que como A. Chalmers apuntaba é importante saber que "a investigación non só consiste en falar do mundo, senón en actuar sobre el".

ANEXO I: TEMARIOS DOS DIFERENTES CURSOS PRESENCIAIS COMENTADOS

I.a. *Temario do Curso de Lingua Galega para Alfabetizar Adultos organizado polo Concello de Redondela en colaboración co ILG*

1. A formación do galego.
2. Áreas xeográficas do galego. Variantes dialectais. O galego normativo.
3. Variantes sociais do galego. Bilingüismo e Diglosia.

4. Cuestións prácticas: o sistema consonántico e o sistema vocálico. O acento. A entoación.
5. Cuestións prácticas sobre o nome e o adxectivo (xénero, número, gradación...)
6. Cuestións prácticas sobre o artigo. Contraccións. Demostrativos. Posesivos.
7. Cuestións prácticas sobre numerais, indefinidos, relativos, interrogativos e exclamativos.
8. Cuestións prácticas sobre o pronome persoal e a colocación das formas átonas.
9. Cuestións prácticas sobre o verbo: paradigmas.
10. O verbo (2): casos particulares. Formas nominais. O infinitivo persoal.
11. O verbo (3): verbos irregulares.
12. Os adverbios.
13. Preposicións e conxuncións.
14. Cuestións prácticas sobre estructuras sintácticas propias do galego.

Temas impartidos verbo da cultura e literatura galegas:
1. Orixes e formación da cultura galega.
2. O Século de Ouro da Idade Media.
3. O Rexurdimento no século XIX.
4. As nosas letras no século XX.

I.b. *Temario do Curso de Iniciación da Lingua Galega (DXPL)*

Tema 1

Elementos gramaticais: presente de indicativo e subxuntivo dos verbos ser, estar e ir; o abecedario; os números ata vinte; locucións para expresar proximidade; perífrase ir + infinitivo.
Léxico: o tempo atmosférico; a expresión da identidade e lugar de nacemento; a expresión da situación dunha persoa ou dun obxecto con respecto a outro.

Tema 2

Elementos Gramaticais: presente de indicativo e subxuntivo dos verbos facer, dicir e haber; as contraccións de artigo máis preposición; os números de vinte en diante; os adverbios de tempo; perífrase haber (de) + infinitivo.
Léxico: os oficios; a división do tempo.

Tema 3
Elementos gramaticais: presente de indicativo e subxuntivo dos verbos vir, ver e ter; o timbre das vocais medias tónicas e, o; as locucións prepositivas cabo de, xunta, onda, en cas de, canda; os adverbios de lugar; as contraccións dos demostrativos coas preposicións de e en; os valores da partícula "daquela"; a perífrase ter que + infinitivo.
Léxico: os nomes de parentesco, a comida.

Tema 4
Elementos gramaticais: presente de indicativo e de subxuntivo dos verbos poñer (ou pór), dar e saber; as preposicións deica e ata; as contraccións dos indefinidos coas preposicións de e en; a perífrase dar + participio.
Léxico: a cociña; a cidade; dobretes: segredo/secreto.

Tema 5
Elementos gramaticais: presente de indicativo e subxuntivo dos verbos valer, poder e querer; locucións adverbiais de modo I: ás presas, ás carreiras, a escape, a modo, de vagar; as preposicións segundo e cara a; a perífrase poder + infinitivo.
Léxico: os valores de "xeito"; a roupa; as cores.

Tema 6
Elementos gramaticais: o pronome de solidariedade; as terminacións dos verbos regulares; os tempos de perfecto do verbo andar; o artigo e o posesivo; a construcción de meu, de seu, etc.; as perífrases estar + xerundio e andar + xerundio e estar-andar a / para + infinitivo.
Léxico: o diálogo por teléfono; o enderezo.

Tema 7
Elementos gramaticais: os tempos de pasado dos verbos ir, ser e estar; os adverbios de lugar; locucións adverbiais de modo II: ás toas, a feito, ó chou, etc.; contraccións do pronome tónico el / ela coas preposicións de e en; contracción de todos, ambos, entrambos, mais e tras co artigo determinado; a perífrase botar(se) + a +infinitivo.
Léxico: vocabulario referente ó corpo humano: a cabeza.

Tema 8
Elementos gramaticais: tempos de pasado dos verbos dicir, facer e haber; os pronomes átonos de segunda persoa: te e che; adverbios de dúbida; as segundas formas do artigo; a perífrase haber (en pasado) + (de) + infinitivo.
Léxico: a expresión da incerteza e da dúbida; dobretes: luar/lunar – xeral/xeneral.

Tema 9
Elementos gramaticais: o adverbio interrogativo u; os adverbios de lugar; tempos de pasado dos verbos vir, ver e ter; os pronomes átonos de terceira persoa I: o(s), a(s); as partículas ben e mesmo; a perífrase ter + participio.
Léxico: vocabulario referente ó corpo humano; adxectivos e substantivos aplicados a persoas; dobretes: sé/sede.

Tema 10
Elementos gramaticais: tempos de pasado dos verbos poñer, saber e dar; os pronomes átonos de terceira persoa II: o(s), a(s); locucións adverbiais de tempo: a miúdo, de cando en vez, etc.; palabras que teñen os ditongos ie e ue; grupos consonánticos con r; a interrogación e a exclamación; a perífrase verse + participio.
Léxico: vocabulario sobre o material de clase.

Tema 11
Elementos gramaticais: o xénero dos nomes; tempos de pasado dos verbos poder, querer e caber; o pronome átono de terceira persoa III: o(s), a(s); a partícula mais; o obxecto directo introducido polas preposicións por, con e en; a perífrase ser a + infinitivo.
Léxico: os significados de coller e recoller, maneiras para pedir algo, dobretes: artigo/artículo/artello – regra/regular/rella/reixa.

Tema 12
Elementos gramaticais: o participio; substantivos derivados de verbos; o pronome che en función de obxecto indirecto; a formación do futuro e do futuro hipotético; a formación do plural; adverbios e locucións adverbiais de modo III: adrede, a mantenta, asemade, etc.; a

construcción perifrástica coller, agarras, ir(se) + e + verbo no mesmo tempo có anterior.
Léxico: a praza de abastos.

Tema 13
Elementos gramaticais: os morfemas de xénero para a expresión doutros valores; os pronomes átonos de terceira persoa: lle e lles; verbos que acaban en –aer, -aír, -oer e –oír; preposicións e locucións prepositivas: por causa de, por mor de, salvo, agás, etc.; a perífrase volver + (a) + infinito.
Léxico: a fauna e a flora.

Tema 14
Elementos gramaticais: a comparación, verbos como sentir e durmir; locucións prepositivas: en troques, en vez de, no canto de, en lugar de; os sufixos –án / -á, -án / -ana e –ano, -ana; a colocación dos pronomes cos indefinidos; a perífrase dar en + infinitivo.
Léxico: os xentilicios.

Tema 15
Elementos gramaticais: o infinitivo conxugado, as locucións prepositivas: amais de, ademais de, á parte de; verbos que rematan en –uír e –cer, -cir; a reflexividade de certos verbos; a perífrase chegar a + infinitivo.
Léxico: a expresión da necesidade.

Tema 16
Elementos gramaticais: as regras de acentuación; os sufixos –tade, -dade e –de; os sufixo –mento; a terminación –ón / -ona, -oa; os sufixos gregos –sis e –tis; as preposicións preto, encol e perante; os verbos crer, ler e rir; verbos da segunda conxugación: bater, verter, discorrer, etc.; os verbos como advertir; a construcción en + xerundio.
Léxico: as palabras cultas e os substantivos abstractos.

Os contidos e actividades específicas para os cursos de adultos, amas de casa, asociacións culturais e colectivos de veciños eran os seguintes:

Proposta para o uso oral; recolla e espallamento de adiviñas, refráns, coplas e contos populares; diccionario; historieta; a instancia; a denuncia; a declaración xurada; convite; a tarxeta postal; carta familiar; carta amigable; castas ó director (I); cartas ó director (II); convite para un casamento (I); convite para un casamento (II); menú de casamento; recordatorio (I) nacemento; recordatorio (II) primeira comuñón; recordatorio (III) enterro; recordatorio (IV) cabodano; necrolóxica; necrolóxica de cabodano; xogos; a nosa flora; a nosa fauna; o telegrama; unha solicitude.

I.c. *Temario do Curso de Perfeccionamento da Lingua Galega (DXPL)*

Tema 1
Elementos gramaticais: o sistema vocálico; acento diacrítico; o pronome de solidariedade; o pronome posesivo; conxugación dos verbos como durmir; verbos reflexivos que perden a reflexividade cando aparece o obxecto directo; verbos con dobre participio: regular e irregular.
Léxico: os xentilicios; os oficios e as profesións.

Tema 2
Elementos gramaticais: o sistema consonántico; as regras de acentuación; os números cardinais; locucións prepositivas que expresan relación de proximidade: xunta a, cabo de, á beira de, etc.; os pronomes átonos de terceira persoa: o(s), a(s), lle(s); perífrases que indican o comezo inmediato dunha acción: comezar-empezar-poñerse a +infinitivo e dar en +infinitivo.
Léxico: o servicio para comer, a comida.

Tema 3
Elementos gramaticais: as contraccións coas preposicións de, en, con, por e a; as contraccións de todos, ambos, entrambos, mais e tras co artigo determinado; conxugación dos verbos como sentir; a construcción coller, agarrar, ir+e+outro verbo que concorda cos anteriores en tempo, número e persoa; os pronomes átonos de primeira e segunda persoas; me, nos, te, che e vos; perífrases que indican duración e futuridade: estar+xerundio e ir+infinitivo.
Léxico: o piso e a cidade.

Tema 4
Elementos gramaticais: a reflexión nominal I: nomes de dous xéneros con flexión; o verbo I: o presente de indicativo e de subxuntivo e o imperativo; os pronomes reflexivos; verbos que introducen o obxecto directo coa preposición con; a reflexividade como causante do cambio de significado en certos verbos; perífrases verbais: a expresión da posibilidade: deber (de)+infinitivo, e a expresión da acción recentemente acabada: acabar de+infinitivo.
Léxico: os espectáculos, os enredos.

Tema 5
Elementos gramaticais: a flexión nominal II: nomes de dous xéneros con flexión (continuación); o verbo II: o pretérito perfecto e o imperfecto; contracción de pronomes; a segunda forma do artigo; valores do adverbio logo; perífrases verbais que indican obrigación: ter+que+infinitivo, deber+(de)+infinitivo, haber+(de)+infinitivo, haber+que+infinitivo.
Léxico: a roupa; a persoa.

Tema 6
Elementos gramaticais: a flexión nominal III: valores non sexuais dos morfemas de xénero; o verbo III: o futuro e o futuro de pretérito; os pronomes átonos de terceira persoa coas formas verbais que acaban en ditongo decrecente e en –n; verbos que introducen o obxecto directo coa preposición en; o uso do artigo coas construccións de posesivo máis nome de parentesco; as construccións detrás miña-detrás de min; perífrases verbais: a continuación dun proceso anterior: seguir+xerundio, e a expresión de que o proceso chegue ou non ó seu fin: dar + infinitivo.
Léxico: os labores do campo; os accidentes topográficos.

Tema 7
Elementos gramaticais: a flexión nominal IV (substantivos de dous xéneros sen flexión); o verbo IV (o infinitivo conxugado); as formas oblicuas dos pronomes persoais; as conxuncións distributivas e disxuntivas; a construcción de meu, de teu…; perífrases verbais (a expresión da acción realizada: ter + participio, e expresión da reiteración: volver (a) + infinitivo)
Léxico: a fauna; a flora.

Tema 8
Elementos gramaticais: a flexión nominal V (o xénero inmotivado); o verbo V (o xerundio e o participio); os pronomes demostrativos; as preposicións segundo, agás, salvo, sobre, e as locucións prepositivas por causa de, por culpa de, por mor de.
Léxico: os transportes; rutas turísticas.

Tema 9
Elementos gramaticais: a flexión nominal VI (a gradación); adverbios e locucións adverbiais de dúbida e tempo; os pronomes indefinidos; as locucións prepositivas en vez de, no canto de, en lugar de, no sitio de; valores de sufixo –iño/-a.
Léxico: as viaxes turísticas.

Tema 10
Elementos gramaticais: a flexión nominal VII (o número); os adverbios de lugar e os adverbios e locucións adverbiais de modo e cantidade: os pronomes relativos, interrogativos e exclamativos; a conxugación de verbos como conferir; a preposición cara a seguida dun adverbio que empece por a.
Léxico: obxectos da clase; o ensino.

Os contidos e actividades específicas para os cursos de adultos, amas de casa, asociacións culturais e colectivos de veciños eran os seguintes:

Propostas para o uso oral; recolla e espallamento de lendas, cántigas, ditos, expresións, maios...; historieta; inicio á investigación histórica; análise do medio; de costura e corte; o *currículum vitae*; o recurso; convocatoria a sesións; a acta; o saúdo; a carta comercial; a instancia, receitas de cociña; programa dunha festa popular, anuncios para xornal; anuncios para murais; o castelo de Soutomaior; Campo Lameiro: capital da arte rupestre.

I.d. *Programa do Curso Superior de Linguaxe Xurídica*

1. Lingua e comunicación
1.1. Lingua e comunicación

1.1.1. Lingua e comunicación
1.1.2. Lingua e comunicación
1.1.3. A oralidade na lingua
1.2. Linguas especiais
1.2.1. A linguaxe técnica
1.2.2. A linguaxe xurídica
1.2.3. Mecanismos de creación de palabras
1.2.4. Contactos e préstamos lingüísticos
1.2.5. A escrita telegráfica
1.2.6. Uso non discriminatorio da linguaxe
1.3. Morfoloxía
1.3.1. Os signos de puntuación
1.3.2. O emprego das maiúsculas
1.3.3. A presencia das abreviaturas na linguaxe xurídica
1.4. O marco legal
1.4.1. Dereitos lingüísticos e dereitos do home
1.4.2. O galego na Administración de xustiza
1.4.3. A linguaxe xurídica nas súas relacións co cidadán
1.4.4. A toponimia galega
1.4.5. Antroponimia
2. Comentario de textos
2.1. Comentario de textos e exercicios prácticos
3. Apéndice documental
3.1. O xuízo executivo
4. Vocabulario
4.1. Vocabulario xurídico cronolóxico

I.e. *Curso de Linguaxe Administrativa para o Persoal dos Grupos "A" e "B" (EGAP)*
Primeira parte:
1. Encadramento da linguaxe administrativa entre as diferentes variedades lingüísticas
2. Caracterización da linguaxe administrativa

3. A redacción administrativa tradicional
4. Propostas (en Galicia e noutras administracións) para a renovación da linguaxe administrativa. Os movementos internacionais a prol dunha linguaxe sinxela e eficaz
5. Principais puntos de interese
5.1. Ortografía e puntuación dos textos
5.2. Morfosintaxe
5.3. Léxico e terminoloxía
5.4. Fraseoloxía
5.5. Estilo

Segunda parte:
1. Análise documental (oficios, cartas, certificacións, notificacións…)
1.1. Estructura formal dos documentos (encabezamento, corpo, pé, sinatura…)
1.2. Corrección lingüística

I.f. *Curso de Linguaxe Administrativa para o Persoal dos Grupos "C", "D" e "E" (EGAP)*

Primeira parte:
1. Encadramento da linguaxe administrativa entre as diferentes variedades lingüísticas
2. Caracterización da linguaxe administrativa
3. A redacción administrativa tradicional
4. Propostas (en Galicia e noutras administracións) para a renovación da linguaxe administrativa. Os movementos internacionais a prol dunha linguaxe sinxela e eficaz
5. Principais puntos de interese
5.1. Ortografía e puntuación dos textos
5.2. Morfosintaxe
5.3. Léxico e terminoloxía
5.4. Fraseoloxía
5.5. Estilo

Segunda parte:
1. Análise documental (oficios, cartas, certificacións, notificacións…)
1.1. Estructura formal dos documentos (encabezamento, corpo, pé, sinatura…)
1.2. Corrección lingüística

I.g. *Curso de Linguaxe Administrativa Galega (DXPL)*

Nivel básico:
1. Historia externa do galego I: do latín á actualidade
1.2. A Idade Media (ss. XII-XV)
1.3. Os Séculos Escuros
1.4. O Século XIX
1.5. O Século XX
2. Disciplinas Lingüísticas
2.1. Variantes diatópicas
2.2. Variantes diacrónicas
2.3. Variantes diastráticas
2.4. Variantes diafásicas
3. Axuda gramatical e ortográfica
4. O léxico (o tempo cronolóxico, o tempo atmosférico, os oficios e as profesións, a vivenda, medios de transporte, a oficina, vocabulario abstracto, o corpo humano, a familia, o ensino, os medios de comunicación…)
5. Redacción e estilo
6. A comunicación administrativa (carta de presentación, currículo, anuncio, aviso, convocatoria, invitación, solicitude, instancia…)
7. Ferramentas de traballo (diccionarios, normas ortográficas e morfolóxicas da lingua galega, gramática da lingua galega.

Nivel medio:
1. Historia externa do galego II: o marco legal
2. Disciplinas lingüísticas: sociolingüística (I)

3. Axuda gramatical e ortográfica
4. Léxico (o medio urbano, economía, as artes, a igrexa e o exército, a informática, léxico administrativo e xurídico, interferencias formais e semánticas entre o galego e o castelán, sinónimos e antónimos…)
5. Redacción e estilo
6. A comunicación administrativa
6.1. A relación co cidadán (I): comunicación oral
6.2. Documentos: oficio, carta, certificado, dilixencia, notificación, citación
7. Ferramentas de traballo: manuais sobre linguaxe administrativa, vocabularios de linguaxe administrativa, nomenclátores, publicacións periódicas

Nivel superior:
1. Historia externa da lingua galega. A linguaxe administrativa: historia e caracterización
2. Disciplinas lingüísticas: sociolingüística (II)
3. Problemas concretos de gramática
4. Léxico (evolucións cultas, semicultas e patrimoniais; familias léxicas irregulares, sufixos e terminacións, a toponimia, léxico administrativo e xurídico (II), locucións e fórmulas fixas, latinismos)
5. Redacción e estilo
6. A comunicación administrativa
6.1. A relación co cidadán (II): comunicación escrita (publicidade institucional, taboleiros informativos, indicadores, páxinas web)
6.2. Documentos: acta, resolución, acordo, convenio, informe, memoria, denuncia, saúdo
7. Ferramentas de traballo: correctores ortográficos, ortografía, institucións relacionadas

I.h. *Curso de lingua galega para non galegofalantes. (Servicio de Normalización Lingüística da USC)*

Nivel elemental:
Lección 1: saúdos; presentacións; nacionalidades; verbos SER e ESTAR; o abecedario; numerais ata dez; léxico do corpo humano

Lección 2: dar información persoal; estado civil, profesións, verbos HABER e TER; pronomes persoais; numerais de once a vinte; léxico de lugares de traballo
Lección 3: nomes de parentesco; árbore xenealóxica; horas; verbos DAR e DICIR; posesivos; numerais de 21 a 30; léxico de pezas do vestiario
Lección 4: descrición de lugares; situación de Santiago; pronuncia do *X*; verbos DICIR e QUERER; demostrativos; numerais de 30 a 100; léxico
Lección 5: partes da casa; enderezos; singular e plural; verbos POÑER e OÍR; ordinais ata décimo; léxico de utensilios de cociña
Lección 6: adverbios de lugar; nomes das comidas; verbos LER e PODER; plural das palabras que rematan en –L; léxico das comidas
Lección 7: hábitos ¿que che gusta?; traballo ¿de que traballas?, días da semana; ¿onde?; ¿que xornal les?
Lección 8: nomes de comidas e bebidas; ¿onde comprar?; cantidades (canto, cantos)
Lección 9: ¿onde está a parada do bus?; mapa; encontra-la dirección nas cidades; ¿por que dirección teño que ir?; dicir como se sente un
Lección 10: o tempo atmosférico; o tempo en Galicia; nunca/sempre; adverbios (hoxe, mañá, etc.)
Lección 11: descrición física das persoas; as cores; parecidos/roupa/complementos; partes do corpo
Lección 12: historia persoal, currículum vitae
Lección 13: ir de compras; ¿que é isto?; nunha tenda comprando; viaxar en tren, bus, etc., buscar información, verbo Ser (perfecto)
Lección 14: diferencias; comparativas; verdadeiro/falso, superlativo; ¿mesmo ou diferente?
Lección 15: algo de historia; hai anos…; ¿cando sucedeu isto?; ¿onde naceu Descartes?; ¿quen?; ¿como?; ¿que?; ¿cal?; ¿cando?…
Lección 16: información persoal; expresións de estar de acordo e en desacordo
Lección 17: podes deixarme algo de azucre; posesivos; pronomes átonos
Lección 18: ¿que acontece?; vocabulario de postais; tempo/adxectivos/lugares/bebidas; as cousas que cambian (o tempo, os prezos…)
Lección 19: facer, rexeitar e aceptar invitacións e suxestións; ir a…; encontrámonos en tal lugar

Lección 20: iniciar conversacións; expresar interese; preguntar, opinar, etc.
Lección 21: instruccións; ¿como facer?; ter coidado; dentro, fóra, derriba, enriba; ¿onde estás?; o adverbio "u"
Lección 22: nun hotel; nun aeroporto
Lección 23: coñecendo o futuro; esta será a miña/nosa casa; ¿que pensas facer esta tarde?; irei a…; ¿por que vas a eses lugares?
Lección 24: sentimentos; ¿como te sentes cando ves…?
Lección 25: movementos e acción; montar (cabalo, moto); conducir; voar, pilotar; andar; por favor fale a modiño

Nivel de competencia:
Lección 1: lectura; exercicios sobre a lectura; os signos de puntuación; ortografía e dúbidas: letras non propias do alfabeto galego; léxico
Lección 2: lectura; exercicios sobre a lectura; a entoación; ortografía e dubidas: s/x, x/ll/i; léxico
Lección 3: lectura; exercicios sobre a lectura; a fonética, ortografía e dúbidas: b/v; léxico
Lección 4: lectura; exercicios sobre a lectura; perífrases verbais; ortografía e dúbidas: usos do h; léxico
Lección 5: lectura; exercicios sobre a lectura; infinitivo conxugado; ortografía e dúbidas: co/có/que o/ que ó; léxico
Lección 6: lectura; exercicios sobre a lectura; adverbio I; ortografía e dúbidas: palabras homófonas
Lección 7: lectura; exercicios sobre a lectura; adverbio II; ortografía e dúbidas: porque, por que / porqué
Lección 8: lectura; exercicios sobre a lectura; preposición; ortografía e dúbidas: artigo e contraccións; léxico
Lección 9: lectura, exercicios sobre a lectura, conxunción, ortografía e dúbidas: acento diacrítico; léxico
Lección 10: lectura, exercicios sobre a lectura; uso dos tempos verbais; ortografía e dúbidas: préstamos, léxico
Lección 11: lectura; exercicios; tipos de oracións: interrogativas, desiderativas…; ortografía e dúbidas: grupos cultos; léxico

Lección 12: lectura, exercicios sobre a lectura; partitivos, multiplicativos e colectivos; ortografía e dúbidas: grupos cultos (II); léxico
Lección 13: lectura; exercicios sobre a lectura; uso do diminutivo; ortografía e dúbidas: grupos cultos (III); léxico
Lección 14: lectura; exercicios sobre a lectura; linguaxes de especialidade; ortografía e dúbidas: a división silábica; léxico
Lección 15: lectura; exercicios sobre a lectura; cuantificadores, *Appendix Probi* elemental; ortografía e dúbidas: castelanismos; léxico

I.i. C*urso de lingua galega para persoal docente e investigador. (Servicio de Normalización Lingüística da USC)*

1. Acentuación
2. Sufixos e terminacións
3. Formación do plural
4. Formación do feminino
5. Artigo
6. Pronome
7. Posesivo
8. Demostrativo
9. Cuantificadores e identificadores
10. Relativos
11. Verbos
11.1. Verbos regulares (1)
11.2. Verbos regulares (2)
11.3. Verbos regulares (3)
11.4. Verbos irregulares
11.5. Perífrases verbais
12. Adverbios

13. Preposicións
14. Conxuncións
15. Léxico
16. Sintaxe

I.k. *Curso de linguaxe administrativa (Servicio de Normalización Lingüística da USC)*

1. A linguaxe administrativa
1.1. Definición
1.2. Breve visión histórica
1.3. Características
1.4. A linguaxe administrativa galega moderna
